



Sección de Lingua / Seminario de Onomástica

Toponimia de Carnota

Alfonso Blanco Quintela

Colección Terra Nomeada



Asociación Galega de Onomástica



REAL ACADEMIA GALEGA

Alfonso Blanco Quintela

Toponimia de Carnota

Consello de redacción
da colección **Terra Nomeada**

Ana Boullón (Real Academia Galega, Universidade de Santiago de Compostela)

Luz Méndez (Real Academia Galega)

Gonzalo Navaza (Real Academia Galega, Universidade de Vigo)

Antón Palacio (Real Academia Galega, Universidade de Vigo)

Edita:

Real Academia Galega

© Real Academia Galega

© Alfonso Blanco Quintela

Fotografías:

© Alfonso Blanco Quintela

Portada:

“Praia. Carnota” (1992)

Fondo *Fotografía Aérea y Terrestre S.L.*

Arquivo Dixital de Galicia

Mapa:

© Ángel Duarte Campos
Xeosfera.com

Maquetación:

Real Academia Galega

Impresión:

Lugami Artes Gráficas

A Infesta, 96. 15319 Betanzos

ISBN: 978-84-17807-54-2

Depósito Legal: C 1976-2025

<https://doi.org/10.32766/rag.457>

Co apoio de:



**REAL
ACADEMIA
GALEGA**



Asociación Galega
de Onomástica



**Deputación
DA CORUÑA**

Introdución

O concello de Carnota está situado no suroeste da provincia da Coruña, ao norte da ría de Muros e Noia. Limita cos municipios de Dumbría, Mazaricos e Muros, e con este último forma a comarca de Muros. A súa superficie aproximada é de 70,9 km², e está repartido en cinco parroquias, que enumeramos por orde alfabética: Lariño (San Martiño), Lira (Santa María), O Pindo (San Clemente), San Mamede de Carnota e Santa Comba de Carnota. Segundo datos do Instituto Galego de Estatística (IGE), en 2024 tiña 3 809 habitantes, e leva varias décadas perdendo poboación de maneira progresiva, como se pode ver na seguinte táboa:

Táboa 1. Evolución da poboación do concello de Carnota

1991	2001	2005	2009	2013	2015	2019	2024
6 795	5 480	5 244	4 938	4 504	4 284	3 957	3 809

A principal característica orográfica é a gran chaira situada na parte central do concello, limitada ao leste por un continuo montañoso que forma un anfiteatro natural orientado ao mar. Cara ao oeste, polo bordo do océano, esténdense numerosos areais ao longo de 30 km, e a maior das praias, a coñecida como *praia de Carnota*, supera os 7 km de lonxitude. Contra o norte da devandita cadea de montañas destaca o macizo do monte do Pindo, de 627 m de altura no seu punto máis alto, mentres o resto dos cumios, dispostos na dirección leste-sueste, alcanzan cotas entre os 350 e os 500 m, constituíndo os límites cos municipios de Muros e Mazaricos.

Os ríos máis longos e caudalosos son o Vadebois e o de Pedrafigueira, aínda que a corrente fluvial máis importante é a do río Xallas, que delimita o concello polo norte e que desemboca nun salto de auga no linde entre este municipio e o de Dumbría.

O clima propio do territorio é do tipo oceánico húmido, con temperaturas suaves (12-13°C de media anual) e precipitacións abundosas (entre 1 600 e 1 800 mm por ano nas áreas máis elevadas), favorecidas polo réxime de ventos dominantes do suroeste e pola proximidade entre o mar e os altos relevos interiores; con todo,

o verán é un período de marcada seca. As temperaturas son moderadas grazas á influencia amortecedora do mar: a media do inverno non é inferior a 7°C, mentres que a do verán está próxima aos 22°C.

Nos terreos baldíos, desprotexidos dos fortes ventos, a vexetación é de tipo baixo, e inclúe diferentes variedades de toxo, a queiruga e a xesta, como se pode ver, sobre todo, na contorna do monte do Pindo, sometido á intensa acción erosiva dos elementos naturais. Cómpre mencionar que esa masa pétrea e a súa área circundante están catalogadas como Zona de Especial Conservación dentro da Rede Natura 2000, de ámbito europeo. Ademais, a Asociación Monte Pindo Parque Natural leva desde 2010 reclamando a declaración deste espazo como parque natural, coa idea de aumentar o seu nivel de protección e conter a súa decadencia ecolóxica.

Tocante ao arborado, e como acontece en moitas bisbarras da Galicia costeira, hai tempo que neste concello a maioría dos exemplares antigos de carballos, bidueiros e castiñeiros retrocederon en favor de especies introducidas pola man humana, como o piñeiro marítimo e o eucalipto, preferidos pola súa maior rendibilidade económica a curto prazo.

Os núcleos de poboación están situados en altitudes inferiores aos 150 m, agás cinco aldeas, nomeadas comunmente pola poboación como *as da montaña*, localizadas entre os 300 e os 350 m de altitude (Adraño, Cubelo, O Outeiro, Os Vilares e Xestoso). Neste aspecto, e como acontece con outros lugares da Galicia costeira, a actual querenza por construír na chaira próxima ao mar ofrece unha imaxe ben diferente da que existiu en tempos pasados; en efecto, séculos atrás a poboación optaba por establecerse en zonas cunha certa elevación, para así protexerse de posibles incursións de rapina, viñesen estas por vía terrestre ou marítima.

Historicamente, na economía da zona predominou o sector primario (agricultura, gandería e pesca). Unha proba da importancia da actividade agrícola son os 884 hórreos (na zona chamados maiormente *cabaceiras*) rexistrados no concello. Edificados en pedra (material que substituíu a madeira, empregada con anterioridade), proliferaron sobre todo a partir do século XVII, coa extensión do cultivo do millo, chegado do continente americano. Como é coñecido, no municipio hai dous exemplares sobranceiros destas construcións (os maiores de Galicia), nas parroquias de Lira e de Santa Comba de Carnota, e dos cales daremos máis información nas entradas dedicadas a eses dous topónimos.

O sector secundario non apareceu, polo que parece, ata a instalación de grandes salgaduras por iniciativa de industriais cataláns. Estes comezaron a fundar en Carnota fábricas de procesamento de peixe —maiormente sardiña— a principios do XIX, algo máis tarde que en Muros, Noia, Fisterra ou Corcubión. Foi contra 1810 cando apareceron polo concello empresarios cataláns, algúns deles de segunda xeración, nados xa en Galicia e fillos dos primeiros emprendedores, na súa maioría establecidos en Vigo. No *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar* de Pascual Madoz recóllense nove salgaduras para

o termo municipal, distribuídas entre as parroquias de Lira (catro) e San Mamede (cinco). Co tempo chegaron a ser 17, repartidas entre Portocubelo (Lira), Quilmas e O Pindo, tendo en conta que estes dous últimos lugares pertencían daquela á parroquia de San Mamede de Carnota: ata 1971 O Pindo non se constituíu en freguesía de seu, na cal están integrados hoxe os lugares maiores de Quilmas, O Porto de Quilmas e A Curra (para máis detalles, ver a entrada *Pindo, O*).

A partir de mediados do século xx, a actividade vencellada ás salgaduras foi esmorecendo polo esgotamento da materia prima, e a economía do concello sufriu un duro golpe. É certo que no decurso do século xx a construción experimentou un pulo de certa importancia (xa nas centurias anteriores, e dentro dun contexto máis artesanal, tiveron moita sona os canteiros de Carnota), e igualmente outros sectores vencellados á explotación turística veñen medrando dun xeito progresivo nas últimas décadas. Porén, todo isto non evitou que, desde hai máis de catro decenios, o concello de Carnota veña exportando unha boa cantidade de man de obra, o que explica a perda de poboación que viamos na táboa do principio. Con todo, desde hai algúns anos estase detectando un certo retorno dos naturais da zona, aínda en idade de traballar, así como a chegada de poboación procedente do centro e do norte de Europa na busca dunha vida tranquila e en contacto coa natureza. Neste último caso, o proceso viuse favorecido pola crecente fama das paisaxes carnotás, en gran parte aínda virxes, así como pola repercusión mediática do desastre do petroleiro *Prestige* no ano 2002.

O territorio do actual concello de Carnota sitúase na área en que o militar, historiador e naturalista romano Gaio Plinio Secundo, coñecido como Plinio o Vello (c. 23-79 d. C.), situou unha tribo céltica —ou celtizada— chamada *Supertamarci*. Para a maioría dos estudosos, esta denominación designa un colectivo que se atopaba ‘por riba do río Tambre’, ou sexa, ao norte da corrente fluvial, distinguíndose así dos que o autor romano chama *Praestamarci* (‘os que están antes do río Tambre’). Porén, o lingüista Carlos Búa pensa que a preposición latina *super* non indica aquí unha situación a este ou aquel lado do río, senón máis ben unha localización no seu curso alto. En todo caso, os *Supertamarci* non deixaron pegada na toponimia actual, ao revés que os *Praestamarci*, nome que na Idade Media evolucionou a *Pis-tomarchos*, *Pestomarcos* ou *Postomarcos*, e que perdura no nome do arciprestado de *Posmarcos* e mais no da parroquia homónima da Pobra do Caramiñal.

Tras a perda do dominio romano sobre a Península Ibérica, o noroeste pasou á man do pobo xermánico dos suevos, que fundaron o seu reino na primeira metade do século v e o mantiveron ata finais da seguinte centuria, en que o seu territorio quedou integrado na monarquía visigoda. Desta época é un documento moi importante, o coñecido como *Parroquial suevo*, que amosa como era a división administrativa (maiormente eclesiástica) da Galicia da época, moito máis extensa que a actual. Carnota non vén mencionada, pero caía dentro do distrito de *Celticos*, dependente da diocese de Iria Flavia: nesa denominación advírtese a presenza antiga de poboación celta ou celtizada na bisbarra. A circunscrición abranguea os

territorios comprendidos entre o curso medio-baixo do río Tambre e os que se atopaban sobre o río Xallas: nel entraban os actuais municipios de Carnota, Muros, Mazaricos, Outes, Negreira, e sectores dos de Tordoia, Trazo, Val do Dubra, Santa Comba e A Baña. O topónimo maior *Vilar de Céltigos*, na parroquia de Grixoa (Santa Comba), explicase como pegada dese antigo distrito suevo.

Sabido é que nos inicios do século VIII os musulmáns do norte de África entraron na Península Ibérica, en principio para apoiar os fillos do rei visigodo Vitiza na súa pugna con Rodrigo, o outro candidato ao trono. Os mahometanos non tiveron demasiado interese, nun principio, nos territorios do norte e o noroeste, seguramente por formar parte dos dominios dos seus aliados, os inimigos de Rodrigo. En calquera caso, coa desaparición do poder visigodo, varios señores cristiáns reparáronse esas terras, denominadas *comitatus* ou *commissos*, termos que podemos traducir como ‘condados’. Un destes gobernantes foi o famoso Paio (rei de 718 a 737), cuxos descendentes pretenderon reconstituír un reino cristián, cun monarca que exercese control sobre os demais señores. A consolidación deste poder, que se centralizaría na cidade de Oviedo, levaría o seu tempo, e só na época de Afonso II (791-842) se desenvolvería unha estrutura administrativa semellante a unha corte. Pouco a pouco, a monarquía irá afirmando o seu poder sobre os titulares dos *commissos*, en alianza cos señores eclesiásticos, nomeadamente co arcebispo da diocese de Santiago de Compostela, convertida no século XI en sede apostólica.

Neste contexto, atopamos que, entre finais do século IX e principios do X, esta monarquía ovetense levou a cabo unha división dos antigos distritos da época sueva. Polo que se refire a *Celticos*, escindiuse en dous *commissos*. Un deles era *Carnota*, cuxa primeira mención está no *Documento de Tructino*, unha relación das 65 igrexas que pertencían á diocese de Iria, e que Fernando López Alsina data no ano 868. O distrito abranguea a zona máis occidental do antigo *Celticos* (actuais concellos de Carnota, Mazaricos, Muros e Outes), mentres o outro quedou co primeiro nome (o resto dos municipios citados dous parágrafos máis arriba). De todos os xeitos, era posible que un *comes* (‘conde’) se fixese cargo de varios *commissos*: no caso do de *Carnota*, sabemos que entre 910 e 962 a familia dos cabaleiros Gutierre e Arias Menéndez posuía os dereitos sobre os *commissos* de *Carnota*, *Brecantinos* (Bergantiños), *Pistomarcos*, *Saliniense* (Salnés) e outros.

Estes condados serán a base da estruturación feudal, que se irá impondo co decurso dos séculos: a sede episcopal de Iria (que en 920 pasou a Compostela) contaba cunhas 30 parroquias, amplos distritos coincidentes, grosso modo, cos *commissos* (non coas parroquias de hoxe, máis pequenas). Ata polo menos o ano 1028, a parroquia-*commissio* de *Carnota* conservou o seu nome, pero nalgún momento do século XI ese territorio pasou a chamarse *Gentines/Intinis*, que é o actual *Entíns* (Outes). Xa no século XII, estas antigas parroquias constituíronse en arciprestados, divididos en circunscricións máis pequenas, ditas freguesías (de *fili ecclesiae*, ‘fillos da igrexa’), que xa cadran, en xeral, coas parroquias actuais.

Dentro destes territorios, a mecánica de funcionamento do feudalismo creou un feixe de xurisdicións, como coutos e distritos urbanos, que foron mudando de

señor segundo as circunstancias. Ao longo da Idade Media, os diferentes núcleos de poboación de Carnota, terras anexas e fortificacións pertenceron ora á mitra compostelá ora a señores laicos, como os condes de Traba. Da competencia, unhas veces violenta e outras non, entre a nobreza laica e a eclesiástica dá fe un episodio que tivo lugar en 1130: o arcebispo Xelmírez nomeou arcediago de Trastámara (territorio desde o Tambre ata Bergantiños) o cabaleiro Airas Muñiz (falaremos del ao tratar sobre *Mallou*). Isto desgustou a Rodrigo Pérez, fillo de Pedro Fróilaz, conde de Traba e señor daquelas terras. Como consecuencia, un grupo de xente apreixou o arcediago, espiuno e encerrouno nun castelo. Xelmírez anoxouse e ameazou coa excomuñón ao de Traba, que acudiu a desculparse ante el. Malia non consumarse a condena ao nobre, crese que unha inscrición excomungatoria atopada preto do pico do monte do Pindo coñecido como *Penafiel* ou *Xan Quente* responde a estes feitos, e indicaría que nese cumio estaba a fortificación da cal se fala na historia. Porén, a relación non está clara, pois, segundo Modesto García Quintáns e Nieves García Centeno, é posible que o nome *Penafiel* se refira a unha fortaleza documentada no século XIV, pero situada na veciña parroquia de Arcos (Mazaricos).

No século XV Carnota uniuse ás revoltas irmandiñas, asociada con Muros e outras vilas galegas. Adoita dicirse que durante as loitas se derrubou o castelo de San Xurxo, situado no monte do Pindo e pertencente ao arcebispo compostelán; con todo, outros datos indican que para esta época, a fortaleza xa estaba deshabitada (véxanse as entradas *Canedo* e *Pindo*, O, para máis detalles). Ademais, Carnota tampouco foi allea ás tensións que sacudiron a monarquía de Castela na mesma centuria: como consecuencia das rivalidades entre as casas nobres, o territorio pasou das mans dos condes de Trastámara ás dos de Lemos, aínda que en 1445 o rei Xoán II decretou a súa restitución aos Trastámara.

Do século XV en adiante pouco se sabe das terras deste concello, máis alá de que no XVII eran propiedade dos condes de Altamira. Temos que chegar ata o século XIX para ter de novo noticias de Carnota, no contexto da guerra da independencia contra os franceses. Estes, presumindo que as vilas de Corcubión e Cee preparaban unha rebelión, atacáronas e saquearon a bisbarra entre o 13 e o 21 de abril de 1809, co fusilamento documentado de varios veciños dos lugares de Sofán, Piñeiros, Vilar, Cornido e Panchés.

Dentro das provincias do antigo Reino de Galicia, Carnota pertencía á de Santiago, pero, tras a división territorial levada a cabo en 1833, quedou integrada na da Coruña, onde continúa hoxe. Nun principio, levaron o nome de Carnota dous concellos: San Mamede e Santa Comba. Porén, en 1836 decretoouse a súa fusión e quedou constituído un só municipio, integrado por catro parroquias: Lira, Lariño, Santa Comba e San Mamede. Dentro desta última estaba a actual freguesía do Pindo, que non se segregou ata moito máis tarde, como xa comentamos.

Xa no século XX, cómpre resaltar como feito histórico o embarrancamento, preto da praia de Ardeleiro e debido a unha avaría mecánica motivada por un forte temporal, da fragata *Ariete* da armada española. O naufraxio tivo lugar o 26 de febreiro de 1966, e os 168 tripulantes do buque salváronse grazas, en gran medida,

á intervención dos habitantes de Lira e Lariño, que acudiron con coches, tractores e focos para alumear a nave e facilitar o rescate. En recoñecemento, 67 veciños do concello recibiron a Cruz do Mérito Civil, e ao municipio carnotán concedéuselle a distinción de *Moi Humanitario*, que desde aquela amosa no seu escudo.

O xentilicio do concello é *carnotán* / *carnotá*, que se aplica tamén, de maneira máis concreta, aos naturais das parroquias de Santa Comba e San Mamede. Á parte, os moradores da freguesía do Pindo son coñecidos de vello como *pindexos*; por outra banda, os habitantes de Lariño e Lira teñen cadanseus alcumes colectivos, que, se ben deberon ter unha motivación burlesca nos seus inicios, hoxe son, en moitos casos, asumidos con humor —e mesmo certo orgullo— polos seus naturais. Así, os de Lariño son chamados moitas veces *laghartos*, e os de Lira, *lirachos*.

Dentro do mapa dialectolóxico galego, o concello de Carnota sitúase no bloque occidental, na área fisterrá e na subárea do Xallas. Os trazos característicos deste territorio son o cheísmo, a gheada e o seseo explosivo ou total. Ademais, escóitanse ditongos /ui/ en palabras como *muíto* e *truíta* e a construción da 3.^a persoa de singular do pretérito perfecto da 2.^a e 3.^a conxugación co final en *-iu* (*colliu*, *partiu*).

Na parroquia de San Mamede de Carnota detéctase un trazo especial, que consiste na aspiración da consoante /s/ en posición de final de palabra: pode escoitarse *ah nenah* no canto de *as nenas*, por exemplo.

Neste volume, como é norma na colección Terra Nomeada, analizamos de maneira prioritaria a toponimia maior do concello de Carnota: os nomes do propio municipio, das súas parroquias e dos seus lugares, tal e como veñen recollidos no *Nomenclátor de Galicia*, e cuxo número ascende a 59. Tamén comentamos oito nomes de lugar pertencentes á toponimia menor. Para estes últimos tomamos como base os datos do portal web Galicia Nomeada. Polo de agora, no que toca ao concello de Carnota, a devandita web recolle algo máis de 3 500 topónimos maiores e menores. Con esta perspectiva de traballo cremos cumprir o obxectivo de ofrecer unha mostra representativa dos nomes de lugar deste municipio.

Na bibliografía exposta ao final deste volume detállanse os libros e demais materiais dos cales nos servimos á hora de realizar o estudo. Fóronnos moi útiles os volumes publicados previamente nesta mesma colección, dedicados aos concellos de Ribeira, Antas de Ulla, Tordoia, A Pontenova, Carballo, Ames, A Estrada, Trabada, Begonte e Rábade, e Agolada. Por outra parte, este estudo está en especial débeda coas achegas realizadas nas obras de Edelmiro Bascuas, Joseph Maria Piel (só e en colaboración con Dieter Kremer), Juan José Moralejo Álvarez, Gonzalo Navaza, Paulo Martínez Lema e Ana Boullón.

Na procura da documentación histórica sobre os topónimos foi fundamental o índice do *Tombo de Toxos Outos*, así como outras pescudas que realizamos na documentación medieval, a través do *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* (CODOLGA, para os documentos elaborados en latín do século XIII e anteriores),

o *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (TMILG) e *Gallaeciae Monumenta Historica* (GMH, para os escritos en galego do século XIII ao XV). Neste ámbito documental, aparecen topónimos pertencentes ao concello de Carnota no mencionado *Tombo de Toxos Outos*, así como no *Tombo de Celanova*, no Arquivo da Catedral de Santiago de Compostela (ACS) e no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela (AHUS). Consultáronse, ademais, o Catastro de Ensenada (xunto coas súas Comprobacións, a través do portal PARES), o Arquivo do Reino de Galicia (ARG) e o dicionario xeográfico de Madoz, xunto cos nomenclátors dispoñibles na *Biblioteca Digital Hispánica* (BDH) da Biblioteca Nacional.

Na nosa opinión, cando se analiza unha cantidade importante de nomes de lugar é conveniente levar a cabo unha ou varias clasificacións, o que nos fornece unha axeitada perspectiva dos datos. Diferenciando previamente entre toponimia maior e menor, nós imos ofrecer aquí un retrato estatístico dos nomes de lugar do concello de Carnota atendendo a dous eixes: a tipoloxía da motivación dos topónimos e a etimoloxía. Advertimos, iso si, que no referente á toponimia menor a recollida é aínda parcial, polo que os datos presentados aquí poden verse modificados cando esta se complete.

En canto á tipoloxía, encaixamos os nomes analizados nas seguintes categorías:

CT: configuración do terreo (tipo de solo, rochas, covas, camiños, montes...).

AM: accidentes marítimos.

EV: abundancia de especies vexetais.

EA: abundancia de especies animais.

LO: labores e oficios.

AH: actuación intencionada do ser humano sobre o seu hábitat (edificios, rúas, pontes, portos, muíños...).

AU: presenza da auga (fontes, ríos, regatos, lagoas...).

NS: nomes de santos (haxiotopónimos).

PR: propiedades e posesores.

IN: topónimos de atribución insegura a calquera das categorías anteriores.

Os resultados do traballo de clasificación ofrécense nas porcentaxes aproximadas das seguintes táboas:

Táboa 2. Porcentaxe de topónimos por parroquia de acordo á **motivación** na **toponimia maior** do concello de Carnota

	Nº Top.	CT	AM	EV	EA	LO	AH	AU	NS	PR	IN
Lariño	2	50 %	0 %	0 %	0 %	0 %	0 %	0 %	0 %	0 %	50 %
Lira	11	0 %	0 %	9 %	9 %	18 %	9 %	0 %	0 %	9 %	46 %
O Pindo	4	0 %	0 %	25 %	0 %	25 %	25 %	0 %	0 %	25 %	0 %
San Mamede de Carnota	31	23 %	3 %	17 %	4 %	3 %	20 %	10 %	3 %	3 %	14 %
Santa Comba de Carnota	11	37 %	0 %	18 %	0 %	9 %	0 %	0 %	0 %	9 %	27 %
Totais	59	21 %	2 %	15 %	3 %	9 %	14 %	5 %	2 %	7 %	22 %

Táboa 3. Porcentaxe de topónimos por parroquia de acordo á **motivación** na **toponimia menor** do concello de Carnota

	Nº Top.	CT	AM	EV	EA	LO	AH	AU	NS	PR	IN
Lariño	314	24 %	28 %	2 %	3 %	18 %	14 %	5 %	0 %	3 %	3 %
Lira	603	23 %	26 %	4 %	6 %	16 %	8 %	8 %	0 %	5 %	4 %
O Pindo	483	28 %	21 %	3 %	3 %	23 %	10 %	8 %	0 %	2 %	2 %
San Mamede de Carnota	1431	26 %	6 %	6 %	3 %	23 %	15 %	12 %	0 %	6 %	3 %
Santa Comba de Carnota	718	27 %	1 %	7 %	2 %	23 %	18 %	12 %	0 %	7 %	3 %
Totais	3 549	26 %	12 %	5 %	4 %	21 %	14 %	10 %	0 %	5 %	3 %

Se comparamos os datos globais da toponimia maior e a menor, vemos que, no caso da segunda, a epígrafe dos accidentes marítimos ten unha porcentaxe moito maior que na primeira. Isto débese ao gran labor de recollida da talasotoponimia que se levou a cabo nos últimos anos, impulsado pola Confraría de Pescadores de Lira, e realizado grazas aos informantes (multitude de veciños) e aos compiladores (María Isabel Lago Noceda e Juan B. Caamaño González). Como consecuencia, ese patrimonio toponímico quedou rexistrado no libro *Os nomes do noso mar*, publicado no ano 2008.

Tamén destaca, na comparación entre a toponimia maior e a menor, a diferenza no apartado dos fitotopónimos, que chegan a un 15% na primeira e quedan nun 5% na segunda. Ao revés, os topónimos menores que remiten a labores e oficios suman máis dunha quinta parte do total, mentres non chegan á décima entre os nomes de lugar maior: isto dinos que o traballo da terra (pois nese eido se encadra a maioría deses microtopónimos) formou parte da realidade dos nosos antepasados durante xeracións. Finalmente, na macrotoponimia temos un 22% de nomes cuxa motivación é dubidosa (pola antigüidade, en moitos casos), fronte a só un 3% nos nomes de lugar menor.

Tamén é útil, coidamos, clasificar os nomes de lugar atendendo ás súas diferentes procedencias etimolóxicas. A este respecto, e antes de presentar as cifras correspondentes aos nomes de lugar do concello de Carnota, cómpre que o lector teña presentes certas nocións básicas sobre como se foi configurando a toponimia galega ao longo dos séculos.

O noroeste da Península Ibérica ten poboamento desde o Paleolítico (como mínimo, desde hai 32 000 anos, segundo os achados arqueolóxicos). Nesa época había xa *Homo sapiens* e, polo tanto, idioma. Con todo, nada sabemos de como era a lingua que falaban aqueles humanos. En certo momento, aínda na Prehistoria, chegaron aquí en diferentes vagas grupos de poboación que, sabémolo, falaban unha ou varias linguas indoeuropeas. Aquelas xentes comezaran a migrar desde o seu lugar orixinario entre o IV e o III milenio. Hai varias hipóteses sobre cal sería o seu punto de partida, pero non hai dúbida de que, xa en época histórica, hai un estreito parentesco que liga a inmensa maioría das falas empregadas pola xente nun continuo xeográfico que vai desde a India ata Europa occidental.

Como consecuencia destes sucesivos (e separados) movementos de poboación, os indoeuropeos chegaron ao cuadrante noroeste peninsular. Unha das linguas que se asentou na zona era inequivocamente céltica, pero non se pode descartar que coexistise con outras falas, tamén indoeuropeas e vindas con anterioridade (vemos máis difícil que nesa época persistise, de maneira consistente, algún idioma anterior, non indoeuropeo). De todos os xeitos, non podemos pensar nun idioma tal como o concibimos hoxe en día, cun territorio bastante ben definido, cun desenvolvemento literario escrito e cunhas normas codificadas.

Máis tarde chegaron os romanos, cuxo idioma, o latín, se fixo dono de toda Hispania, coa probable excepción de zonas onde se falaba o éuscaro. A lingua latina é o miolo e a codia do galego (e da toponimia do país). Durante a súa formación como romance recibiu as achegas dos pobos xermánicos que, como xa comentamos, chegaron para ocupar a posición dominante que antes tiveran os romanos (e a clase dirixente romanizada). Finalmente, a invasión musulmá introduciu o idioma árabe, pero a súa influencia foi menor canto máis ao norte peninsular vaíamos, e a súa presenza na toponimia galega é escasa.

Xa que logo, ao investigar a orixe dun nome de lugar, exploraremos en primeiro termo a vía latino-romance. Se esta non dá conta do topónimo, pensaremos nas falas prerromanas indoeuropeas, ora as dos pobos célticos, ora as de posibles

grupos indoeuropeos anteriores. De non poder encaixar o nome de lugar analizado en ningunha destas categorías, pode pensarse nunha procedencia incluso previa, mais con moitísima prudencia: canto máis retrocedemos no tempo, menos seguridade imos atopar, por non dicir ningunha. Cómpre ter en conta, porén, que a etimoloxía prerromana, latina, xermánica ou árabe dun topónimo non sempre indica que o lugar en cuestión recibise o seu nome en tempos antigos: por exemplo, na toponimia galega atopamos moitos casos en que aparece a voz común *aldea*, procedente do árabe, pero integrada de vello no léxico galego, polo que da súa presenza non se pode deducir que os moitos lugares denominados *A Aldea* fosen fundados polos musulmáns.

Tendo presentes estes conceptos, velaquí a clasificación dos topónimos do concello de Carnota por procedencia etimolóxica (lembramos aquí o dito sobre a reco-llida da toponimia menor cando presentabamos as estatísticas de tipoloxía):

- PRE: orixe prerromana.
- LT-RM: orixe latino-romance.
- XER: orixe xermánica.
- DUB: orixe dubidosa.

Táboa 4. Porcentaxe de topónimos por parroquia de acordo á **procedencia etimolóxica** na **toponimia maior** do concello de Carnota

	Nº Top.	PRE	LT-RM	XER	DUB
Lariño	2	0 %	50 %	0 %	50 %
Lira	11	9 %	46 %	0 %	45 %
O Pindo	4	0 %	66,6 %	0 %	33,3 %
San Mamede de Carnota	31	4 %	83 %	3 %	10 %
Santa Comba de Carnota	10	10 %	60 %	10 %	20 %
Total	58	4,6 %	61,12 %	2,6 %	31,66 %

Táboa 5. Porcentaxe de topónimos por parroquia de acordo á **procedencia etimolóxica** na **toponimia menor** do concello de Carnota

	Nº Top.	PRE	LT-RM	XER	DUB
Lariño	314	0 %	98 %	0 %	2 %
Lira	603	0 %	99,84 %	0 %	0,16 %
O Pindo	483	0 %	99 %	0 %	1 %
San Mamede de Carnota	1431	0 %	99 %	0 %	1 %
Santa Comba de Carnota	718	0 %	98 %	1 %	1 %
Total	3549	0 %	98,77 %	0,2 %	1,03 %

Nas dúas táboas anteriores vese a gran diferenza que, como adoita suceder, se dá entre a toponimia maior e a menor en canto á procedencia dos nomes: na menor case un 99 % dos casos teñen etimoloxía latina-romance. Pola contra, a macrotoponimia ofrece unha porcentaxe importante de nomes de orixe insegura (de novo, como acontecía nas táboas da tipoloxía, pola antigüidade deses topónimos).

Queremos rematar esta introdución destacando a importancia de estudar e coñecer a toponimia de Galicia. Ao noso parecer, as achegas deste campo de investigación son relevantes, como mínimo, en dous niveis.

En primeiro lugar, no dos especialistas, porque a nosa terra posúe unha densidade toponímica excepcional en Europa (poderíase dicir, sen esaxerar moito, que en Galicia cada 50 metros o país cambia de nome) e probablemente no mundo. Dedicar tempo, esforzos e recursos a indagar na orixe dos nosos nomes de lugar incrementa o coñecemento da nosa lingua e tamén da historia deste recanto do planeta en que vivimos. Sempre coñecer o que foron e como foron os que estiveron aquí antes ca nós contribúe a comprender e asimilar o que somos e como somos.

O segundo nivel é o do público en xeral, porque sermos conscientes do noso patrimonio é fundamental para que nos respectemos como colectivo, cousa que demasiadas veces os galegos non facemos. Desde este punto de vista, os topónimos son unha herdanza que os nosos devanceiros nos deixaron e unha porta ao noso pasado. Os nomes de lugar fálannos das persoas que antano viviron na mesma terra que hoxe habitamos, do que era relevante para elas no seu día a día, e dos cambios que a nosa contorna foi sufrindo co decurso do tempo. A toponimia é, en fin, un depósito da historia dos milleiros de persoas do común que deixaron impresa no territorio a súa percepción, o seu traballo e a súa creatividade. Fagámola nosa. Recuperémola. Divulguémola.

Agradecementos

Quero expresar a miña máis sincera gratitude ás seguintes persoas:

A Renée e a Alma, compañeiras de vida, con elas un campo cultivado, regado e florido.

Ao meu pai, á miña nai e á miña irmá, que bastante teñen que ver con como son e co que fago.

A Mario Maceiras Dosil e a Xilberto Caamaño Beiro, que me deron a oportunidade de divulgar os meus coñecementos iniciais sobre a toponimia de Carnota e me forneceron de oportunas informacións.

A Silvia de la Iglesia García, polas informacións, os contactos e a amabilidade.

A Francisco X. Fernández Naval, polos pertinentes comentarios que tivo a ben facerme.

A Xosé Manuel Pose García, pola súa axuda na investigación dalgúns topónimos do concello de Tordoia posiblemente relacionados con outros de Carnota.

A Antón Santamarina e a Gonzalo Navava, que foron tan amables de orientarme na interpretación dos topónimos máis difíciles.

As persoas que traballan na Asociación Galega de Onomástica (AGOn) e na Real Academia Galega, e en especial a Luz Méndez, a Vicente Feijoo e aos revisores do texto, cuxas pertinentes indicacións melloraron a forma e o contido deste traballo.

A toda a veciñanza do concello de Carnota, e en especial ás persoas das diferentes parroquias que me facilitaron información moi acaída, entre os que quero citar dun xeito particular a Juan Antonio Lestón Caamaño ('Juan Antonio de Xaquina'), a Dolores Maceiras Dosil ('Lolita'), a Jessica Martínez Maceiras, a M.^a Jesús Sambad Ogando ('Chus') e a Genoveva Manuela Tajés Blanco ('Gina de Pancho').

Explicación dalgúns termos

aférese: s. f. Supresión dun son no principio dun vocábulo. Exemplo: *amarrada* por *marrada*.

amálgama: s. f. Fusión nun significante de dous ou máis significados representados habitualmente por elementos distintos. Exemplo: *Pedramarrada* por *Pedra Embarrada*.

antropónimo: s. m. Nome de persoa. Exemplo: *Durán*.

corónimo: s. m. Nome propio que designa un país ou un territorio. Exemplo: *Galicia*.

epéntese: s. f. Adición dun son no interior dunha palabra. Exemplo: *caio* por *cao* (do verbo *caer*).

étimo: s. m. Termo considerado como a orixe doutro. Exemplo: CASTELLU > *Castelo*. Cando se propón como étimo unha palabra hipotética, que non está documentada pero que se deduce pola evolución xeral da lingua, indícase cun asterisco (*).

etimoloxía: s. f. Disciplina lingüística que estuda as orixes e evolucións, tanto de forma coma de significado, das palabras. Tamén se usa como sinónimo de *étimo*. Exemplo: a etimoloxía de *Cruz* é CRŪCE.

fitotopónimo: s. m. Nome de lugar que garda relación coa vexetación. Exemplo: *Louredo*.

haxiotopónimo: s. m. Topónimo referido a termos do léxico relixioso (edificios de carácter relixioso, cargos eclesiásticos) ou nomes propios (santos, titulares de igrexa). Exemplo: *San Mamede*.

hidrotopónimo: s. m. Tipo de topónimo que fai referencia a elementos da hidrografía dunha zona. Exemplo: *O Rego do Apio*.

gótico: s. m. Lingua da rama xermánica oriental que falaron os godos. Exemplo: *Simil* podería proceder do xenitivo do nome gótico *Salamirus*.

metátese: s. f. Alteración da posición dun son dentro da palabra. Exemplo: *Gándara* > *Gandra* > *Granda*.

microtoponimia: s.f. Conxunto dos nomes que designan entidades xeográficas ou lugares non habitados e o seu estudo; coñécese tamén como toponimia menor, en oposición á toponimia maior, ou macrotoponimia, que é o estudo dos nomes das entidades de poboación. Exemplo: *Ardeleiro*.

orónimo: s.m. Nome propio dunha montaña, dunha cordilleira, ou doutra forma do relevo terrestre. Exemplo: *Pindo*.

poseosor: s.m. Propietario ou propietaria; os topónimos coñecidos como *nomes de poseosores* fan referencia ou conteñen o nome persoal, normalmente de orixe latina ou xermánica, do antigo propietario ou propietaria das terras. Exemplo: *Freán* pode proceder de *FROILANI ou de *FROILANE.

rexesto: s.m. Resumo do contido dun documento ou dun acto en que se citan os elementos esenciais (outorgante, acto xurídico, destinatario, data...). Exemplo: *Arrendamiento de Ruy das Fontes, Gonzalo de Caldebarcos y Afonso das Fontes, a Pedro Froyán, del lugar de Quilmás, en la feligresía de San Mamede de Carnota, por 15 años. 1490-11-21*.

sintagma toponímico: s.m. Nome de lugar que está formado por unha unidade maior que a palabra, normalmente frases ou grupos de palabras. Exemplo: *A Agra das Breas*.

talasotopónimo: s.m. Nome dunha porción de mar ou dun accidente situado nel. Exemplo: *O Caldeiro*.

unicum: s.m. Único; esta forma latina emprégase na toponimia para designar nomes de lugar dos cales só existe un exemplo; isto é, non se repiten en todo o territorio. Exemplo: *Caldebarcos*.

zootopónimo: s.m. Nome de lugar que garda relación coa fauna. Exemplo: *A Teixoeira*.

Parroquias e lugares do concello de Carnota

Na seguinte relación de topónimos inclúense, distribuídas por parroquias, as entidades de poboación do concello tal e como se recollen no *Nomenclátor de Galicia* (NG). En cursiva indícanse aqueles nomes que non figuran, están por erro ou que constan de forma diferente á pronuncia local, isto é, que non coinciden coas actuais formas oficiais aprobadas pola Xunta de Galicia, e que xa se propuxeron para corrixirse en posteriores edicións. Por exemplo, no actual NG aparece *A Igrexa*, pero vaise eliminar, por ser o mesmo lugar que *A Rateira*, e esta última é a denominación usual entre as xentes da zona. Ademais, e baixo a epígrafe *Outros elementos xeográficos*, aparecen oito microtopónimos que consideramos de interese para este estudo, principalmente pola súa etimoloxía, pero tamén, en varios casos, pola súa relevancia xeográfica ou documental.

Lariño (San Martiño)

Gándara, A
Lariño

Lira (Santa María)

Agrovello
Carballal, O
Lira
Miñarzo
Paus
Pazo, O
Portocubelo
Rates
Sestelos
Sofán
Teixoeira, A

Pindo, O (San Clemente)

Curra, A
Pindo, O
Porto de Quilmas, O
Quilmas

San Mamede de Carnota (San Mamede)

Adraño
Caldebarcos
Canedo
Capelán, A
Carracedo, O
Castelo
Cornido
Cruces, As
Cubelo
Estañeiras, As

Fetós

Freán de San Mamede

Gándara de Caldebarcos, A

Igrexa, A

Louredo

Outeiro, O

Panchés

Parada

Peralbar

Perecha, A

Piñeiros

Rateira, A

Rego da Leña, O

Riazón

Rieiro, O

San Cibrán

Vadebois

Vilar de Parada

Vilares, Os

Viso, O

Xestoso

Santa Comba de Carnota (Santa Comba)

Agra das Breas, A

Carnota

Freán de Santa Comba

Insua, A

Lagareiros

Maceiras

Mallou

Nóutigos

Pedrafigueira

Pedramarrada

Outros elementos xeográficos

Ardeleiro (terras e praia)

Carafunchales, Os (terras)

Carreiroa (muíño, accidente costeiro e praia)

Durán (terras, fonte e ponte)

Francelle (terras)

Rego do Apio, O (río)

Rimao (monte, terras e río)

Simil (terras)

Estudo dos topónimos

Adraño

Lugar da parroquia de San Mamede de Carnota

Este nome de lugar, situado no confín nordeste do concello, lindeiro xa coa parroquia de Arcos, no veciño municipio de Mazaricos, é un *unicum* na toponimia galega, aínda que aparece como elemento de sintagma en varios nomes de lugares menores próximos a este núcleo: hai *Río*, *Fonte*, *Cruceiro*, *Muiño*, *O Alto* e *A Legua de Adraño*. A súa etimoloxía non é sinxela, pois cremos que presenta un lexema (*Adr-*) ao que se lle poderían atribuír varias procedencias, aínda que a máis probable parece ser a prerromana. Polo que toca ao sufixo, Juan José Moralejo defende que é o resultado actual dunha extensión de base tamén prelatina (<-ANIO/A), presente en nomes de lugar como *Laraño*, *Barraña* e outros.

Esa filiación prerromana do sufixo fainos pensar na posibilidade deses mesmos orixes para a raíz *Adr-*. Así, poderíase postular a relación con algunha base hidronímica prerromana indoeuropea. Podería tratarse, neste caso, da forma **ad-ro-* ('corrente de auga'), reconstruída por Julius Pokorny, e que parece estar tras hidrónimos actuais como *Attel* (Alemaña), *Eder* (antigo *Adrana*, tamén en Alemaña), ou *Adria* (río e cidade en Italia). Para o lugar que tratamos aquí a motivación hidronímica existe, pois polo lugar flúe a corrente coñecida, precisamente, como *Río de Adraño*, xa mencionada.

Para rematar co capítulo da etimoloxía, a fonética de *Adraño* pode levar a pensar nalgún derivado da voz *adra*, que significa 'parte que corresponde a un veciño na división do monte común'; ou nunha extensión do nome da hedra (< latín HĒDĒRA), cunha alteración da vogal inicial. Porén, *adra* é un arabismo, e ese tipo de voces só son frecuentes en galego a partir do século XIII (como veremos, *Adraño* está testemuñado no XIV, pero dá a sensación de que nesa altura o topónimo levaba tempo consolidado, pois dá nome a un couto). E, polo que toca á vinculación coa hedra, nos fitotopónimos os sufixos adoitan ser *-oso* (*Hedroso*, *Carballosa*, *Fieitoso*), *-al* (*Feal*, *Bidual*, *Ameneiral*) e *-eiro/-eira* (*Silveira*, *Saramugueira*, *Espadaneira...*), e non *-año*.

A primeira atestación deste *Adraño* de San Mamede de Carnota semella ser o *Adrayo* que vemos nun documento notarial datado en 1399 e conservado no Arquivo da Universidade de Santiago de Compostela. Este repertorio tamén inclúe varios

testemuños máis do topónimo entre os séculos XIV e XVI (coas formas *Adraño* e *Adrano*), centurias ás que igualmente pertencen os varios exemplos recollidos no ARG. A vacilación gráfica *Adrayo*/*Adraño* parece recoller un fenómeno fonético que tamén se observa en pares medievais como *testemoio*/*testemuño* (e tamén en actuais como *vedraio*/*vedraño*), nos cales a secuencia constituída por unha consoante nasal e unha vogal palatal ofrecía un dobre resultado, con alternancia entre a palatalización e a caída da nasal intervocálica.

O Catastro de Ensenada dá fe de *Adraño*, que cita como couto con dezanove veciños (voz que nese documento se refire só aos cabezas de familia), ademais de rexistrar no seu termo un monte en man común e unha devesa; pola súa parte, a Comprobación do devandito Catastro recolle máis de cen propiedades no *coto de Adraño*. Máis adiante, o dicionario xeográfico-estatístico de Pascual Madoz inclúeo na lista dos lugares pertencentes á freguesía de San Mamede de Carnota. Pola súa parte, os nomenclátors de España dos anos 1860 e 1880 recólleno coa mesma forma que a actual. Hoxe preto de *Adraño* atópase instalado un parque eólico, denominado co topónimo.

Adraño foi durante séculos propiedade dos condes de Altamira, casa nobiliaria vencellada á rica familia medieval compostelá dos Moscoso, que mantivo duros enfrontamentos co poderoso arcebispo Alonso de Fonseca e Acevedo (1440-1512). Os Moscoso acabaron por impoñerse, e así, Lope de Sánchez de Ulloa e Moscoso (1468-1504), que ata daquela usara o título de vizconde de Fisterra, viu como en 1455 o rei Henrique IV de Castela lle outorgaba a dignidade de conde de Altamira. O título fai referencia á fortaleza do mesmo nome, situada no actual concello de Brión, e desde a que os Moscoso gobernaban tamén o condado de Trastámara. A partir dese momento, os condes de Altamira rivalizaron con outras casas nobres galegas sobranceiras, como a dos condes de Lemos ou a dos condes de Monterrei. Por certo, que a loita entre os Moscoso e a arquidiocese compostelá pola posesión do couto de *Adraño* debeu ser intermitente pero duradeira, pois existe un



Vista do litoral de Carnota desde Adraño

documento do ano 1596 que dá noticia dun preito entre o daquela conde de Altamira, Lope de Moscoso Osorio, e o arcebispo Juan de Sanclemente y Torquemada: ambos reivindicaban os seus dereitos señoriais sobre varios territorios, o couro de *Adraño* entre eles.

Finalmente, non parece que o topónimo *Adraño* fose un dos moitos que se converteu en apelido, pois a Cartografía dos Apelidos de Galicia (CAG) non o rexistra.

Agra das Breas, A

Lugar da parroquia de Santa Comba de Carnota

Este sintagma toponímico é de clara orixe latino-romance. O primeiro elemento témolo plenamente vivo no galego actual: *Agra* é unha formación feminina creada a partir do substantivo *agro*, evolución do latín *ĀGRU*, que significaba ‘terreo de labor’. A diferenza entre o masculino e o feminino é unha cuestión de tamaño: unha *agra* é máis grande que un *agro*, como unha *cesta* adoita ser maior que un *cesto*, unha *caldeira* que un *caldeiro* etc.

Polo que toca a *Brea*, procede do latín medieval *VEREDA*, responsable do noso nome común *verea*, é dicir, un camiño. Esta creación da Idade Media deriva dunha palabra do latín clásico, prestada do galo, lingua céltica que se falou en amplos territorios da actual Francia e no norte da Península Itálica: trátase da voz *veredus*, que designaba un cabalo de remuda, dedicado a levar mensaxes e mensaxeiros. Así, a forma feminina *VEREDA* acabou tomando, por metonimia, o significado de ‘camiño polo que transita o *veredus*’ (por certo, de *veredus* deriva tamén o nome común en lingua alemá para o cabalo: *Pferd*).

Non hai pegada da *Agra das Breas* na documentación medieval, no Catastro de Ensenada, nas súas Comprobacións nin tampouco en Madoz nin nos nomenclátors estatais de 1860 e 1880. Debe ser unha entidade de poboación de consolidación relativamente recente: de feito, nos nomenclátors de España do século XX só aparece desde o de 1930. O núcleo tomou o nome do conxunto de terras de labor que hoxe se atopan máis alá da marxe dereita da estrada AC-550 (sentido Muros - Cee). Eses agros estiveron de vello atravesados por un feixe de camiños estreitos, como pode comprobarse mediante a observación da zona a través das fotografías aéreas do coñecido como Voo Americano, un proxecto cartográfico de fotografía aérea de España realizado entre marzo de 1956 e setembro de 1957 por un convenio entre o goberno franquista e o estadounidense. En virtude deste acordo, o Army Map Service fotografou desde o aire a maior parte do territorio español a unha escala 1:33 000 e a unha altura de 5 000 metros. Grazas a esas imaxes apreciamos como se foi perdendo co tempo a configuración do solo da *Agra das Breas*: o que antano era un amplo grupo de leiras traballadas decontino, hoxe é unha área dominada por vexetación arbórea e arbustiva.

Por outra banda, levan o nome *As Breas* varios negocios situados no tramo da AC-550 que se atopa á altura do lugar; e, de feito, o sector da devandita vía que ao seu carón pasa aparece denominado como *rúa As Breas*.

Agra e *Brea*, sós ou en combinación con outras palabras, son nomes de lugar moi presentes no NG, que os reconece nas catro provincias. Pola súa parte, a CAG rexistra *Agra* como apelido en 53 concellos, co maior número de casos nos corruñeses de Santiso, Negreira e Arzúa (no de Carnota non se rexistra). Tocante a *Brea*, relativamente abondoso como apelido nos municipios da Galicia occidental, presenta dezaseis ocorrencias no concello de Carnota.

Agrovello

Lugar da parroquia de Lira

Neste topónimo únense un substantivo e un adxectivo de procedencia latina, ambos de uso común no galego actual. Segundo comentabamos na entrada anterior, *Agro* provén do latín *ĀGRU*, que significaba ‘terreo de labor’, mentres que *vello* é a evolución normal ao galego do cualificativo *VĒTŪLU*, diminutivo de *vetus*. Nun principio, esa forma diminutiva significaba ‘un pouco vello’, pero acabou tomando, aínda na época de plena vixencia do latín como lingua viva, o significado da base orixinal.

Polo demais, estamos diante dun nome de lugar transparente: *Agrovello* debeu recibir o seu nome por tratarse dun terreo destinado a cultivo desde tempos anteriores a outras leiras da contorna.

Tocante á presenza do topónimo na documentación histórica, non atopamos pegadas del ata o século XVIII. En efecto, cunha forma idéntica á actual vémosto na Comprobación do Catastro de Ensenada, onde un tal Ambrosio de Pazos era titular dun terreo así chamado na *Vega de Fuente Juan* (forma castelanizada da que é continuación o actual microtopónimo *Fontexoán*). Tempo andado, non hai traza deste *Agrovello* no dicionario de Madoz nin nos nomenclátors de España do século XIX; nestes repertorios, se pasamos ao século XX, entra a partir do de 1910, e faino como *Agrobello*.

Nun outeiro de 320 m de altitude, próximo a *Agrovello*, existen restos dunha fortificación que escavacións arqueolóxicas recentes datan entre a fin da Antigüidade Tardía e a Idade Media. A fortaleza é coñecida como *Torre dos Mouros*, denominación en que o elemento *Mouros*, moi común na toponimia galega, fai referencia a uns seres imaxinarios, protagonistas de multitude de mitos e relatos estendidos por todo o norte da Península Ibérica. Nesas narracións populares, os mouros aparecen como construtores e habitantes de mámoas, túmulos funerarios, castros, castelos ou calquera ruína de orixes inmemoriais. Parece claro que eses seres recibiron o nome de *mouros* por referencia aos musulmáns, percibidos polos cristiáns como unha ameaza des que se estenderon pola antiga Hispania a partir do século VIII. En todo caso, eses *mouros* deixaron pegada tamén na toponimia menor desta parroquia de Lira, pois preto da *Torre dos Mouros* están *O Pozo dos Mouros*, *A Estivada dos Mouros* e *O Outeiro dos Mouros*.

Volvendo á fortaleza, quizais a súa orixe e motivación estean nas incursións viquingas que, a partir de mediados do século IX, se produciron sobre as costas galegas, pois na *Historia Compostelá* atopamos noticia de que os campesiños da beiramar adoitaban abandonar a costa desde mediada a primavera ata o outono, buscando refuxios seguros nun punto elevado.

Se na toponimia maior de Galicia buscamos outro *Agrovello*, cos dous elementos unidos, non o atoparemos; porén, si temos *O Agro Vello* na parroquia de Burgás (Xermade, Lugo). Pola contra, entre os microtopónimos detéctase, con certa abundancia, a presenza deste sintagma.

A CAG non rexistra ningún apelido *Agrovello*, nin tampouco ningunha ocorrencia de *Agro*; tocante a *Vello*, nota só 118 casos en toda Galicia, a maioría deles na cidade de Vigo.

Ardeleiro

Terras e praia de Lira

Na toponimia galega actual atopamos o lugar de *Ardeleiros* na freguesía de Fruíme, no concello coruñés de Lousame. Pola súa parte, o singular *Ardeleiro* aparece na parroquia de Cerqueda (Malpica de Bergantiños, A Coruña), e dáse como microtopónimo, á parte de en Lira, nos municipios coruñeses de Fene (na freguesía de Sillobre), Bares (na de Mañón) e Vimianzo (na de Cereixo); e tamén nas parroquias lucenses de Barán (no concello de Paradela) e Santo Estevo do Vicedo.

Para a análise da súa etimoloxía, que, xa avanzamos, é escura, sérvenos de apoio a documentación medieval. En efecto, no *Tombo de Toxos Outos*, as mandas testamentarias do cabaleiro Diego Muñiz (1151) mencionan uns dereitos sobre unha “villa *Ardiliario*” (*Ardilario* noutra lectura). Xunto a ela cítanse tamén outras propiedades que se atopaban “in valle de *Nogia*”, e tamén a “ecclesia *Sancti Martini de Ermedelo*”. Esas referencias a *Noia* e *Ermedelo* (este último no concello de Rois) fan moi probable que *Ardiliario* se corresponda co *Ardeleiros* que temos hoxe no municipio de Lousame, limítrofe cos de Noia e Rois. O mesmo lugar aparece como *Ardileyra* e *Ardileyro* en varios documentos máis, dos séculos XII e XIII (nun deles mesmo como cadea onomástica).

A forma actual destes topónimos e as atestacións dispoñibles permiten propoñer, con moita prudencia, a hipótese de que estes *Ardeleiro(s)* se formasen a partir dun antropónimo xermánico, facendo referencia ao propietario dun casal. Ese nome podería ser o feminino *Ardilo*, que posúe múltiples testemuños na Idade Media, sen ir máis lonxe no mesmo *Tombo de Toxos Outos*. A forma presenta o sufixo gótico *-ilo* (característico de nomes femininos, como indica Ana Boullón) unido ao lexema *Ard-*, que probablemente proceda do tamén gótico *hardus*, parente do fránico **hardjan* (‘endurecer’), do que falaremos máis abaixo.

Para chegar desde *Ardilo* ao *Ardiliario* medieval, antecesor dos actuais *Ardeleiro(s)*, cómpre supoñer que ese nome persoal foi estendido mediante o sufixo romance *-ĀRĪU* (> *-eiro*). Non sería o único caso en que un nome xermánico

produce un derivado así, coa idea de indicar posesión: temos documentado *Baltario* (século IX), formado sobre a base **balp-*, antecesor dos varios *Balteiro* que hai en Galicia. Polo tanto, cremos que o topónimo *Ardeleiro* de Lira pode dar fe de que antigamente unha muller chamada *Ardilo* tivo herdades alí. De todos os xeitos, esta teoría presenta unha dificultade morfolóxica: obriga a supoñer a adición do sufixo *-ĀRĪU* a unha base xa sufixada (*Ard-ilo*), o que sería unha estrutura estraña na formación deste tipo de topónimos. E, por outra banda, desde o punto de vista fonético, ese suposto derivado de *Ardilo* debería perder a consoante /l/ intervocálica para dar un **Ardieiro* ou similar.

Noutra liña de traballo, Antón Palacio, na súa tese sobre a toponimia de Pantón (inérita), contempla a posibilidade de que *Ardeleiro* sexa o resultado final da amálgama dun sintagma: **Agro de Leiro*, do mesmo xeito que *Armeao* provén dun antigo **Agro Meado* (onde *Meado* significa ‘mediano’ ou ‘do medio’). Aceptar esta hipótese para o nome de lugar de Lira suporía asumir que esa amálgama se produciu nun período bastante anterior aos primeiros testemuños medievais; e nós cremos que esas atestacións favorecen a idea de que na orixe de *Ardeleiro* está unha única palabra.

Finalmente, a fonética permite que todos estes topónimos, ou polo menos algún deles, veña dun antigo *Argillario*, que é o antepasado documentado, antes do século XI, dos actuais topónimos *O Ardilleiro Grande* e *O Ardilleiro Pequeno*, que atopamos na freguesía da Granxa (Boqueixón, A Coruña). Ese *Argillario* medieval é un derivado da voz latina *argilla*, de onde procede a nosa palabra *arxila*. Neste caso, o nome de lugar faría alusión á presenza na zona de barro aproveitable para a olería. De todos xeitos, as terras do *Ardeleiro* de Lira son máis ben de tipo areoso, polo que esta hipótese é algo débil desde o punto de vista da motivación do topónimo.

Como vemos, estes *Ardeleiro(s)* teñen unha orixe difícil de desentrañar. Consideramos a hipótese baseada no antropónimo xermánico como a máis fundada, mais cabe mencionar outras posibilidades, sequera con brevidade. Por exemplo, Luís Monteagudo relaciona *Ardeleiro* e *Ardeleiros* coa forma medieval *Ardillaria* (aínda que el a cita, de xeito errado, como *Ardilloria*), definida nun léxico como ‘lugar cheo de vexetación espiñenta’. Adquirindo esta perspectiva, a motivación destes nomes de lugar sería fitotoponímica. Cumpriría supoñer, neste caso, a existencia dunha voz, hoxe desaparecida do idioma, que Monteagudo vencella á raíz indoeuropea **ardi-*, ‘punta’, ‘bordo’. Porén, tamén podería relacionarse *Ardillaria* cun hipotético latín popular **ARIDILLU* (logo estendido mediante *-ĀRĪU*), derivado de *āridus*, ‘seco’. Con todo, calquera destas dúas propostas son arduas de xustificar desde o punto de vista morfolóxico.

Finalmente, en galego existe *ardeleiro* como adxectivo. Deriva de *ardil*, unha voz paralela ao castelán *ardid*, e que algúns dicionarios de galego recollen co valor de ‘astucia’, ‘estrataxema’, ou co de ‘esfuerzo’, ‘brío’. Para Corominas, eses substantivos son creacións a partir do cualificativo *ardido* (‘que ten valor ou coraxe para emprender algo’), que non ten que ver co verbo *arder*, senón con *hardi*, voz



Monumento ao *Ariete* |

creada polo francés a partir do frâncico **hardjan* (‘endurecer’; comparte orixe co inglés *hard*). E así, de *ardil* o galego tirou *ardeleiro*, ao que algúns dicionarios lle atribúen o sentido de ‘defensor’. Poderíase pensar, xa que logo, nun uso topónimo do adxectivo para referirse a un lugar coñecido por darse nel (ou con el) algún conflito: tal motivación podería ter sentido para as formas plurais (*Ardeleiros*), pero sería máis difícil de xustificar para as singulares (*Ardeleiro*). Ademais, ese cualificativo *ardeleiro* aparece no dicionario de Juan Cuveiro Piñol, de 1876, que presenta moitas palabras propias do castelán antigo como galegas, polo que a forma resulta sospeitosa.

Deixando xa o capítulo das hipóteses etimolóxicas e volvendo á presenza deste lugar de Lira na documentación histórica, vemos que aparece dúas veces na Comprobación do Catastro de Ensenada, unha como *Ardeleiro* e outra como *Ardeleyro*. O dicionario de Madoz non nos fala del; o que si fai é citar o xa amentado *Ardeleiro* de Cerqueda. Como apelido, non parece que o topónimo referido dese rendimento ningún, a xulgar polos datos da CAG.

Para rematar esta entrada, comentaremos que foi nas inmediacións desta praia onde se produciu o naufraxio do buque *Ariete*, da Armada española. Deste feito temos hoxe o microtopónimo *O Ariete*, que denomina un monumento á memoria do buque e do salvamento da súa tripulación por parte dos veciños (véxase a introdución).

Caldebarcos

Lugar da parroquia de San Mamede de Carnota

Entendemos que da forma deste topónimo —de novo un *unicum*— cabe deducir a unión de tres palabras, todas elas de filiación latina. Así, na primeira sílaba do nome temos *Cal-*, unha das evolucións ao galego do substantivo *CĀNĀLE*, de significado



| Enseada de Caldebarcos

‘condución de auga’ (as outras son *canle* e *canal*). Ese elemento vai unido pola preposición *de* ao apelativo *-barcos*, plural dun nome masculino formado a partir do latín tardío *BARCA*, que tiña en tempos dos romanos o mesmo sentido que agora. Polo tanto, *Caldebarcos* debe facer referencia a un punto de entrada e saída de embarcacións.

Trátase dun nome de lugar transparente, deducible dunha simple observación da costa próxima: unha abra limitada ao suroeste pola punta denominada *A Besugueira*, e ao leste-sueste por unha cadea de penedos mariños; no medio queda unha masa de auga relativamente estreita chamada *O Caldeiro*, talasotopónimo alusivo ao fondo calado do paso, que seguramente facilitou, de vello, o tránsito dos barcos.

O testemuño máis antigo que encontramos deste nome de lugar está nun documento do 10 de febreiro de 1451, conservado no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela e que se pode consultar na web *Gallaecia Monumenta Histórica*. Trátase dunha cesión dos dereitos sobre once freguesías, e entre as testemuñas do acto, que tivo lugar ante a porta da igrexa de San Mamede de Carnota, menciónase a *Juan da Câal de Barco*: ese apelido debe facer referencia ao noso *Caldebarcos*. A devandita cesión fixolla o arcebispo Rodrigo de Luna (1424 ou 1425-1460; arcebispo desde 1449) ao rianxeiro Sueiro Gómez de Soutomaior (c. 1417-1490), un destacado membro da nobreza galega, que máis tarde defendería os intereses da súa clase na gran guerra irmandiña (1467-1469). Por outra banda, un *Gonzalo de Caldebarcos* aparece citado no rexesto dunha fe de arrendamento datada o 21 de novembro de 1490 e conservada no AHUS.

Caldebarcos non está recollido no Interrogatorio Xeral do Catastro de Ensenada da parroquia, pero nas súas Comprobacións figura un individuo chamado Manuel Fernández como dono dunhas terras na *Agra de Canle de Barcos*. Pola mesma época, o padre Sarmiento menciona *Cal de Barco* na relación de lugares polos que pasou na súa viaxe a Galicia de 1745.

En Madoz entra xa como *Cal de Barcos*, lugar pertencente á freguesía de *San Mamed de la Carnota*. Polo que se refire aos nomenclátos de 1860 e 1880, recollen a forma *Caldebarcos*.

Este nome de lugar non se converteu en apelido, segundo os datos da CAG.

Canedo

Lugar da parroquia de San Mamede de Carnota

Na toponimia galega son moi abondosos os nomes de lugar con sufixo *-edo/-a* ou *-ido/-a* (dos latinos *-ĒTU* e *-ĪTU*, respectivamente), e que achegan a noción de abundancia: *Salceda/Salcedo* ('abundante en salgueiros'), *Maceda* ('abundante en maceiras'), *Casteda/Castedo* ('abundante en castiñeiros') etc. Así, en *Canedo* (e noutros que comparten a mesma raíz, como *Canido*, *Caneda* ou *Canedos*) temos ese sufixo unido á raíz *can-*, que herdamos do latín *CANNA* (emprestado do grego polos romanos). Esa palabra designa a cana común (*Arundo donax*), planta moi frecuente en brañas, lameiros, sistemas dunares etc. e cun talo que se pode aproveitar para facer lingüetas de instrumentos musicais, como o clarinete e o saxofón. Polo tanto, este lugar de San Mamede de Carnota debeu ser coñecido en tempos pasados pola presenza dese vexetal en gran cantidade.

A primeira atestación que atopamos do noso *Canedo* está nun diploma do 30 de decembro do ano 1028, conservado no Tombo A do Arquivo da Catedral de Santiago. Nel, o rei Vermudo III de León (1017-1037; rei desde 1028), ademais de confirmarlle á Igrexa de Santiago unha doazón previa (a da vila de Cordeiro, no Salnés), outórgalle a “*terram quam dicunt Carnotam [...] cum duobus castellis in ea fabricatis S. Iurgium et Canetum*” (“terra que chaman *Carnota*, [...] con dous castelos construídos nela: o de *San Xurxo* e o de *Canedo*”). A referida fortaleza de *Canetum* debeu ser unha torre de vixilancia erixida coa idea de detectar posibles incursións marítimas por parte dos bérberes e, sobre todo, dos viquingos ou normandos, frecuentes e especialmente daniñas entre os séculos IX e XI. Cómpre indicar que as referencias medievais ao castelo de *Canedo* desaparecen bastante cedo, probablemente por ser maior a importancia defensiva da torre de *San Xurxo* (véxase a entrada *Pindo*, O para máis detalles).

A construción está situada nun outeiro rochoso de 181 m de altitude, coñecido como *O Bico do Santo*. Hoxe, no seu curuto atópase unha cruz de pedra branca cunha inscrición, colocada alí en 1935 por un veciño chamado Domingo Otero Rama. Porén, o citado nome débese a que, segundo se cre, con posterioridade á fortificación, existiu nel unha ermida dedicada a San Sebastián, destruída polos franceses nos tempos da guerra da independencia. Hai constancia, en efecto, de que a tal ermida existiu: menciónaa o *Libro do Subsidio* da Igrexa de Santiago (1500); e tamén nos fala dela Jerónimo del Hoyo, cóengo cardeal da catedral de Santiago de Compostela, que traballou entre 1606 e 1620 como visitador da diocese. Nas súas viaxes interesouse por coñecer as particularidades das vilas polas que pasaba, compilando moitas delas nas súas *Memorias del Arzobispado de Santiago*.

Nesa relación comenta que na freguesía de Santa Comba de Carnota “ay una hermita de San Sevastián que tiene un lugar y heredades”. Non indica Del Hoyo o lugar preciso en que se atopaba a capela, pero o núcleo que a mantiña talvez fose o de Pedrafigueira, pois aínda hoxe se celebra alí unha festa na honra do santo.

Volvendo ao *Tombo de Toxos Outos*, hai nel máis testemuños deste *Canedo*. Un deles está no testamento do presbítero Cresconio Muñiz, datado o 22 de marzo de 1140; outro pódese ver nun outorgamento feito ao mosteiro por Martiño Crescóniz (1263). Aparece tamén, coa forma *Caneda*, nunha doazón e nunha carta de Sebastián Domínguez de Brens (1242 e 1289).

Avanzando no tempo, o Catastro de Ensenada indica que no lugar de *Canedo* está aberta unha taberna, e as súas Comprobacións mencionan un *río de Canedo* (debe ser o que hoxe coñecemos como *río da Rateira*), ademais de dous terreos chamados *Canedo*, rexistrados a nome de Alberto Blanco e Feliciano Casais. Xa no século XIX, o dicionario de Madoz cita *Canedo* como lugar da parroquia de *San Mamed de Carnota*, e tamén o recollen os nomenclátors estatais de 1860 e 1880.

Canedo, en singular ou en plural, aparece como nome de quince entidades de poboación no NG, repartidas polas catro provincias; e tamén hai un *O Canedo de Abaixo* na parroquia luguesa do Burgo. Polo que se refire á microtoponimia, *Canedo* ofrece tamén bastantes ocorrencias e, de feito, o que abordamos nesta entrada ten asociados na mesma parroquia varios nomes de lugar menores, como *Cruceiro de Canedo*, *O Campo de Canedo*, *Fonte de Canedo*, *Pasales de Canedo*, *Ponte de Canedo* e *O Feal de Canedo*.

Finalmente, se nos fixamos en *Canedo* como apelido, a CAG recupera actualmente 1407 casos, mais non parece que o comentado aquí dese lugar a apelido, pois a inmensa maioría das persoas que o levan localízanse en concellos centro-occidentais da provincia da Coruña, entre os que destaca o de Tordoia por ofrecer a maior porcentaxe.

Capelán, A

Lugar da parroquia de San Mamede de Carnota

Na edición anterior do NG este topónimo aparecía sen o artigo feminino, pero a xente da contorna, na súa gran maioría, emprégao sempre para referirse ao lugar, ao que se chega indo de sur a norte desde o núcleo de Pedrafigueira ao do Viso pola AC-550.

Como acontece ás veces, o significado do topónimo é transparente, pero máis difícil é coñecer a súa motivación. Comezando polo primeiro aspecto da cuestión, *Capelán* é un derivado adxectivo co sufixo -ANA do substantivo *capela*, evolución galega do latín tardío CAPPELLA, á súa vez diminutivo de CAPPA, que nos deu a nosa *capa*. Polo tanto, o primeiro sentido de *capela* foi o de ‘pequena peza de roupa de abrigo, sen mangas e aberta por diante, que se vai facendo máis ampla desde o colo ata abaixo dos xeonllos’. Cómpre explicar, agora, como é que esta voz chegou a

significar ‘edificio pequeno destinado ao culto’. Para iso temos que referirnos á figura de Martiño de Tours (316-397), soldado do exército romano que, aos seus 21 anos e segundo a lenda, atopou preto da porta da cidade francesa de Amiens un esmoleiro aterecido de frío; compadecido, Martiño resgou a súa capa militar en dous anacos e deulle un deles ao mendigo para que se abrigase. Co tempo, Martiño chegou a ser bispo de Tours e, á súa morte, sobre o seu sartego edificouse unha ermida. Nela, supostamente, gardábase un anaco da capa —unha *capela*— de Martiño; para rematar, unha simple metonimia fixo que a palabra cambiase de sentido. A veneración por Martiño de Tours estendeuse por toda Europa. En Galicia, por exemplo, é santo patrón de máis de dúascentas parroquias, entre elas a de Lariño, neste mesmo concello.

Toca agora, como dicíamos antes, intentar explicar a motivación deste topónimo carnotán, que, como xa dixemos, non é doada de establecer. En primeiro lugar, reparemos en que a forma é feminina, como marca a presenza do artigo, xa que nesta zona dialectal non se diferencia o masculino do feminino na terminación derivada do sufixo latino *-ānu/-āna*: tanto se di *o meu irmán* como *a miña irmán*. Dado que na tradición católica as mulleres non teñen acceso á condición sacerdotal, a única posibilidade de que *A Capelán* se refira ao posuidor dun cargo relixioso é que sexa a abreviación dunha expresión tipo *A (leira do) Capelán* ou *A (casa do) Capelán*, por exemplo. Sería útil, para aclarar a cuestión, contar con testemuños medievais deste nome de lugar, mais non é o caso. Tampouco o vemos posteriormente no Catastro de Ensenada nin na súa Comprobación. É certo que nesta última aparece un presbítero chamado Patricio Figueroa, titular de varias propiedades (en Peralbar, Os Redondos e A Senra) que non caen moi lonxe do lugar que analizamos aquí, pero que están máis preto da igrexa parroquial; non nos parece, xa que logo, un candidato firme a ser a persoa relacionada con este topónimo.

Outra posible interpretación é que *A Capelán* faga a referencia a unha muller coñecida por ese alcume. Neste caso, talvez a microtoponimia da zona nos sirva de pista: no lugar de *Canedo*, non moi afastado deste lugar, atopamos *O Herbal de Capelo*. Podería ser, polo tanto, que unha muller pertencente a unha familia apelidada ou alcumada *Capelo* fose propietaria dunhas terras ou dunha casa nese lugar. De feito, o apelido *Capelo* non é descoñecido no concello de Carnota: a CAG sitúao en sétimo lugar por porcentaxe de ocorrencias, ocupando a posición de cabeza o veciño municipio de Dumbría. Polo que se refire ao rendemento de *Capelán* como apelido, a CAG só rexistra 271 casos, recollidos todos en concellos da área da capital da provincia da Coruña.

Sexa como for, e vendo a xa comentada ausencia de testemuños antigos, sumada á falta de referencias en Madoz e nos nomenclátors estatais de 1860 e 1880, semella claro que o núcleo de poboación é de constitución relativamente recente: de feito, nos nomenclátors de España do século xx só asoma a partir de 1930 (como *Capelán*, sen artigo).

O NG reconece dúas entidades de poboación de nome semellante ao desta, ambas na provincia da Coruña: *O Capelán*, no concello e parroquia de Arzúa, e na freguesía de Oca, en Coristanco. Pola súa parte, o portal Galicia Nomeada recolle ata 27 microtopónimos onde aparecen as formas *Capelán*, *Capelá* ou *Capelás*, soas ou integradas nun sintagma.

Carafunchales, Os

Terras na parroquia de San Mamede de Carnota

Levan este nome unhas terras próximas ao lugar de Cornido. O sufixo *-ales* (< lat. ALES) está influído polo castelán, pois o plural patrimonial e antigo na zona é en *-ás*, como demostran, por exemplo, os microtopónimos *Trigás* e *Os Casás* (ambos na parroquia de Santa Comba de Carnota). Malia non haber trazos deste nome de lugar na documentación procedente dos arquivos medievais, si que o atopamos (como *Carafinchas*, segundo o rexesto) nun foro concedido o 1 de marzo de 1596 a Bieito García por Paio Mariño de Lobeira, señor da Serra de Outes. Grazas a ese documento do AHUS sabemos, ademais, que o lugar tamén se coñece como *Outeiro Redondo*, microtopónimo hoxe conservado, e que non cae lonxe das terras actualmente chamadas *Os Carafunchales*. Porén, non aparece no Catastro de Ensenada nin nas súas Comprobacións, e está ausente tamén do dicionario de Madoz e dos nomenclátoreos do século XIX.

En canto á súa etimoloxía, parece clara a súa derivación do termo *carafuncho*, que ten a súa historia. En primeiro lugar, o padre Martín Sarmiento, na crónica da viaxe a Galicia que fixo en 1745, comenta que en Bergondo (A Coruña) oíu “llamar así a una planta alta como el verbasco [...]. Sus hojas puestas sobre diviesos, *carafunchos*, etc., los revienta con prontitud”. Por outra banda, en época máis recente, o profesor e académico Aquilino Iglesia Alvariño, aplicando un concepto exposto polo filólogo Vicente García de Diego, indica que é un cruzamento de dúas palabras, asociadas polos falantes debido á súa semellanza sonora e á proximidade de significado. Unha delas é *caruncho*, formación romance creada a partir do diminutivo feminino latino CĀRUNCŪLA, ‘pequeno anaco de carne’, e que, en galego, entre os seus moitos significados ten o de ‘excrecencia cutánea’. A outra é *furuncho*, voz que provén do latín FŪRUNCŪLU, tamén un diminutivo, neste caso procedente do substantivo *fur*, ‘ladrón’ (e da que o galego tamén derivou o cultismo *furunculo*). Nun principio, FŪRUNCŪLU referíase a un rebento da viña, polo sentido figurado de que lle rouba, como un ladrón, o zume ao talo principal; logo, a forma arredondada do gromo fixo que a palabra servise tamén para nomear os pequenos tumores duros e purulentos que adoitan formarse na superficie da pel e do tecido subcutáneo.

Polo visto ata aquí, semella que do cruzamento entre *caruncho* e *furuncho* naceu *carafuncho*, palabra que está viva na fala desta zona, especialmente entre a xente de máis idade, co significado de ‘gran’, ‘pequeno tumor purulento na superficie da pel’. Ora ben, non parece que *Os Carafunchales* poida dar conta dun

lugar abondoso en grans purulentos: é razoable pensar que ese substantivo común desenvolveu outro tipo de significado, máis acaído á función toponímica. Así, é probable que o nome faga referencia á abundancia dalgunha planta empregada para tratar afeccións cutáneas. Con todo, non é doado demostralo e a condición de *unicum* deste topónimo non axuda. Quedamos, xa que logo, no ámbito da mera hipótese.

Carballal, O

Lugar da parroquia de Lira

Como é evidente, este topónimo indica que en tempos pasados a zona se distinguía doutras da contorna pola abundancia de carballos. Polo tanto, este nome de lugar está relacionado, por compartir familia léxica, cos moitísimos *Carballo(s)*, *Carballeira(s)*, *Carballeiro(s)*, *Carballoso(s)*, *Carballiño(s)*, *Carballa(s)*, *Carballido(s)* ou *Carballedo(s)* presentes na toponimia galega (máis de 6 000 ocorrencias recolle o portal Galicia Nomeada). Isto dá fe de que a árbore foi outrora moi abondosa en todo o noso territorio. Con todo, en época máis moderna, sobre todo na Galicia costeira, gran cantidade de carballeiras foron substituídas por especies alóctonas, como eucaliptos, piñeiros e acacias: por iso moitos carballos só sobreviven nun estrato case arbustivo, no medio de piñeirais e eucaliptais. A situación é algo diferente, iso si, se miramos o interior do país (provincias de Lugo e Ourense), onde a progresiva perda de poboación humana está a provocar que o carballo recupere bastante solo agrícola.

Hai e houbo varias especies desta árbore en Galicia, pero, en xeral, o substantivo *carballo* designa na nosa lingua a árbore de nome científico *Quercus robur*, o carballo común, tamén chamado *carballo veriño* ou *carballo bravo*. Porén, con ese termo tamén podemos referirnos á *Quercus pyrenaica* (*carballo cerquiño*, *carballo negro* ou *carballo mouro* son algunhas das súas denominacións).

En canto á súa etimoloxía, a voz *carballo* non pode provir por evolución fonética de *quercus*. Así, a maioría dos especialistas avogan por unha raíz prerromana **carb-*, que puido ter como significado primitivo ‘ramallo’. Ese lexema, unido ao sufixo latino *-alŭ*, acabou formando a palabra actual.

Non atopamos atestacións antigas para *O Carballal* de Lira nin tampouco aparece no Catastro de Ensenada nin nas súas Comprobacións. Temos que agardar ata o século XIX, onde se recolle como aldea no dicionario de Madoz. Poucos anos máis tarde, o lugar aparece tamén nos nomenclátors estatais de 1860 e 1880.

Xa dixemos que *carballo* e os seus derivados tiveron moita presenza na formación da toponimia galega. No caso de *Carballal*, déixase ver (con ou sen artigo, e sendo parte ou non dun sintagma toponímico) nada menos que 99 veces no NG. Na microtoponimia do concello de Carnota, ademais, temos nomes de lugar construídos sobre a mesma base: bos exemplos son *Os Carballos* e *Carballido* (Lira); *Os Carballasas* (Lariño); *A Carballeira*, *A Carballeira do Cura* ou *O Carballoso*

(Santa Comba de Carnota); *O Carballo*, *O Carballoso*, *A Carballa Alba*, *As Carballas* ou *A Carballerada* (San Mamede de Carnota); *Os Carballiños* (O Pindo) etc. Cómpre sinalar que, entre eles, *Os Carballos* de Lira, así como *O Carballo*, *O Carballoso*, *As Carballas* e *A Carballerada* (San Mamede de Carnota), figuran na Comprobación do Catastro de Ensenada.

Por outra banda, non parece que *O Carballal* desta parroquia tivese rendemento como apelido, pois a CAG non rexistra ningún caso de *Carballal* no concello de Carnota nin nos municipios veciños: os lugares con maior porcentaxe de ocorrencias son o concello pontevedrés da Lama e o ourensán da Mezquita. De feito, nos dous territorios o portal Galicia Nomeada dá conta de varios microtopónimos que inclúen *Carballal*: un na Lama e máis de vinte na Mezquita.

Carnota

Lugar da parroquia de Santa Comba de Carnota e capital do concello

A propósito da etimoloxía deste topónimo, parece que cómpre retrotraela á raíz prerromana, probablemente indoeuropea, que se adoita reconstruír como **kar-/*kor-* (estendida cun sufixo **-n-*), e que veremos tamén en *Cornido*. Atribúeselle o significado de ‘pedra’, e é a mesma base que se propón para outros nomes de lugar como os varios *Cornes* que atopamos en Galicia, os italianos *Alpi Carniche* ou o inglés *Cornualles* (onde lle chaman *Cornwall*; literalmente ‘muro de pedra’, se a hipótese é correcta).

En *Carnota*, a raíz está complementada co sufixo *-ota*, que parece ser o mesmo que vemos no adxectivo *miñoto*, *-a*. Este morfema, de claro significado relational, non ten moito rendemento en galego, e é de improbable procedencia latina: na lingua dos romanos só o atopamos no adxectivo de sentido relativo *aegrotus* (‘enfermo’, derivado de *aeger*, de idéntico significado), unha formación léxica moi rara no seu idioma. Podería ser, polo tanto, un sufixo prerromano ou ben unha



Vista da praia de Carnota desde o mirador de Lira

creación do latín tardío ou dos primeiros tempos do romance. En todo caso, igual que *miñoto* é un adxectivo que significa ‘da beira do outro lado do Miño’, *Carnota* sería, en orixe, un cualificativo (aplicado a *terra*, por exemplo), que tería como sentido ‘das pedras’.

Como vimos na Introducción, o topónimo *Carnota* serviu, nos primeiros tempos da Idade Media, para designar un territorio bastante máis amplo que o lugar e concello actuais. Por iso, e dado que neste libro as parroquias de *San Mamede de Carnota* e *Santa Comba de Carnota* teñen cadansúa entrada, a seguir mencionaremos as atestacións que teñen que ver coa designación toponímica xenérica ou co núcleo capital do municipio.

Así, de *Carnota* temos testemuños documentais que nos fan retroceder no tempo ata o século IX, pois o primeiro texto en que aparece é o *Documento de Tructino* (véxanse a introdución e a entrada *Pindo*, O para máis detalles). Un pouco máis tarde, no ano 912, o territorio de *Carnota* cítase na confirmación que o rei Ordoño II —de Galicia primeiro, e de León despois— lle fixo ao bispo Sisnando II de Iria sobre unha serie de propiedades e privilexios. Pouco máis tarde, en 934, asoma *Carnota* na división de propiedades que Rosendo, bispo de Celanova, fixo cos seus irmáns da herdanza paterna (texto do que volveremos falar, igualmente, ao tratar sobre *O Pindo*).

Nos mesmos arquivos medievais atopamos variantes do nome: *Carinota* está en varios documentos do *Tombo de Celanova* do século X; e no *Tombo A* da Catedral de Santiago atopamos *Karnota* (1011), testemuñada tamén en cadeas onomásticas no *Tombo de Toxos Outos* (1153 e 1252). Porén, a actual grafía foise impondo ao longo da Idade Media: temos moitas atestacións dela entre os séculos XII e XIII, así como do seu uso como segundo nome. Contamos tamén cun testemuño antigo do xentilicio, pois o testamento do cabaleiro Pedro Seco (1158), conservado tamén no convento de Toxos Outos, fala dunhas propiedades situadas “sub pena *Belreu Carnutaus*” (onde *Belreu* podería ser o actual *O Burleo* da freguesía de Serres, no municipio lindeiro de Muros).

No Catastro de Ensenada atopamos consolidada a forma *Carnota*, que alí serve para referirse a calquera das dúas freguesías que hoxe levan o seu nome: *San Mamede* e *Santa Columba*. Porén, se recuamos dous séculos, atopamos unha atestación do ano 1500, pertencente ao *Libro do Subsidio* da Igrexa de Santiago, que dá conta das taxas pagadas por varias parroquias ao papa e ao rei. Nesa nómina aparece a ermida de *Sant Sabastian de Carnota*, hoxe desaparecida, e que estaba, moi probablemente, situada no outeiro que hoxe chaman *O Bico do Santo* (véxase a entrada *Canedo* para ampliar información).

Aínda no século XVIII, a descrición xeográfica da costa galega realizada por Xosé Cornide detense en *Carnota* para dicir que posúe unha “pequena playa” (de seguro que non se refire a todo o longo areal que hoxe coñecemos como *praia de Carnota*) e un “puerto de muy poca consideración”.

O dicionario xeográfico de Madoz comenta con certo detalle as características do municipio de *Carnota*. Polo que toca aos nomenclátore do século XIX, recollen a cabeceira da parroquia co nome de *La Iglesia*. Esa denominación fai referencia ao templo parroquial, construído en 1755 sobre unha igrexa románica anterior. Ao seu carón está o *hórreo de Carnota*: erixido en 1768 con once pares de pés, foi ampliado en 1783 con outros once, ata alcanzar os 34,76 m de longo e 1,89 m de ancho.

Cómpre indicar tamén que estes nomenclátore (así como os do século XX desde 1930, que o rexistran como *Fontes*) inclúen nesta parroquia un lugar hoxe non recoñecido polo NG: *Fuentes* (doce edificacións no de 1860, que soben a 24, con outros tantos habitantes, en 1880). Algo máis dun século antes, o Catastro de Ensenada tamén fala dun lugar chamado *Fontes*, no cal vivían cinco veciños (cabezas de familia); e a súa Comprobación menciona un *molino das Fuentes*, cuxa propiedade era unha muller chamada María Fernández. Con estes datos, consideramos moi probable que ese lugar se corresponda co actual topónimo menor *A Agra das Fontes* (que ten asociados os tamén microtopónimos *A Costa das Fontes* e *Os Prados das Fontes*). Dese *Fontes*, ademais, existen testemuños antigos: no xa mencionado testamento de Pedro Seco cítase un *Pelagius das Fontes* (véxase tamén a entrada *Santa Comba de Carnota*); e no mesmo documento de 1490 que fala dun *Gonzalo de Caldebarcos* aparecen tamén *Ruy das Fontes* e *Afonso das Fontes*. Hoxe a zona do antigo *Fontes* está cuberta por vexetación arbórea e arbustiva, pero a cousa cambia se observamos as fotografías aéreas do Voo Americano: nelas nótase que gran parte da terra estaba cultivada e apréciase a presenza de varias edificacións. Ademais, o núcleo aparece no mapa topográfico do *Instituto Geográfico Nacional* correspondente a esta área, cuxos datos foron recollidos durante as décadas de 1970 e 1980.

Non hai outro *Carnota* no NG, pero a toponimia menor ofrécenos nomes semellantes. Sen saírmos deste concello, na freguesía do Pindo topamos coa *Cova de Carnota*, que pode facer referencia a un antigo propietario coñecido polo seu apelido ou alcume; o mesmo pode ser de aplicación ao *Agro de Carnota* (no veciño concello de Muros), *Os Campos de Carnota* (na parroquia de Toxos Outos, en Lousame, e na de Budiño, no Pino), e *A Eira de Carnota* (de novo no municipio do Pino, na parroquia de Lardeiros). Ademais, temos varios exemplos da forma *A Carnota*: na provincia da Coruña, en San Mamede de Ribadulla (Vedra), en Quintas e Vilamourel (Paderne); e na de Pontevedra, en Cira (Silleda); e, por outra banda, en Alvite (Negreira) está *Suascarnotas*. En Portugal tamén aparece nunha ocasión *Carnota*, nome dunha freguesía do concello de Alenquer, no distrito de Lisboa.

A CAG rexistra algo menos de 800 persoas que levan o apelido *Carnota*, pero ningún dentro deste concello nin dos limítrofes. As maiores porcentaxes danse nos municipios coruñeses de Frades, O Pino (onde xa vimos que existe como topónimo) e Brión.

Carracedo, O

Lugar da parroquia de San Mamede de Carnota

Parece haber un acordo xeral entre os investigadores acerca da procedencia e motivación de topónimos como *Carracedo*, *Carrizal*, *Carregal*, *Carriceira*, *Carra-ceira*, *Carraguedo* ou *Carragoso*. Toda a serie fálanos de zonas onde abunda (ou abundou) unha ou varias especies botánicas que designamos co nome de *carrizo*. Esta forma tense relacionado co latín **cārīceu*, adxectivo derivado do substantivo *cārex*, que na lingua dos romanos se refería tamén ao vexetal mencionado; porén, esa vinculación non explica a presenza da vibrante múltiple nos nomes de lugar citados. Outra posibilidade é que esas formas se remonten á base prerromana **kar-/ *kor-* ('pedra'), a mesma que vimos ao tratar sobre *Carnota* e *Cornido*.

De todos os xeitos, como explica Gonzalo Navaza, os dicionarios de galego adoitan identificar a devandita planta co *carrizo* castelán (*Phragmites communis*). Nese caso, trátase dunha herbácea da familia das gramíneas, con talos de ata tres ou catro metros de altura e follas planas. Ten, ademais, a capacidade de medrar na superficie na busca de auga, para o que se serve do seu rizoma rasteiro; por iso adoita colonizar solos húmidos, como as beiras dos cursos de auga (e preto do lugar aquí comentado pasa un regato). Con todo, hai testemuños de que na lingua galega podería ter un significado máis xenérico, probablemente dependendo da zona: como recolle tamén Navaza, frei Martín Sarmiento di, por exemplo, que en Setados (As Neves, Pontevedra) lle chaman *carrizo* ao que noutros lugares é a queiruga; e o padre Xoán Sobreira indica que o termo é equivalente de *xunca*.

A primeira atestación que atopamos do lugar chamado *O Carracedo* de San Mamede de Carnota figura no rexesto dun documento datado o 13 de xaneiro de 1556 do AHUS. Nel Cristóbal Mariño de Lobeira, señor da Serra de Outes (a mesma casa nobiliaria da que falamos ao comentar *Os Carafunchales*), xunto co capitán Pedro do Campo Mariño, ambos residentes en Pontevedra, arréndanlle por nove anos a Juan de Vigo, veciño da parroquia de San Mamede de Carnota, o chamado *Agro de Carracedo*, así como outro terreo chamado da *Fonte do Acivido* (microtopónimo conservado hoxe en día).

Séculos máis tarde, este lugar non aparece no Interrogatorio Xeral do Catastro de Ensenada da parroquia. Porén, nas súas Comprobacións menciónanse cinco titulares de distintas terras coñecidas como *Carracedo*, *Carrazedo* e *Carrasedo* (neste caso co seseo propio da zona dialectal). Polo que se refire ao dicionario de Madoz e aos nomenclátors de España dos séculos XIX e XX, non o recollen.

Ademais do lugar denominado *O Carracedo* deste municipio, o NG recolle outros 23 topónimos maiores que conteñen o mesmo termo, as máis das veces sen artigo e en singular, aínda que tamén hai dous *Os Carracedos* (ambos no municipio lugués de Abadín, nas parroquias de Covite e A Graña de Vilarente), así como exemplos do uso do termo en sintagma toponímico. Se nos fixamos na microtoponimia galega, a presenza desta forma non é pouco abundosa, aínda que chaman a

atención as escasas ocorrencias na zona occidental da provincia da Coruña, á que pertence este concello.

A CAG non rexistra ningunha persoa apelidada *Carracedo* no concello de Carnota nin tampouco en ningún dos limítrofes. Desde logo, o apelido dáse noutros municipios, espallados polas catro provincias galegas, cos concellos da Veiga (Ourense) e Abadín (Lugo) nos dous primeiros lugares en canto a porcentaxes. No primeiro deles, ademais, hai un *Carracedo* como nome de lugar maior, que talvez sexa a orixe do apelido na zona.

Carreiroa

Muíño, accidente costeiro e praia da parroquia de San Mamede de Carnota

Temos aquí un diminutivo co sufixo latino -ŎLA de *carreira*, que á súa vez é un derivado co sufixo -ARIU do substantivo latino CARRU ('carro'). Así, o significado etimolóxico desa voz é o de 'camiño de carros', e, polo tanto, *Carreiroa* fai referencia, en principio, a unha vía de paso para eses vehículos, pero máis estreita e irregular do habitual. Os derivados do CARRU latino son moi abondosos na toponimia galega, pois é doado topar con nomes como *Carril*, *Carral*, *Carrás* ou *Carrais*, *Carreira*, *Carreiriña* etc.

Porén, no caso deste nome de lugar, parece posible que, partindo da idea de 'estreitura', designe unha canle marítima, e non unha vía terrestre: en efecto, *Carreiroa*, a *praia de Carreiroa* e o *muíño de Carreiroa* están nun estreito entrante do mar na terra, que debeu servir como acceso e saída de pequenas embarcacións. A mesma motivación debe ter a chamada *Punta Carreiroa* que vemos en San Cosme de Outeiro (Outes, A Coruña), pois tamén alí o mar forma unha angosta lingua que penetra na terra.

Moi preto destes tres topónimos menores está outro nome de lugar menor: *Carreiroas*, unhas terras situadas na beira norte do chamado *rego dos Muíños*, que nese punto marca o límite entre as parroquias de San Mamede de Carnota e a do Pindo. Ao longo dese curso de auga construíronse dezasete muíños, que se contan entre os 129 inventariados en todo este concello, cifra rechamante se temos en conta que no territorio do municipio non se atopan cursos de auga de moito caudal.

No documento de principios de 1451, ao que xa fixemos mención cando nos referimos a *Caldebarcos*, atopamos citado un individuo chamado *Juan Fernandes de Carreyroo*. Xunto a el aparecen nomes como *Juan de Câal da Barco*, *Juan Lourenço de Carnota*, *Gonçalvo de Cornito* (*Cornido*, do que falaremos máis adiante) ou *Juan de Pineiro* (*Piñeiros*, que tamén analizaremos no seu momento). Dado que esas persoas eran de lugares próximos entre si, e todos eles pertencentes a este municipio, consideramos moi probable que o amentado *Juan Fernandes de Carreyroo* fose da zona que hoxe coñecemos como *Carreiroa*.

Porén, máis aló deste testemuño do século xv, non atopamos referencias a este microtopónimo no Catastro de Ensenada nin nas súas Comprobacións, nin tampouco en Madoz nin nos nomenclátors estatais dos séculos xix e xx.

Para rematar, *Carreiroa* dá nome a unha entidade de poboación maior na parroquia de Lanzós (Vilalba, Lugo); e, se acudimos á CAG, non vemos ningunha ocorrencia de *Carreiroa* como apelido.

Castelo

Lugar da parroquia de San Mamede de Carnota

En latín a palabra *castrum* significa ‘fortificación’ en xeral. Como eses recintos se erixían moitas veces en elevacións do terreo, a evolución ao romance engadiulle o senso de ‘lugar alto’, que está presente nos moitísimos *Castro* que temos en Galicia, na toponimia maior e na menor.

De *castrum* o propio latín tirou o diminutivo CASTELLU, predecesor de *Castelo* e de *Castrelo*, este último cun /r/ que adoita aparecer tras o grupo consonántico latino /s/ + oclusiva: *estrela* e *congostra* veñen, respectivamente das voces STELLA e CŌANGUSTA, por exemplo (cómpre dicir que máis dun *Castrelo* será en orixe, de certo, un diminutivo xa romance de *castro*). En todo caso, *Castelo* e *Castrelo* son moi rendibles na toponimia, e neste mesmo concello temos os microtopónimos *Castelos* (San Mamede de Carnota), *O Castelo* (O Pindo), ou *Os Castelos* (Lira e San Mamede de Carnota). Ademais, no extremo norte do monte do Pindo vemos *Entrecastelos*, que denomina un lugar situado entre *O Castelo Grande*, nunha posible referencia ás pedras da antiga fortaleza de Penafiel (véxase a introdución) e *O Castelo Pequeno* (un outeiro situado ao norte do anterior, que recibiu ese nome por percibirse como un xemelgo dese último).

En tanto que nome de lugar, e como acabamos de ver, *Castelo* pode designar simplemente un lugar elevado (igual que *Castro*), pero tamén unha fortificación (conservada ou non), calquera construción de tamaño variable dedicada á vixilancia, ou mesmo un edificio de tipo máis ou menos señorial. No caso deste topónimo carnotán, sábese da existencia da fortaleza que lle deu nome: o lugar de *Castelo* está a pouca distancia, ao nordeste, do outeiro rochoso en que estivo a torre de vixilancia de Canedo, documentada a principios do século xi. Podemos tamén atopar a pegada da fortificación na microtoponimia da contorna: preto desta entidade de poboación vemos o *Río de Castelo*, *Os Terreos de Castelo* e *A Costa de Castelo*; e ao suroeste da elevación os terreos deberon ser brandos, polo que a esa zona lle chamaron *Lamas de Castelo*, nome que hoxe leva o Instituto de Ensino Secundario alí situado.

O lugar non aparece recollido no Catastro de Ensenada nin nas súas Comprobacións. É certo que estas últimas citan un tal Phelipe de Moledo como propietario dunha peza chamada *Castelo*, mais está situada no antigo couto de Adraño, polo que debe corresponderse co actual microtopónimo *Os Castelos*, que mencionabamos no segundo parágrafo desta entrada. Se entramos no século xix, vemos

Castelo recoñecido no dicionario de Madoz, que tamén o cita, probablemente por erro, na lista dos lugares pertencentes á parroquia de Lira. Ademais, dan conta del os nomenclátoreos estatais de 1860 e 1880.

O NG rexistra 94 lugares maiores, repartidos polas catro provincias do país, que inclúen a voz *Castelo*, en singular ou plural, con artigo ou sen el, e só ou en sintagma toponímico. Como apelido, a CAG indica que os concellos lugueses de Oulol e Muras son os primeiros en porcentaxes de ocorrencias (de feito, *Castelo* está presente na toponimia dos dous municipios); porén, non o detecta no concello de Carnota.

Cornido

Lugar da parroquia de San Mamede de Carnota

Neste topónimo temos, cun vocalismo diferente, a mesma base prerromana que en *Carnota*: **kar-/ *kor-*, de significado ‘pedra’. O lexema está aquí estendido co sufixo romance abundancial *-ido* (< latín *-itū*). Polo tanto, *Cornido* significaría, segundo esta teoría, ‘pedregal’.

Con todo, e seguindo a Navaza, non se pode descartar que algún dos *Cornido* que aparecen na toponimia galega —e este podería estar entre eles— indique a presenza abundante dalgún vexetal do xénero *Cornus*, que abrangue entre 30 e 60 especies de plantas de follas caedizas. Entre elas, a máis habitual en Galicia é *Cornus sanguinea*, coñecida comunmente en galego como *sanguinho* ou *sangomiño*. Isto obrigaría a supoñer que no pasado do noso idioma existiu un termo coa raíz *corn-* (con base no latín *CORNU*) para designar o sangomiño ou algunha outra especie deste mesmo xénero; porén, non temos documentación sobre esa suposta voz.

Por outra banda, o estudoso Joseph M.^a Piel apunta a posibilidade de que *Cornido* e outros nomes de lugar co mesmo lexema procedan do substantivo latino *cōrnu*, ‘corno’ (homónimo do nome da planta mencionada no parágrafo anterior), e delaten un sentido figurado: unha formación rochosa ou montañosa con forma de corno.

Se pasamos a analizar as atestacións deste topónimo carnotán, semella que a primeira está nun documento do *Tombo de Toxos Outos* do 20 de marzo de 1216, data en que Xoán Reimúndez e a súa esposa, María Afonso, lograron do mosteiro a cesión dunha serie de bens en arrendamento, dos que gozarían mentres vivisen: “et cum eis ego Johannes Remundi alias duas servicialias similiter bene populates una in *Cornido* et alteram in ipsa villa de *Pignario*”. Aquí vemos a mención de *Cornido* e de *Piñeiros* (*Pignario*, do que falaremos na entrada correspondente), e a súa descrición como terras habitadas (“bene populates”). Máis adiante, no século xv, atopamos tamén rexistrado este nome de lugar en varios documentos, entre eles a cesión de dereitos sobre once freguesías do ano 1451, nas que aparece como testemuña un *Gonçalvo de Cornito*, xa citado na entrada dedicada a *Carreiroa*.

No século XVIII, o Catastro de Ensenada dá conta do río que pasa polo lugar, ao que denomina *Cornide*, unha forma en que, se o escribían non errou, se ve unha relaxación da vogal final. Un século máis tarde, o lugar aparece rexistrado no dicionario de Madoz; os nomenclátors estatais do século XIX tamén o recollen.

O NG reconece hoxe outras tres entidades maiores de poboación chamadas *Cornido*: na provincia da Coruña, nas parroquias do Val (Narón) e Nebra (Porto do Son); e na de Lugo, na freguesía de Silán (Muras). Tocante ao seu posible rendemento como apelido, non debeu darse, pois a CAG non rexistra ningunha ocorrencia.

Cruces, As

Lugar da parroquia de San Mamede de Carnota

Os substantivos *cruz* e *cruceiro* (ambos con base no latín CRŪCE) son moi frecuentes na toponimia, se ben en moitos casos non é doado coñecer a súa motivación e significado orixinarios: unhas veces designan unha cruz erixida no lugar e outras só dan fe dunha encrucillada viaria. Neste lugar temos os dous elementos, mais a motivación orixinal debe ser a segunda delas, pois alí atópase un cruzamento que antano foi importante dentro da parroquia, antes da construción, no primeiro terzo do século XX, da estrada hoxe denominada AC-550. Esta foi trazada máis ou menos en paralelo ás vías que unían as diferentes entidades de poboación, pero máis ao oeste e, polo tanto, máis preto do mar, aproveitando a amplitude da chaira carnotá. Os dous camiños que se topan no lugar chamado *As Cruces* son o que vai en dirección sur-norte, comunicando os lugares de Piñeiros e Vilar de Parada, e o que corre de leste a oeste, enlazando O Viso e A Rateira e estendéndose cara a Louredo.

Ademais, como comentabamos, no lugar denominado *As Cruces* temos un dos millares de cruceiros (algunhas estimacións falan de máis de 10 000) que se erixiron en Galicia. Malia ter un significado inequivocamente cristián, moitos destes piares marcan lugares sinalados con anterioridade por un culto pagán. As encrucilladas foron sempre sitios que estimularon a relixiosidade: onde se encontraban dous ou máis camiños, o viaxeiro tiña que decidir que vía seguir; tamén eran sitios moi propicios para os asaltos e os roubos. Por iso era frecuente dotalos dalgún tipo de monumento dedicado a unha divindade, como petición de amparo. Por exemplo, os antigos gregos adoitaban erixir monólitos dedicados ao deus Hermes, protector dos viaxeiros, e os romanos levantaban imaxes dos *Lares Compitales*, representados por unha parella de mozos.

O cruceiro mencionado pertence ao tipo dos chamados *de cruz*, o que significa que non ten imaxe de Cristo crucificado. A cruz é de sección octogonal con botón central, mentres o capitel ten sección cuadrangular e posúe molduras. Pola súa parte, o fuste é de perfil cadrado, coas arestas rebaixadas, e está apoiado nunha base irregular, desprovista de plataforma.



| As Cruces, co cruceiro

Non atopamos testemuños antigos sobre este topónimo, e tampouco aparece no Catastro de Ensenada nin en Madoz nin nos nomenclátors do século XIX: figura por primeira vez no nomenclátor de España de 1920, e mantense nas edicións seguintes (sempre como *Cruces*). Polo tanto, converteuse en entidade de poboación en tempos máis ou menos recentes e durante séculos probablemente só foi pouco máis que un cruzamento de camiños. Cómpre indicar, de todos os xeitos, que nas Comprobacións do Catastro de Ensenada se cita un *Gregorio de Piñeyros*, propietario dun terreo no *Cruceiro*, que podería facer referencia ao que antes describimos; porén, consideramos máis probable que *O Cruceiro* indicado sexa o que se atopa no lugar da Rateira, pois a cruz de pedra que temos no núcleo denominado *As Cruces* chámase *O Cruceiro das Cruces*, mentres que a que está no segundo lugar mencionado é coñecida, simplemente, como *O Cruceiro*.

Segundo o NG, hai 22 lugares da toponimia maior, repartidos polas catro provincias, que inclúen o substantivo *Cruces*, con artigo, sen el ou en sintagma. En canto ao seu rendemento como apelido, está presente sobre todo no sur da provincia de Pontevedra, con especial concentración nos concellos do Covoelo e Mondariz.

Cubelo

Lugar da parroquia de San Mamede de Carnota

Segundo apunta Antón Santamarina, a gran maioría dos *Cubelo(s)* que podemos atopar en Galicia son diminutivos da voz común *covo*, ‘cavidade de forma arredondada feita no terreo’. A orografía deste lugar de Carnota responde a esa descrición, pois atópase nunha depresión limitada polo pico do chamado *Outeiro Grande*, ao noroeste, e o denominado *Alto da Laxe Ferrada*, ao sur-suroeste.

A etimoloxía de *covo* non é sinxela. Corominas, ao falar do vocábulo castelán *cueva*, proponlle unha orixe no latín *CŎVA, suposto feminino dun adxectivo arcaico CŎVUS, antepasado do clásico *cavus*; sería ese CŎVUS o que estaría tras o

noso *covo*. Porén, e segundo comenta tamén Santamarina, estudosos como Isidoro Millán opinan que a palabra ten unha procedencia prelatina, e que quizais estaría presente nalgunha das linguas faladas na Península Ibérica antes da chegada dos romanos.

En todo caso, e dando por moi probable a relación de *Cubelo* con *covo* (co peche da vogal átona da sílaba inicial, fenómeno frecuente), acaeríalle unha grafía *Cuvelo*, que vemos, alternando con *Cubelo*, na maioría dos testemuños máis antigos que atopamos do lugar. Están estes en varios documentos do século xv do AHUS. Nun deles, de 1434, o lugar figura, por certo, como *Covello* (unha grafía nada estraña para a época, malia que citamos por rexesto). Noutro, de 1448, vémosto como *Covelo*: trátase dun título de excomuñón emitido contra un grupo de persoas que, segundo parece, atentaban contra a propiedade privada no lugar. Case un século máis tarde, nunha concesión de foro datada en 1541, aparece como *Cubelo* (citamos de novo por rexesto) e en relación cun muíño, o máis antigo do concello de Carnota do que se ten noticia.

A grafía imponse xa no século xviii, época do *Catastro de Ensenada*, que rexistra un muíño en *Cubelo* (quizais o mesmo ao que nos acabamos de referir), ademais dunhas terras chamadas *Cruz de Cubelo*, microtopónimo recollido na actualidade como *A Cruz de Cubelo* e que designa un cumio próximo ao lugar. Este tamén é mencionado nas Comprobacións do devandito catastro, que citan un tal Pedro de Caamaño como dono dunhas terras en *Cubelo*. Igualmente, asoma en Madoz e mais nos nomenclátors estatais do século xix.

Como vemos, existe tradición antiga da grafía con , malia ser anti-etimolóxica. Esa é a razón pola que se manterá nas vindeiras edicións do NG, e a mesma pola que algúns *Covelo(s)* e *Covela(s)* mudarán o <v> polo (nalgunos casos, atendendo a reclamacións dos veciños dos lugares). E cómpre non esquecer, ademais, a posibilidade de que algún deses topónimos estea relacionado etimoloxicamente con *cubo*, tamén presente na toponimia galega, en referencia a un estanque ou depósito dun muíño onde se acumula a auga que lle chega a través da canle.

O NG non contén ningunha outra entidade maior de poboación denominada *Cubelo* (si o composto *Portocubelo*, neste mesmo concello, e do que trataremos máis adiante). Pola contra, a forma *Covelo* (a meirande parte das veces en singular e con artigo) aparece nese repertorio ata en 53 ocasións. Por outra banda, na microtoponimia desta mesma parroquia de San Mamede de Carnota están *O Aguillón da Queima de Cubelo* e *Os Cubelos*. Fóra deste municipio, *Cubelo* asoma, só ou en sintagma, en varios concellos repartidos, na súa maioría, polas provincias da Coruña e Lugo.

Parece probable que este topónimo se convertese en apelido, pois a CAG rexistra ocorrencias de *Cubelo* (moi poucas: só 64) unicamente nos concellos de Carnota e Muros. *Covelo* é moito máis abondoso, e ten presenza sobre todo nas provincias de Ourense e Pontevedra; de *Cobelo* non hai tantos casos, e a meirande parte atópanse no norte das provincias da Coruña e Lugo.

Curra, A

Lugar da parroquia do Pindo

Do substantivo latino CURRŪ ('carro') tiramos en galego *curro*, voz cuxa primeira acepción é 'curral, xeralmente de pequenas dimensións'. Semella que, en momentos pasados da historia do idioma, os falantes produciron unha metonimia: usaron a palabra que designaba o carro para referirse ao recinto onde este vehículo se gardaba, xunto cos animais empregados nos labores agrícolas. De feito, Corominas relaciona *curral* con *curro*, e pensa que puido existir nas fases serodias do latín vivo como *CURRALE, aínda que non ve claro cal das dúas palabras deu lugar á outra. As pequenas dimensións do cercado explican que o termo tamén tomase o significado de *curruncho* (en si mesmo un diminutivo de *curro*); e de *curro* tamén sae o verbo *acurrar*, que se refire á práctica de baixar o gando ceibo no monte a unhas cercas, ou sexa, aos curros. Este labor foi importante desde antigo para moitas comunidades rurais, e por iso arredor del se desenvolveu unha festa, chamada tamén *curro*.

Para explicar o sentido toponímico do nome *A Curra* hai que pensar, coidamos, nunha formación feminina de *curro*, polo que o lugar debeu ser coñecido antano por posuír un cercado dun tamaño superior ao dun curro (como sucede no par *agro -agra* e outros). É moi probable, de feito, que o nome faga referencia ao recinto onde se concentraba todos os anos o gando caprino que os moradores da zona, nun hábito de certo secular, levaban a pastar ao monte do Pindo a cambio dun pagamento efectuado ao señor da Serra de Outes, propietario dos dereitos sobre o lugar. De feito, frei Martín Sarmiento indica, a propósito do mencionado monte, que o marqués da Serra (título que tomou o señorío grazas á concesión do rei Carlos II en 1693), "lo tiene arrendado para pasto y le vale mucho". Porén, esa actividade agropecuaria desapareceu hai xa décadas, debido a un decreto do ano 1956 polo que se ordenou repoboar o monte con piñeiros, feito que esixiu a retirada dos rabaños de cabras.

A Curra non aparece na documentación medieval, e temos que esperar ata mediados do século XVIII para ver como o Catastro de Ensenada menciona na parroquia de San Mamede de Carnota un río *da Curra*, o mesmo que hoxe é coñecido tamén como *rego dos Muíños* (ver a entrada *Carreiroa* para máis detalles). Ademais, nas Comprobacións do mesmo catastro aparece un tal Antonio García, que era propietario dun terreo denominado tamén *da Curra*. O dicionario xeográfico de Madoz recolle igualmente o nome deste lugar, xunto cos nomenclátors de 1860 e 1880, que o rexistran como *Currá*, sen artigo e con acento. Cómpre ter en conta, por outra banda, que este lugar maior da *Curra* pertenceu ata 1971 á freguesía de San Mamede de Carnota, xunto cos tamén macrotopónimos *Quilmas*, *O Porto de Quilmas* e *O Pindo*.

O actual NG reconece outra entidade maior chamada *A Curra* na parroquia do veciño municipio de Mazaricos. Por outra banda, e aínda na provincia da Coruña, hai dous lugares co nome de *Curra*: un en Muniferral (Aranga) e outro no Alto do

Xestoso (Monfero). Outros topónimos emparentados con este, como *Curral*, *Currais*, *Currás* etc. son moi abondosos en Galicia, tanto na toponimia maior coma na menor.

Como apelido, *Curra* non ten moito rendemento, segundo a CAG (só 430 ocorrencias), e os concellos que máis concentración presentan son os pontevedreses de Bueu e Cangas.

Durán

Terras, fonte e ponte da parroquia de Santa Comba de Carnota

Este pequeno lugar atópase entre as aldeas de Pedramarrada e Pedrafigueira, e a súa forma fai pensar no nome do antigo propietario dun casal ou uns terreos, que acabaron designando tamén unha fonte e unha ponte (esta sobre o río da Laxa) alí situadas. A súa etimoloxía pode estar no antropónimo medieval *Durante* (tamén documentado como *Durande* e *Duran*), probablemente de orixe francesa e co participio latino DŪRĀNTE, pertencente ao verbo *duro*. Este, á súa vez, procede do adxectivo *durus*, que significa ‘duro’, ‘firme’; de aí que o verbo citado teña o sentido primario de ‘endurecer’. Axiña, no propio latín, e debido a unha asociación de ideas simple (todo o que é resistente atura con maior facilidade o paso dos anos), tomou o significado engadido de ‘permanecer no tempo’, mesmo valor que teñen hoxe a preposición ‘durante’ e o adxectivo ‘duradeiro’. Deste xeito, o latín DŪRĀNTE significa ‘que perdura’, ‘que resiste’, cualidade percibida como positiva, polo que a palabra foi empregada desde antigo como antropónimo en gran parte da Europa latina.

En Galicia témolo documentado como nome propio polo menos desde o século XIII (Boullón achega o testemuño dun *Duram* nun documento do *Tombo de Sobrado* de 1205), uso desde o que posteriormente pasou a ser tamén apelido. De feito, a CAG rexístrao repartido por todo o país, coas maiores concentracións no sueste da provincia de Pontevedra, aínda que á cabeza das porcentaxes está o concello ourensán de Melón.

Non atopamos testemuños medievais deste nome de lugar, mais aparece no Catastro de Ensenada, que nos fala dun *molino de Durán*; a Comprobación do mesmo catastro para esta freguesía é algo máis precisa, pois menciona un Alverte Sánchez, de oficio tecelán, como propietario do devandito muíño. Sabemos, ademais, por un documento de 1695, que un home chamado *Antonio Durán* era arrendatario das tallas relixiosas de varios lugares de Carnota, polo que podería ser un membro da familia que lle deu nome ao lugar.

O NG non reconece ningún *Durán* e, polo que toca ao portal Galicia Nomeada, rexistra, ata hoxe, pouco máis de 30 microtopónimos que conteñen a palabra.

Estañeiras, As

Lugar da parroquia de San Mamede de Carnota

A primeira vista, *As Estañeiras* pide unha relación léxica coa palabra *estaño*. Porén, non hai constancia de ningunha explotación mineira nas proximidades do lugar. Iso non quere dicir que non existise no pasado, mais cremos que paga a pena seguir outras vías á hora de explicar o topónimo; con todo, parece que, polo menos a través dunha delas, acabaremos dando co estaño, como veremos a seguir.

En galego chámase *herba estañeira* á que tamén é coñecida como *xestela* ou *rabo de cabalo*, de nome científico *Equisetum arvense*, unha especie de fento pertencente á familia das equisetáceas. É común no territorio galego e está considerada como planta medicinal, pois é rica en minerais silicatados, potasio e calcio. Posúe propiedades diuréticas e úsase maiormente para combater as hemorrxias e as afeccións dos riles e mais da vesícula biliar.

Á parte do seu uso como menciña, antigamente os seus talos comíanse coma se fosen espárragos, e tamén era habitual empregala para facer estropallos destinados á limpeza de útiles de estaño: de aí, probablemente, o seu nome. Pola súa parte, o nome do estaño vén do substantivo latino STAGNU, cuxo significado primario é ‘auga estancada’, ‘estanque’. Se acabou referíndose ao mineral foi pola confluencia con *stannu*, palabra emprestada polos romanos dun idioma descoñecido (talvez céltico): a confusión explícase porque os dous termos tiñan unha pronuncia moi semellante, e quizais foi tamén favorecida polo estado líquido que adquire o estaño cando se funde para facer traballos de soldadura. De calquera xeito, STAGNU designou, nun primeiro momento, a aliaxe de prata e chumbo e, nunha fase máis avanzada do idioma, tomou o sentido co que pasou ás linguas romances (de feito, o naturalista romano Plinio o Vello di que o STAGNU era chamado *plumbum album*, ‘chumbo branco’). Para chegar a *estañeira* só foi necesario estender a raíz cun sufixo *-eira* (< latín *-ĀRĪA*), de valor colectivo -abundancial.

Por outra banda, para este vexetal existe tamén en galego a denominación *herba estrañeira*. Así, quizais *estrañeira* sexa unha simple variante de *estañeira* (igual que temos *estalote* e *estralote* para denominar a *Digitalis purpurea*). Pero tamén podería ser un derivado do adxectivo *estraño*, polo que o nome da planta tería que ver coa súa aparencia, que se vería como moi diferente e rara respecto ao resto dos vexetais. Non obstante, parécenos máis probable a relación etimolóxica co nome do estaño.

Cabe aínda outra posibilidade, aínda que a consideramos remota: *As Estañeiras* podería ser o estado actual dun anterior **As Cestañeiras*, en que o seseo propio da zona motivaría un falso corte. Nese caso, o topónimo pertencería á familia dos *Cesto*, *Cesteiros* e *Cestaños* que atopamos por Galicia adiante. Todos eles semellan estar baseados no substantivo latino *cista* (> *cesta*), e pénsase que poden estar motivados por unha depresión do terreo que lembrese a forma dunha cesta, nunha asociación de ideas semellante á que se deu en topónimos como *A Cunca*, *A Cazo-la* ou *O Caldeirón* (volveremos falar de cestas na entrada *Sestelos*).

Deixando o terreo das hipóteses, a primeira atestación do topónimo semella ser a que nos ofrecen as Comprobacións do Catastro de Ensenada, que rexistra tres propiedades chamadas *Estañeiras* ou *Estañeyra*. Pola contra, o lugar non aparece referido no dicionario de Madoz nin tampouco nos nomenclátors de España dos séculos XIX e XX. Ademais, segundo a CAG, este topónimo non deu lugar a apelido.

As Estañeiras é un *unicum* na toponimia maior de Galicia, e na microtoponimia só atopamos *A Estañeira* na parroquia de Vilar de Cervos, pertencente ao concello ourensán de Vilardevós. Neste último caso parece razoable pensar nunha explotación de estaño, pois hai noticia da extracción deste mineral no lugar desde época romana.

Fetós

Lugar da parroquia de San Mamede de Carnota

Fetós é un *unicum* na toponimia galega, e, como adoita acontecer neses casos, resulta arduo establecer a súa etimoloxía e motivación.

Para nomes de lugar de orixe escura, sempre é de enorme utilidade a busca de documentación antiga, por ver se aparece cunha forma diferente que bote luz sobre a súa procedencia. Porén, non se encontraron testemuños de *Fetós* ata o século XVIII, onde o vemos na Comprobación do Catastro de Ensenada para esta parroquia, e baixo as formas *Fetos*, *el Fetós* e *Bega do Fetos*. Para comezar, chama a atención o uso do artigo masculino singular cun nome que amosa unha desinencia plural, cousa que pode obedecer a unha perda de conciencia entre os falantes do número gramatical do topónimo: así, por exemplo, na freguesía de Serres do veciño concello de Muros temos *O Novás*, que pode proceder de *NOVALES, termo co que os falantes nomearían terreos que ían coñecer o seu primeiro cultivo (aínda que tamén podería tratarse da simplificación dun sintagma tipo **O terreo de Novás*, facendo referencia ao apelido dun posesor). Outro caso semellante é *O Campós* (O Araño, Rianxo, A Coruña), nome de lugar en que *Campós* é a evolución dun antigo *CAMPOLOS, diminutivo de *campos*.

Así, pensamos que *Fetós* (que desde a época do Catastro de Ensenada ata hoxe perdeu o artigo) podería ser un fitotopónimo, facendo referencia á abundancia na zona, en tempos pasados, dunha planta que en Galicia recibe moitos nomes: *feito*, *feito*, *fieita*, *fento*, *fenta*, *felgo*, *felga*, *folgueiro*, *folgueira*... No latín da época clásica este vexetal chamábase *filix*, pero as formas romances proceden de derivados tardíos: *felga* vén de FĪLĪCA e *folgueira* de FĪLĪCARIA, mentres que *feito* e *fento* nacen de FĪLĪCTU (en orixe un colectivo: ‘mata de fentos’). Da última forma citada puido derivarse un diminutivo *FĪLĪCTŌLOS. Porén, propoñemos esta orixe con moita cautela: explica ben, seguindo as leis da evolución fonética, a vogal /o/ aberta que temos na sílaba final, mais non o vocalismo /e/ da primeira, pois dun *FĪLĪCTŌLOS, cabería esperar un **Fieitós*.

Gonzalo Navaza, na súa detallada análise do enorme rendimento destas voces na toponimia galega (*Fentar, Fentedo, Fieiteira, Folgueira, Felguedo, Folgoso...*), menciona este lugar de San Mamede de Carnota, mais sen o acento —*Fetos*— indicando que reproduce a forma da variante común en Portugal, que é *feto*. Cómpre dicir que existen varios exemplos do uso desta palabra nos nomes de lugar portugueses: hai un *Vale dos Fetos* no concello de Luso (distrito de Aveiro), e un *Fetos* no municipio de Caminha (distrito de Viana do Castelo), máis preto da actual Galicia.

En Galicia só se documentou *feto* como voz común nos concellos ourensáns de Ramirás e Montederramo, pero a forma puido existir no pasado noutras zonas, pois a toponimia caracterízase, precisamente, por conservar formas antigas que non chegaron a consolidarse no idioma nunha área concreta. Por exemplo, no veciño municipio de Muros temos *Os Folgosos* (parroquia de Louro), cando os falantes usan en toda esta bisbarra, na súa práctica totalidade, o termo *feita* para denominar o vexetal. Isto último ten amplo reflexo na microtoponimia deste municipio, na que topamos *As Fieitas* (Santa Comba), *A Fieiteira* (Lariño e Lira), *As Fieiteiras* (Lira e San Mamede), *O Fieital* (Santa Comba), *A Fieitosa* (Santa Comba) e *O Fieitoso* (San Mamede).

De todas as maneiras, como non se atoparon atestacións antigas, debemos recoñecer que a nosa hipótese é difícil de confirmar.

Máis alá das Comprobacións do Catastro de Ensenada, *Fetós* aparece coa categoría de *lugar* en Madoz. Polo que se refire aos nomenclátors de 1860 e 1880, tamén dan conta del. O lugar desapareceu dos nomenclátors históricos de España en 1900, aínda que entrou de novo desde 1930. Para rematar, a CAG non recolle ningunha ocorrencia de *Fetós* como apelido.

Francelle

Terras na parroquia de San Mamede de Carnota

Ata hoxe non hai rexistrado en Galicia outro nome de lugar igual que este, polo que temos ante nós un novo *unicum*; con todo, non parece demasiado difícil propoñer unha interpretación plausible.

Así, na nosa opinión, *Francelle* (que se realiza na fala co seseo propio da zona) remítenos a un antigo propietario dun casal ou terreo, cuxo nome estaba formado sobre a raíz xermánica *frank-*: a mesma que deu o seu nome ao pobo dos francos, ocupantes da Galia romana nos séculos v e vi. Dáse a curiosa circunstancia de que estes xermanos axiña constituíron naquel territorio a clase nobre e exenta de pagar tributos, polo que o adxectivo latinizado *francus*, así como *franc*, a súa versión nos primeiros tempos do idioma francés, tomou o sentido de ‘libre’ e, máis tarde, por asociación de ideas, o de ‘sincero’. Ademais de estar tamén na orixe do topónimo *Francia*, o cualificativo *franco* converteuse nun xentilicio que chegou a ter un valor moi xenérico: na Galicia medieval, nomeadamente en Santiago de Compostela, podía designar calquera viaxeiro procedente de máis aló dos Pireneos (de aí, segundo unha hipótese, provén o nome da *rúa do Franco*); e no Mediterráneo

oriental, debido aos importantes continxentes de soldados e cabaleiros procedentes de Francia que integraron os exércitos cruzados, o termo acabou valendo por ‘europeo occidental’.

Podemos pensar, xa que logo, que *Francelle* naceu dun hipotético *VĪLLA FRANCILLI ou *VĪLLA FRANCELLE (onde *FRANCILLI/*FRANCELLE son xenitivos de **Francillus*/**Francellus*, supostos diminutivos de *Francus*). Este tipo de formacións toponímicas, moi comúns, parten dun sintagma mediante o que se expresaba a propiedade dunhas terras ou dun casal. O primeiro elemento era a voz VĪLLA, herdada do latín, lingua na que tiña o valor de ‘casa rural vinculada a unha propiedade agrícola’; e o segundo era un antropónimo expresado en caso xenitivo, que en latín indica pertenza (‘casal de...’). Co tempo, e por economía lingüística, os falantes deixaron de expresar o primeiro membro do sintagma, e perdeu o segundo, o que servía para identificar con claridade o lugar. Porén, cómpre indicar tamén que algúns topónimos baseados en nomes de posesor deberon constituírsese directamente sobre o nome do propietario en caso xenitivo, xa sen empregar VĪLLA.

Malia non contar con testemuños para o *Francelle* carnotán na Idade Media, atopámolo na Comprobación do Catastro de Ensenada desta parroquia, onde o vemos catro veces: dúas como *Franzelle* e outras dúas como *Francella*. Pensamos que esta segunda forma delata a típica articulación relaxada das vogais átonas (/e/ > /a/). Pode ser, porén, que ese *Francella* sexa a forma máis antiga, o que esixiría pensar nunha muller como antiga poseedora, e non nun home (*FRANCILLA ou *FRANCELLE); se tal fose o caso, sería o aspecto actual do topónimo o que manifestaría a relaxación vocálica referida (/a/ > /e/, nesta ocasión). Talvez a atestación *Bega de Sua Francella*, no mesmo documento, apoie esta segunda opción, pois vemos aí un típico sintagma toponímico constituído pola preposición *so* (do latín *sŭb*), hoxe pouco usada, o artigo feminino e o nome de lugar (co sentido de ‘ao pé de’): isto indicaría que nalgún momento estas terras foron coñecidas como **A Francella*. De todos os xeitos, esa adición do artigo tamén puido ser posterior ao cambio *Francelle* > *Francella*.

Para rematar, *Francelle* non ten uso como apelido, segundo amosa a CAG.

Freán de San Mamede

Lugar da parroquia de San Mamede de Carnota

Freán de Santa Comba

Lugar da parroquia de Santa Comba de Carnota

Nos nomenclátors históricos e no NG 2003 figuraban dous lugares *Freán* en cadansúa freguesía. No NG 2025 engadíuselles como aditamento o nome das parroquias: *Freán de San Mamede* e *Freán de Santa Comba*. Hai unha distancia, malia que pequena, entre os dous núcleos, polo que parece probable que houbera un

orixinario e que, ao construírse casas do outro lado do río da Rateira, estas reciben a mesma denominación.

Ao noso parecer, o primeiro *Freán* debe ser o de San Mamede, dada a disposición máis densa das construcións, o que, atendendo ademais á súa tipoloxía, suxire a existencia dun núcleo estable desde tempos antigos. Ademais, se acudimos á documentación dispoñible a partir da época do Catastro de Ensenada, vemos que o *Freán* de San Mamede de Carnota ten máis presenza, o que podería apuntar nesa dirección.

Así, o citado Catastro, no seu Interrogatorio Xeral, cita só o lugar da freguesía de San Mamede; a maiores, as Comprobacións recollen varias propiedades denominadas *Freán* na parroquia antedita (onde *Freán* é tamén unha das *Vegas*, ou zonas), e ningunha na de Santa Comba. Ora ben, o lugar desta última, máis pequeno, xa existía, pois a Comprobación desa freguesía fala dunha *Vega de Freán y Piedra Figueira*. Estes dous últimos lugares, por certo, aparecen tamén agrupados no Interrogatorio Xeral. Finalmente, arredor dun século máis tarde, o dicionario xeográfico de Madoz só dá fe do *Freán* de San Mamede como entidade de poboación.

Tocante á súa etimoloxía e motivación, este nome de lugar, igual que *Francelle*, pertence á categoría dos que descenden do nome de orixe xermánica dun antigo posesor. Así, *Freán* pode proceder de *FROIANI, en caso xenitivo, indicando a propiedade: ‘(casal) de Froián’; ou de *FROIANE, expresado en caso acusativo. De calquera xeito, este é un nome derivado da raíz do antigo xermánico *fraujs*, co significado de ‘amo’, ‘señor’. O antropotopónimo adquiriu formas diversas, que se poden atopar hoxe por toda Galicia, como *Frián*, *Froxán*, *Forxán* ou mesmo *Froilán*, esta última unha forma cultista (de *FROILANI ou *FROILANE).

Non son as do Catastro de Ensenada as atestacións máis antigas destes lugares. A primeira podería estar no testamento de Cresconio Muñiz, datado en 1140 e conservado no *Tombo de Toxos Outos*. A través del, este cabaleiro dooulle varias propiedades ao mosteiro: “In primis dono [...] quantum habeo in *Canedo*, et unam in *Frogian*, [...] et duas seruiciarias in *Laurario*”. A mención de *Frogiam* a carón de *Canedo* (do que xa falamos) permite asocialo aos lugares que comentamos aquí, pois están bastante próximos (e tamén apoia a tese do *Freán* de San Mamede como núcleo orixinal, pois *Canedo* pertence á mesma freguesía). É certo que no concello coruñés da Baña temos nomes de lugar que tamén se poden relacionar cos que se ven no texto citado: *Frogiam* podería ser *Os Freáns* (parroquia de San Vicens), e *Laurario*, mellor que o *Louredo* carnotán, podería ser *O Loureiro* da parroquia de Ordoeste (aínda que hai *O Rego Loureiro* en Santa Comba de Carnota). Con todo, pensamos que, para *Frogiam*, a pista carnotá debe ser a boa, pois no lindeiro municipio de Mazaricos, que formaba parte do antigo territorio de *Carnota* (ver introdución) temos tamén un *Loureiro* (parroquia de Coiro). E, sobre todo, no mesmo testamento cítanse, pouco máis adiante, os lugares de *Sevis* e *Genesto*, que parecen ser os actuais *Cives* e *Xesto*, ambos igualmente en Mazaricos (nas freguesías de Colúns e Beba, respectivamente).

Deixando á parte esta mención documental, resulta máis directa a relación dos nosos *Freán* co lugar que asoma nunha nova doazón ao cenobio de Toxos Outos. Esta produciuse décadas máis tarde, en 1263, e nela Martiño Crescóniz (descendente de Cresconio Muñiz) cita entre os beneficios cedidos as rendas correspondentes aos lugares de *Froyam* e, de novo, *Canedo*.

Séculos despois, na mesma fe de arrendamento de 1490 que mencionamos ao falar de *Caldebarcos*, figura un individuo chamado *Pedro Froyán* (citamos por rexeito). E o lugar aparece, inequivocamente, noutro documento do AHUS, este de 1563, segundo o cal Fernán Doutón e a súa esposa María Oanes, veciños de San Xoán de Sabardes, lle cederon a Alonso Núñez, de Santa Comba de Carnota, todos os bens que posuían nos lugares de *Canedo*, *Piñeiro* (*Piñeiros*), *Freán* e *Carnota de Abaixo*. Vemos como, de novo, *Canedo* e *Freán* aparecen xuntos, polo que se podería pensar nun lote de propiedades que foron cambiando de mans ao longo das xeracións, o que reafirmaría, coidamos, a candidatura do *Frogian* do documento de 1140 a ser a primeira atestación do topónimo.

Volvendo por un momento ao Catastro de Ensenada, rexistra o lugar de San Mamede como *Froián*, e tamén un muíño e un río de *Freán* (case de certo, o río da Rateira, polo que pasa a actual *Ponte de Freán*). Esa vacilación *Froián*/*Freán* talvez reflicta dúas formas de pronunciar o topónimo vivas aínda naquela época, mais tamén pode ser unha reminiscencia gráfica da súa forma antiga.

Como xa indicamos, Madoz menciona o lugar, mais non de maneira independente, senón na listaxe das entidades de poboación da parroquia de San Mamede de Carnota (non enumera os núcleos de *Santa Columba*). Polo que se refire aos nomenclátors estatais do século XIX, mencionan co mesmo nome os dous que comentamos aquí.

No NG *Freán* asoma ata en catorce ocasións denominando lugares maiores das provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra. Así mesmo está *Freáns* (parroquia de Crespos, no concello ourensán de Padrenda); do xenitivo FROILANIS, segundo a declinación xermánica *Froila*, *-anis*, temos o sintagma *Freáns de Deva* (Pontedeva, Ourense). Finalmente, existen os compostos *Bustofreán* (Vilapedre, Vilalba, Lugo) e *Donfreán* (Catasós, Lalín, Pontevedra). Na microtoponimia, *Freán* e as súas variantes son moi abondosas: neste mesmo concello de Carnota, e vencellados aos dous topónimos comentados nesta entrada, temos *Freán de Riba*, *Freán de Baixo* e *O Campo de Freán* (os tres na parroquia de Santa Comba), *A Agra de Freán* e *A Braña de Freán* (vinculadas ao de San Mamede), e a xa referida *Ponte de Freán*.

Se miramos o rendemento de *Freán* como apelido, a CAG indícanos que é moi escaso e que as meirandes concentracións se dan no sur na provincia de Lugo, onde os concellos do Incio e A Pobra de Brollón son os que maiores porcentaxes ofrecen. En Carnota non se rexistra ningunha ocorrencia, polo que parece que ningún destes dous lugares foi foco de apelido.

Gándara, A

Lugar da parroquia de Lariño

Como apunta o profesor Carlos Búa, no léxico común das falas do noroeste da Península Ibérica consérvanse algunhas palabras que nos legaron os falantes das linguas vivas no noso territorio antes da chegada dos romanos. Porén, é moi difícil identificalas con seguridade, debido sobre todo á falta de testemuños escritos prelatinos. Xa que logo, cando non se pode clasificar un termo dentro dalgunha das capas ben coñecidas e estudadas que contribuíron á configuración do galego ao longo da historia, pode emitirse a hipótese da súa procedencia prelatina: así acontece, por exemplo, con palabras como *páramo*, *leira* ou *laxa* (esta última de raíz céltica). Con todo, ao tratarse dun procedemento dedutivo por simple exclusión, nunca se pode ter a completa seguridade. Ademais, aínda que os indicios permitan postular unha xénese prerromana, ou mesmo preindoeuropea, para tal ou cal voz, iso non quere dicir que a palabra en cuestión estivese presente no territorio antes da chegada dos portadores das linguas indoeuropeas: os idiomas empréstanse palabras uns a outros con moita facilidade, polo que non sería nada estraño que un vocábulo non indoeuropeo entrase no léxico latino ou céltico, por exemplo, e viaxase cos seus falantes ata este recanto do noroeste peninsular.

Un exemplo do que acabamos de expoñer, sempre seguindo a Búa, é o do substantivo *gándara*, que é o que aquí nos ocupa. Esta palabra, coas súas variantes, como *gandra* e *granda*, é coñecida en todo o norte da Península Ibérica, e recolle a idea básica de ‘sitio pedregoso por efecto da erosión ou de aluviós, e non apto para o cultivo’. Este investigador cre que *gándara* é unha extensión —con sufixo abundancial— de *ganda*, un termo presente en distintas falas alemás e romances da zona dos Alpes, e que significa ‘acumulación de pedras ou rochas’.

Ora ben, que a palabra sexa moi antiga non implica que os lugares denominados con esa voz, en calquera das súas variantes, nacesen en época temperá. E iso é así porque ese vocábulo forma parte do léxico común e puido nomear as terras onde se constituíu un núcleo habitado en calquera momento da historia. Así, *gándara* adoita designar, na toponimia, un ‘terreo baixo, areento, húmido e improdutivo, onde só medra a maleza’ (DRAG). Con esta descrición, e vendo a configuración do lugar de Lariño que leva este nome, a motivación está plenamente xustificada: sitúase ao pé da aba noroccidental do monte do Naraio, caracterizada por presentar un chan pedregoso e vexetación baixa. Cómpre engadir, iso si, que na fala local a realización do topónimo é *Ghranda*, coa gheada propia desta área lingüística e a metátese da consoante vibrante. Así o testemuñan, ademais, os microtopónimos que atopamos nesta mesma freguesía, que o portal Galicia Nomeada recolle como *A Agra da Granda*, *A Cova da Granda* e *A Lomba da Granda*. A mesma metátese vémosla noutros topónimos menores do concello: *A Granda dos Osos* (Santa Comba de Carnota), *A Granda*, *A Granda dos Muíños* e *As Grandas Vellas* (San Mamede de Carnota).

Do uso de *Gándara* como nome de lugar hai atestacións desde, polo menos, o século x, pero non atopamos testemuños medievais deste núcleo carnotán. Porén, centurias despois, na metade do XVIII, no Catastro de Ensenada está recollido como *Gandara* e *Gandra*; e na Comprobación desta parroquia rexístrase un home chamado Domingo de Lamela (apelido moi común no concello, por certo) como propietario dunha casa na *Gándara*. O feito de que non encontrásemos atestacións do lugar ata o século XVIII fainos pensar que o núcleo puido constituírse nunha época non demasiado anterior.

O lugar ten a súa entrada no dicionario xeográfico de Madoz (sen artigo, nin sequera en castelán), e tamén se ve nos nomenclátors de España de 1860 e 1880. *Gándara* é a forma que aparece neses repertorios tanto no século XIX coma no XX, aínda que no de 1920 figura como *Gandra*.

A CAG non rexistra *Gándara* como apelido no concello de Carnota, polo que o nome deste lugar de Lariño non debeu xerar o seu uso como tal. As zonas de Galicia onde se conserva con maior frecuencia son o suroeste da provincia de Ourense e o extremo occidental das da Coruña e Pontevedra, coas maiores porcentaxes localizadas nos municipios de Porqueira (Ourense, onde *A Gándara* é nome de lugar maior, na freguesía de Sabucedo) e Salvaterra de Miño (Pontevedra, onde vemos os topónimos maiores *A Gándara Chan* e *As Gándaras*, ademais do microtopónimo *A Gándara*). A variante *Granda* presenta menos ocorrencias, con maior concentración nos concellos lugueses de Riotorto e A Pontenova, moi próximos a Asturias, territorio onde esa forma toponímica é moi común.

Gándara de Caldebarcos, A

Lugar da parroquia de San Mamede de Carnota

Para *Gándara*, remitimos á entrada anterior, e en relación con *Caldebarcos* cumpriralle ao lector ou lectora acudir á entrada homónima.

Ausente no dicionario de Madoz e nos nomenclátors de España do século XIX, *A Gándara de Caldebarcos* entra nestes repertorios a partir de 1930 (sen artigo).

Preto deste lugar, e próximos á punta coñecida como *A Besugueira*, están os restos dunha industria de salgadura, unha das últimas grandes instalacións deste tipo que se construíu no concello de Carnota, coñecida como *Almacén de Fontevella* (por un lugar veciño) ou *dos Casais*. Como memoria toponímica desta salgadura queda o microtopónimo *praia do Almacén*, que designa un pequeno areal anexo en que varaban os barcos portadores dos peixes destinados á transformación.

Para finalizar, xusto ao noroeste dos restos desta construción industrial atopamos o microtopónimo *A Granda*, que reflicte a variante coa que os falantes da zona usan o substantivo *gándara* (engadíndolle a gheada na pronuncia, como xa indicamos na entrada anterior).

Igrexa, A

Lugar da parroquia de San Mamede de Carnota

Véxase a entrada *Rateira, A*.

Insua, A

Lugar da parroquia de Santa Comba de Carnota

Tras este topónimo está o substantivo latino *INSŪLA*, que tivo no galego dúas evolucións, ambas con clara pegada do significado orixinal: unha é *illa* ('porción de terra rodeada de auga por todas partes') e a outra é a mencionada *insua*, que os dicionarios definen como unha illa situada na corrente dun río.

En latín, a palabra tamén designaba os edificios de varios andares, típicos da cidade de Roma, en que moraba gran cantidade de persoas, e que formaban, en sentido figurado, un conxunto de illas. Esa idea de 'elemento separado' é a que perdura no topónimo *A Insua*, pois alí onde aparece adoita identificar zonas máis ou menos altas delimitadas por un curso de auga. E tal é o caso deste lugar carnotán, pois polo seu bordo corre o chamado *Río da Insua*.

Tocante a atestacións antigas, temos que agardar ata o Catastro de Ensenada para atopar pegadas do carnotán *A Insua*: alí cítase como *Ynsua*, lugar ao que se lle atribúen dez cabezas de familia. A mesma forma aparece na Comprobación dese Catastro, que menciona un propietario da zona chamado Domingo Piñeiro.

O dicionario de Madoz non reconece *A Insua* de maneira independente nin tampouco o inclúe na relación de lugares pertencentes á parroquia de Santa Comba de Carnota. Con todo, aparece nos nomenclátors de 1860 e 1880.

Insua e o seus diminutivos *Insuela* e *Insuiña* son abondosos entre os nomes de lugar galegos: o NG actual reconece 47 lugares maiores que conteñen o apelativo. Polo que se refire ao de Santa Comba de Carnota, paga a pena indicar que deu pé a varios nomes de lugar menor na área: *A Agra da Insua*, *A Ponte da Insua* e *O Campo da Insua*. Noutras freguesías do concello temos o uso do substantivo referido a pequenos entrantes da terra no mar, como *Punta Insua* (en Lariño, que ademais ten preto unha rocha mariña, *O Petón da Insua*), *A Insuiña* (Santa Comba e San Mamede), *Prousa Insuas* e *As Insuelas* (os dous en San Mamede).

Como apelido, a CAG rexistra dezasete ocorrencias neste municipio, polo que o topónimo podería estar na súa orixe. Porén, talvez sexa máis probable que o apelido proceda, na meirande parte dos casos, do concello de Fisterra, que presenta a maior concentración de toda Galicia, e que ten tamén *A Insua* como topónimo maior.

Lagareiros

Lugar da parroquia de Santa Comba de Carnota

Este topónimo é un *unicum*, un máis dos varios que nos ofrece este concello de Carnota. Neste caso, a etimoloxía é romance: trátase dun derivado plural cos sufixos -ALE e -ARIU de *lagar*, á súa vez unha creación nacida do substantivo latino LĀCŪ: ‘depósito de auga’, ‘estanque’, ‘cisterna’; del deriva directamente o noso *lago*. Partindo do significado xeral do LĀCŪ latino, o apelativo *lagar* (< LACALE) adquiriu axiña no romance o sentido de ‘lugar onde se prensan certos froitos, como as uvas, as mazás ou as olivas, co fin de que solten o líquido que conteñen’.

Porén, na toponimia o termo debeu conservar en moitos casos o valor da palabra orixe. Un exemplo é o do vigués río *Lagares*, cuxo nome histórico é *Sárdoma*. Indica Gonzalo Navaza que a denominación actual é a oficial desde o século XIX, e que naceu, probablemente, na Idade Media para designar só un tramo do río; porén, acabou servindo para referirse ao curso enteiro. Así, nese caso, a motivación de *Lagares* talvez estea nas pías ou depósitos de auga naturais formados no nacemento do río. Na toponimia menor deste concello carnotán temos polo menos un caso que parece recoller este sentido: *As Lagaretas*, un accidente costeiro na parroquia do Pindo que alude a unhas pozas mariñas. Ademais, preto de *Lagareiros* están o seu diminutivo *Lagareiriños* e o aumentativo *Os Lagarotes*; os dous últimos son nomes de terras, polo que parece plausible pensar, neses casos, en acumulacións de auga.

Talvez *Lagareiros*, como derivado de *lagar*, mantivese ese mesmo significado, co que o sufixo só tería un valor reiterativo ou redundante. De feito, hai unhas terras a carón mesmo do lugar chamadas *Os Lagareiros*: se esas leiras foron as que lle deron o seu nome ao núcleo de poboación, e non ao revés, pódese pensar tamén en estancamentos de auga como motivación. Con todo, hai outra posibilidade: o topónimo podería facer alusión aos propietarios dunhas instalacións onde se estrullasen algúns dos froitos antes mencionados: tal é o valor que lle asignan a *lagareiro*, como palabra común, varios dicionarios de galego. É certo que hoxe non existen explotacións vitícolas de importancia en todo o concello, nin na bisbarra propia nin nas veciñas, pero está ben documentada a abundancia da vide en toda Galicia nos séculos medievais e mesmo na época moderna. De feito, non moi lonxe de *Lagareiros* atopamos o microtopónimo *A Viña*, testemuño da existencia dese cultivo.

Ata chegar ao século XVIII non atopamos referencias a este lugar na documentación, pois desa época é o Catastro de Ensenada. Tanto o Interrogatorio Xeral da parroquia coma as súas Comprobacións citan este *Lagareiros*. Xa no século XIX Madoz nada nos di del, pero si que aparece nos nomenclátors estatais de 1860 e 1880.

Para finalizar, a pertinente consulta na CAG indica que *Lagareiros* non ten rendemento como apelido.

Lariño

Lugar da parroquia de Lariño

Lariño (San Martiño)

Parroquia

Lariño é un nome de lugar único en Galicia e, como adoita ocorrer cos que teñen esa condición, difícil de interpretar.

En principio, pódese analizar como un lexema estendido cun sufixo: *Lar-iño*. Desde este punto de vista, o elemento *-iño* permite pensar no sufixo latino *-ĪNU*, con valor adxectivo e portador do significado ‘pertencente ou relativo a’ (como en *MĀRĪNU* > *mariño*). Iso déixanos unha base *Lar-*, en aparencia a mesma que atopamos noutros nomes de lugar como *Laraño* (un exemplo en San Xián de Sales, Vedra, A Coruña) ou *Larouco* (parroquia e concello, na provincia de Ourense). Este lexema poderíase relacionar coa raíz indoeuropea **pelā-/ *plā-*, cun valor semántico reconstruído de ‘ancho e chan’. É a mesma base sobre a que se formou o adxectivo latino *planus*, antepasado da nosa palabra patrimonial *chan* e do cultismo *plano*. A perda da consoante /p/ inicial deberíase a que esa base léxica estaba presente nunha lingua céltica falada no noso territorio antes da chegada dos romanos. É característica de parte deses idiomas a ausencia do /p/ onde outras falas indoeuropeas a presentan, conservada ou evolucionada: un exemplo é o antigo irlandés *lár*, ‘superficie’, fronte a alemán *Flur*, ‘campo’ (onde /f/ é evolución de /p/); e na toponimia galega (cun homónimo en Salamanca) temos o caso de *Ledesma* (parroquia do concello coruñés de Boqueixón), para a que Moralejo Álvarez reconstrúe un étimo **plā -t-isam-ə*, de significado ‘moi ancha’. Así, se esta hipótese fose a correcta, *Lariño* significaría ‘lugar amplo e chan’, o que podería cadrar coa chaira en que se atopa a cabeceira da parroquia, coa igrexa ocupando un lugar central. Cómpre indicar, porén, que Martínez Lema prefire pensar que o topónimo é plenamente prelatino, nunha formación cun lexema e dous sufixos: **LAR-IN-IO*; mais o sentido non variaría.

De todos os xeitos, ademais da tese da orixe prerromana, coidamos que se pode propoñer unha etimoloxía latina. En efecto, as tendencias dos cambios fonéticos que se produciron na evolución do latín ao galego permiten aducir dous posibles antropónimos como base etimolóxica para *Lariño*. Un deles é *Larinus*, nome romano derivado de *Larius*, de orixe etrusca; e o outro é *Larinus*, analizado por Moralejo Álvarez, e que para el presenta a base prerromana antes citada. Porén, coidamos que tras *Lariño* tamén podería estar, con perda da vogal inicial, *Elarinus*, responsable do nome da parroquia de *Larín* (Arteixo, A Coruña), testemuñado no ano 969 como *Sanctum Stephanum de Elarim*; e tamén do *Larín* de Lánacara (Lugo), atestado en 962 baixo a forma *Elarin*. Para Boullón, *Elarinus* é unha extensión de *Hilarius*, nome latino de orixe grega, construído sobre unha palabra que no idioma heleno significa ‘risa’.

A maioría dos topónimos vencellados a un antigo poseedor amosan hoxe unha forma que presupón un antigo antropónimo expresado en xenitivo latino, a mesma situación que tiñamos en *Francelle*, por exemplo. Así, *Lalín* e *Larín* proceden de LALLINI e ELARINI, respectivamente. Non obstante, hai tamén nomes de lugar cuxa forma esixe un nominativo ou acusativo antigos, como *Balteiro* (< BALTARIU), do que temos varios exemplos en Galicia. Dentro desta hipótese antroponímica, e baseándonos nos nomes persoais comentados no parágrafo anterior, o étimo de *Lariño* podería ser LARINIU ou ELARINU (de todas as maneiras, cómpre indicar que os topónimos procedentes dun antropónimo en caso acusativo son moi raros).

En todo caso, a primeira aparición deste topónimo na tradición escrita está nas derradeiras vontades do cabaleiro Martiño Pérez, datado o 1 de setembro de 1217, polo que o mosteiro de Toxos Outos recibe del os dereitos sobre varias posesións, entre elas “quantam habeo in *Larino*”. Aínda no século XIII, temos, tamén no *Tombo de Toxos Outos*, a mención de “Iohannes Iohannis dictus de *Larino*”.

Algo máis tarde, segundo vemos nun documento do AHUS de 1399, un cabaleiro chamado Pedro Eanes vendeu varios bens en diversos lugares, entre eles este *Lariño*. Atopamos tamén, no Arquivo do Reino de Galicia, un documento de 1482 polo que se anula un pacto entre Diego de Muros, bispo de Tui, e Lope de Moscoso, conde de Altamira: en virtude deste acordo, o primeiro ía pagarlle ao segundo 10 000 maravedís a cambio dos dereitos sobre varias parroquias, entre elas San Martiño de *Lariño*. Finalmente, o preito de 1596 entre os Moscoso e a mitra compostelá ao que nos referimos ao analizar *Adraño* concernía tamén á posesión desta parroquia.

De 1564 data un rexistro dos beneficios e rendas da freguesía conservado no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago. Naquela altura, a actual igrexa de San Martiño aínda non existía: foi erixida na década de 1940 sobre unha ermida anterior, da que só queda un crucifixo, gardado na sancristía do templo actual. Arredor de medio século máis tarde, Jerónimo del Hoyo, nas súas *Memorias del*



Praia e faro de Punta Insua |

Arzobispado de Santiago, di sobre a parroquia de San Martiño de *Lariño* que ten quince fregueses, e que “della se ve Fenisterae” (como, en efecto, así é).

Tanto o Interrogatorio Xeral do Catastro de Ensenada coma as súas comprobacións recollen esta freguesía. No século XIX, Madoz indica que a parroquia de *Lariño* é anexa da de Santa María de Lira. Na súa descrición, apunta que posúe un clima benigno, “si bien se experimentan algunas fiebres y pulmonias”. Por outra banda, ese dicionario advirte da perigosidade da costa de *Lariño*, debido á presenza de varios baixos. De feito, houbo non poucos naufraxios na zona e en 1921 construíuse un faro na coñecida como *Punta Insua*. Non moi lonxe do faro, nas proximidades da chamada *praia da Arca*, atópanse os restos dun muíño de vento, un dos poucos dos que se ten noticia na bisbarra e do que dá testemuño o microtopónimo *O Muíño do Vento*.

Igual que o NG actual, Madoz recoñécelle a esta parroquia dúas entidades maiores de poboación (*A Gándara* e *Lariño*), o mesmo que os nomenclátors estatais do século XIX.

É seguro que este nome de lugar deu lugar ao apelido que documenta a CAG (xa vimos algún testemuño medieval). A gran maioría de ocorrencias rexístrase nos concellos de Muros e Carnota, seguidos polos de Corcubión, Cee e Outes, todos da mesma área do suroeste da provincia da Coruña.

Lira

Lugar da parroquia de Lira

Lira (Santa María)

Parroquia

Hai moi poucas ocorrencias deste nome de lugar na toponimia galega. Á parte de nesta entidade maior, vémolos na parroquia de San Simón de *Lira* (Salvaterra de Miño, Pontevedra); e na microtoponimia, ademais dos vencellados a esta freguesía carnotá, na provincia de Pontevedra temos *Lira* (Castrelos, Vigo) e *A Cova da Lira* (Priegue, Nigrán). Estes *Lira* pontevedreses (coa excepción, talvez, da *Cova da Lira*) semellan estar relacionados cunha familia nobre así apelada e orixinaria da mencionada parroquia de Salvaterra de Miño, onde aínda existe un pazo co seu nome (ademais doutro en Vigo): están testemuñados xa no século XIII varios membros desa casa, emparentada coa liñaxe dos Traba. Ademais, noutras áreas de Galicia están *Lira de Baixo*, *Lira de Riba* e *O Agro de Lira* (Urdilde, Rois, A Coruña), e, ademais, *As Liras da Horta* (Labacengos, Moeche, A Coruña).

De entre todos os citados, *As Liras da Horta* parece suxerir o uso toponímico dun substantivo común que non existe no noso idioma actual nin figura en ningún dos dicionarios de galego. Podería ser un caso dunha palabra perdida, cuxa etimoloxía se pode buscar no latín *LĪRA*, un termo do léxico agrícola que significa ‘suco’, ‘rego’ (da mesma raíz indoeuropea que deu o alemán *Geleise*, ‘vía’). Parece que

non pasou ás linguas romances, aínda que o propio latín produciu un derivado verbal que si mantemos: DĒLĪRĀRE (< *delirar*), que literalmente significa ‘saír do rego’, e que axiña tomou o sentido figurado de ‘perder o siso’. Con esta posible filiación, *Lira* significaría ‘terra cultivada’, por extensión do sentido orixinal do étimo.

Con todo, a inexistencia de descendentes de LĪRA nos idiomas derivados do latín é un argumento forte contra a hipótese de que o topónimo teña a súa orixe nesa palabra, polo que cómpre propoñer outras opcións. Podería tratarse, así, dun nome de lugar de filiación prelatina, probablemente céltica, baseado na raíz indoeuropea **pela-*/**plā-* (‘lugar amplo e chan’), a mesma que vimos ao falar de *Lariño*. Porén, neste caso a vocalización do lexema sería diferente (/i/), o que podería deberse a que nun caso temos unha vogal tónica (*Lira*) e noutro unha átona (*Lariño*); esta última puido sufrir unha alteración, fenómeno típico nesas vogais (hai falantes que articulan *bonito* como **bunito*, ou mesmo **benito*, por exemplo); de todos os xeitos, non o vemos moi probable.

Queda por explorar a vía dos nomes de posesor xermánicos, e aquí temos un candidato: *Lilla/Lila*, nome feminino que, segundo Boullón, pode ser un hipocorístico construído a partir do formante *-ild-*, derivado do gótico *hildi*, ‘loita’. Cómpre indicar que, segundo a propia Boullón apunta, podería haber algúns *Lilla* de orixe non xermánica, pois a forma está testemuñada pola epigrafía romana. En todo caso, para que *Lira* puidese proceder dun antigo LILLA, habería que supoñer unha disimilación do /l/ interior (despois da simplificación da xeminada). E o resultado final podería provir do uso dese nome de muller nunha expresión (VĪLLA) LILLAE, coa posterior redución a **LILLE*/**LILE*, máis a relaxación da vogal final (á parte da mencionada disimilación).

Pasando agora ás atestacións, son abondosas as noticias medievais sobre o salvaterrán *Lira*, pero do de Carnota non atopamos ningunha ata o século XIV, en que se rexistra un *Fernan Eanes de Lira* no Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG). Por outra banda, aínda no mesmo século, o lugar menciónase en dous documentos conservado no AHUS: nun dáse fe de que unha terceira parte das rendas da igrexa de *Santa María de Lira* pertencía ao mosteiro compostelán de San Paio de Antealtares, e no outro cítase un tal “Diego Franquino, morador em *Lira*”. Por outra banda, no Arquivo da Catedral de Santiago consérvanse os arrendos de varias herdades do arcebispado compostelán concedidos polo párroco de *Lira* a diversos veciños da localidade nos séculos XVI e XVII. Ademais, nesta última centuria temos, de novo no AHUS, un mandamento, datado o 16 de marzo de 1608, polo que Pedro Álvarez, daquela señor da Serra, lles lembraba a todos os moradores da freguesía que el era o seu señor, censurándolles a desobediencia que lle amosaran ao seu fillo, Lope Pérez Mariño de Lobeira, cando exercera a xurisdición na súa ausencia.

Xa indicamos na entrada dedicada a *Lariño* que existe un rexistro de rendas e beneficios da freguesía de *Lira* datado en 1564. A igrexa parroquial actual foi construída en 1760 e reformada en 1825, pero por forza tivo que existir un templo anterior. A carón do edificio relixioso atópase *A Casa Reitoral* e, presidindo a horta, destaca o



Hórreo, pombal e
campanario da igrexa

hórreo de Lira, de 22 pares de pés, 36,25 m de longo e 1,45 de ancho. É importante tamén na freguesía a ermida de Nosa Señora dos Remedios, erixida en 1706. Dentro dela gárdase unha imaxe da Virxe que, segundo a tradición, chegou á parroquia en barco; ademais, do seu teito pendura o temón do buque da Armada *Ariete* (véxase a introdución e a entrada *Ardeleiro*). Esta capela e o cruceiro próximo son a orixe dos topónimos menores *Cruceiro dos Remedios* e *O Agro dos Remedios*.

Nas xa mencionadas *Memorias del Arzobispado de Santiago*, Jerónimo del Hoyo dálle por erro a esta parroquia o nome de *Santa María de Liria* e indica que naquela época (primeiro terzo do século XVII) tiña 60 fregueses.

O Catastro de Ensenada dá conta de *Lira*, e a súa Comprobación recolle máis de 500 terreos con denominación toponímica. En canto ao dicionario de Madoz, dá diversas informacións sobre a freguesía, mencionando a Torre dos Mouros (véxase a entrada *Agrovello*) e o castro de Miñarzo, “que indistintamente se atribuye á los tiempos de los árabes o de los romanos”.

Os nomenclátors de España de 1860 e 1880 recoñécenlle a *Lira* seis lugares, cinco menos que o actual NG: *Carballal*, *Cestelos* (actual Sestelos), *La Iglesia*, *Miñarzo* (no de 1880 figura un estraño *Miñarzol*, que debe ser unha gralla), *Pazo* e *Sofán*. Ambos rexistran esta capital da parroquia como *La Iglesia*.

Polo que toca ao rendemento de *Lira* como apelido, a CAG só rexistra 58 ocorrencias, a maioría no concello pontevedrés das Neves (lindeiro co de Salvaterra de Miño, onde, como xa vimos, hai outra parroquia chamada *Lira*). Polo tanto, se o carnotán *Lira* chegou algunha vez chegou a ter ese uso, hoxe está extinguido.

Louredo

Lugar da parroquia de San Mamede de Carnota

Este é un fitotopónimo derivado, co sufixo abundancial *-edo* (lat *-ĒTU*), do substantivo latino LAURU. Con esta palabra os romanos designaban o *Laurus nobilis*, planta que nós chamamos *loureiro*, voz que tamén é unha extensión da palabra latina citada. É e foi abundosa na flora galega, como demostra a gran cantidade de topónimos espallados por todo o país que teñen que ver coa súa familia léxica: *Loureiro*, *Loureda*, *Louredal*, *Loureiral*, *Lourido*, *Loural* ou *Lourosa* son bos exemplos.

Ao comentar *Freán de San Mamede* e *Freán de Santa Comba*, xa nos referimos á atestación dun *Laurario* nun documento do *Tombo de Toxos Outos* datado en 1140. Como dixemos alí, a pesar da mención doutros lugares que se poden poñer en relación con actuais topónimos desta parroquia, non se pode afirmar que *Laurario* se corresponda con este *Louredo*: a única saída sería pensar nunha confusión do escribán ou que *Laurario* faga referencia ao actual microtopónimo *O Rego Loureiro*; máis non é viable probar nin unha cousa nin outra. En calquera caso, só sete anos máis tarde temos unha mención inequívoca nun testamento datado o 8 de maio de 1147: “Petrus Sarracinz mandat duas servicias ad monasterium Sancti Iusti in Carnota, unam in Pineyro et aliam in Louredu”. Como se ve, no texto indícase con claridade que estamos no territorio de *Carnota*, polo que os dous lugares, *Pineyro* e máis *Louredu*, son os actuais *Piñeiros* e *Louredo*.

Algúns séculos máis tarde atopamos no AHUS, con data do 14 de xaneiro de 1556, unha concordia e igualación de bens entre, por unha banda, varios veciños do couto de *Louredo* e das freguesías de San Mamede de Carnota e Santa Comba de Carnota, e, pola outra, Cristóbal Mariño de Lobeira e o capitán Pedro do Campo Mariño. Pouco máis tarde, o 17 de xaneiro de 1562 (AHUS), estes dous mesmos propietarios concedíanlle un foro a Pedro de Taxes, veciño do lugar de *Louredo*, en San Mamede de Carnota.

Avanzando ata o século XVIII, o Catastro de Ensenada menciona un muíño e un río de *Louredo* (este último segue a chamarse así). Polo que se refire ás Comprobacións dese Catastro, citan un Antonio Rodríguez como propietario dunhas terras no lugar de *Louredo*. Máis adiante, o dicionario xeográfico de Madoz rexistra *Louredo* como lugar pertencente a esta parroquia, e o mesmo fan os nomenclátors estatais de 1860 e 1880.

Finalmente, dinos a CAG que, como apelido, *Louredo* só ten 31 ocorrencias no país, repartidas entre o concello ourensán de Leiro e o pontevedrés de Vigo.

Maceiras

Lugar da parroquia de Santa Comba de Carnota

Unha *maceira* é en galego unha árbore de folla caduca da familia das rosáceas que dá como froito a mazá, substantivo do que *maceira* é derivado. Da súa antiga e abundante presenza no noso territorio son testemuño os moitos *Maceira*, *Maceiras* e *Maceda* que atopamos na toponimia galega.

Ora ben, a palabra *mazá* ten a súa historia. Para comezar, o latín clásico denominaba ese froito cun termo doutra familia etimolóxica: *mālus*, de xénero feminino, que logo mudou ao neutro *mālum*. Así e todo, nun principio, esa voz tivo un significado máis xenérico: ‘froita con pebidas ou ósos’. Por esta razón este substantivo aparece en latín acompañado dun adxectivo que o concreta, como no caso de *mālus granāta* ou *mālum persicum*: son, respectivamente, o que coñecemos como *granada* e *pexego* (literalmente, ‘froito con grans’ e ‘froito de Persia’), pois na evolución ao romance perdeuse o primeiro elemento, o que non individualizaba, e conservouse o segundo.

Mais para chegar á nosa *mazá* debemos partir de *MĀTĪĀNA*, cualificativo que formaba parte doutro sintagma, este estendido no latín popular: *māla mātīāna*, plural de *mālum mātīānum*. A segunda parte da denominación fai referencia a Gaius Matius, un tratadista de agricultura que viviu no século I a. C., segundo nos informa o naturalista romano Plinio o Vello. Desta forma deriva, ademais do galego e portugués *mazá*/*maçã*, o castelán *manzana*. Non seguiron esta tendencia léxica outras linguas romances, como o francés e o catalán, cos seus *pomme* e *poma*, que saen doutro apelativo latino: *PŌMU*, que significaba ‘árbore froiteira’ ou ‘froito en xeral’. Con todo, o galego tamén posúe derivados de *PŌMU*: *poma* é un sinónimo de *mazá*, e *pomar* significa ‘horta con árbores froiteiras, especialmente maceiras’; ademais, na toponimia temos exemplos de *Pumares* e *Pumarín*.

Polo tanto, o topónimo *Maceiras* dinos que, nalgún momento do pasado, ese lugar destacaba entre os da súa contorna pola abundancia deste tipo de árbores.

Semella que non hai documentación medieval referente a este nome de lugar. A primeira atestación atopámola no AHUS: o 5 de marzo de 1568 Martín de Leis de Landera, de Muros, presentouse como segunda voz no foro dunha serie de herdades, entre as que se conta *Maceiras*.

Non se atopou ningún testemuño máis ata a época do Catastro de Ensenada, en que vemos un muíño de *Maceira*. Este catastro recolle tamén un veciño apelidado *Maceiras*, ademais de facer referencia ao propio lugar. Non se dá conta del no dicionario de Madoz, mais volve aparecer nos nomenclátors do século XIX.

Hoxe, o NG reconece outras tres entidades de poboación homónimas, todas na provincia de Pontevedra, nas freguesías de Uma (Salvaterra de Miño), Teis (Vigo) e Sobrán (Vilagarcía de Arousa). Ademais, figura *As Maceiras*, e faíno dúas veces, tamén en Pontevedra, nos municipios de Dozón (parroquia de San Remixio) e As Neves (San Pedro de Batalláns). A forma singular está igualmente representada, con artigo, sen el ou en sintagma toponímico, en todas as provincias agás na de Lugo.

Todo parece indicar que este *Maceiras* se converteu en apelido, pois o concello de Carnota é o segundo que máis ocorrencias presenta, segundo a CAG, só por detrás do tamén coruñés de Aranga. Ademais, concellos próximos ao carnotán, como Muros, Dumbría, Mazaricos, Outes e Cee, teñen tamén concentracións relativamente elevadas.

Mallou

Lugar da parroquia de Santa Comba de Carnota

Este nome de lugar é homónimo dos composteláns *Mallou de Arriba* e *Mallou de Abaixo* (parroquia de San Lázaro) e, pola súa forma, pode estar relacionado cos *Mallón* que atopamos nas parroquias da Ramallosa (Nigrán, Pontevedra) e Cícere (Santa Comba, A Coruña). A este respecto, cómpre indicar que a alternancia na terminación *-ón/-ou* non é frecuente, pero tampouco excepcional, na toponimia: *Arón/Arou*, *Marmancón/Marmancou*, *Tamón/Tamou* ou *Pasarón/Pasarou*, por exemplo. Segundo Bascuas, as formas en *-ou* amosan unha vocalización da nasal en /u/, polo que son secundarias desde o punto de vista etimolóxico.

Á hora de buscarlles unha procedencia a estes topónimos, é factible intentar relacionalos coa voz común *mallón*, xa identificada polo padre Sarmiento, e recollida de vello nos dicionarios co sentido de ‘marco’, ‘termo’. Entre os lexicógrafos, Eladio Rodríguez é bastante preciso na súa definición: “Confín, linde de una tierra labrantía, que suele quedar sin labrar, para servir de paso a otras heredades”; e tamén: “Baliza, señal puesta en el mar en los sitios peligrosos”. Con todo, é difícil atopar unha orixe segura para ese substantivo común (con paralelo no portugués, *malhão*, que tamén deu rendemento toponímico). Pódese pensar que é unha variante do medieval *molhom*, correlato do castelán *mojón*, que Corominas explica como procedente dun latín hipotético *MŪTŪLŌNE, creación popular a partir do clásico *mūtulus*, ‘saínte de pedra ou madeira que sobresaen dunha parede’. Porén, Martínez Lema, que fai un detallado estudo etimolóxico do *Mallón* do concello de Santa Comba, considera pouco probable que un termo técnico da arquitectura pasase ao latín popular.

O mesmo investigador propón que debemos deixar a un lado a etimoloxía con base no galego medieval *molhom* e pensar nunha filiación prerromana para *mallón* e os topónimos relacionados: a da raíz indoeuropea **mel-*, ‘aparecer’, ‘xurdir’, que parece estar presente en vocábulos como o albanés *mal* (‘montaña’), o letón *mala* (‘bordo’, ‘costa’) ou bretón *mell* (‘bóla grande’). Esa base puido estar presente na fala ou falas en uso no territorio antes da chegada dos romanos, e pasar logo á lingua común, tras a extensión do latín.

De acordo con esta hipótese da orixe prerromana, a xustificación para *Mallou*/*Mallón* como nome de lugar estaría na noción de ‘elevación do terreo’, derivada do sentido orixinal do lexema indoeuropeo. No caso do *Mallou* de Santa Comba de Carnota, a súa orografía permite pensar no outeiro situado a pouca distancia do núcleo de poboación e que albergou un castro, probablemente entre

o século VII e o III a. C. As actuacións arqueolóxicas realizadas sobre el, de maneira discontinua, entre 2006 e 2013, concluíron que posuía unha superficie total de pouco máis de unha hectárea, chegou a estar circunvalado por tres murallas, e contiña construcións circulares e cuadrangulares. Atopáronse nel, ademais, restos de cerámica, muíños de man e pegadas de escoura de ferro, o que leva a pensar que quizais contaba cunha ferrería.

En relación co castro, desenvolvéronse lendas populares, detectadas tamén noutros lugares semellantes de Galicia e o resto do noroeste peninsular. Estas fábulas mencionan a presenza dos mouros, a da galiña con ovos e pitos de ouro, a da Rampoña (monstro mítico que raptaba nenos) e tamén a da raíña Lupa, famosa personaxe do folclore galego, cun papel importante na lenda da translación dos restos do apóstolo Santiago, e que aparece sempre vencellada a penedos e montañas. Neste caso, no parapeto sur do castro de *Mallou* hai unha pedra coñecida como *A Pedra dos Sete Furados* ou *Cadeira da Raíña Lupa*. Máis adiante, na entrada dedicada ao *Pindo*, volveremos falar desta monarca mitolóxica, pois supúñase que no famoso monte homónimo desa parroquia estaban o seu trono ou a súa tumba.

Ao buscar atestacións antigas deste nome de lugar, a primeira con posibilidades data de 1152, e consta nunha doazón que o cabaleiro Airas Muñiz e a súa esposa lle fan ao mosteiro de Toxos Outos: “Idcirco damus eidem monasterio [...] villam meam de *Mallou*”. Un ano máis tarde, o mesmo Airas Muñiz asina un novo documento polo que, ao tomar os hábitos, lles entrega aos monxes de Toxos Outos “quantam hereditatem habeo in villa *Mallou*”. Porén, de acordo coas hipóteses etimolóxicas expostas anteriormente, pode tratarse do noso *Mallou*, mais tamén do *Mallón* do concello de Santa Comba: con el aparecen, nos mesmos textos, *Esar* (hoxe Ézaro, no municipio de Dumbría) e *Serchon/ Circiom* (actual *Cerzón*, na parroquia do Freixo de Sabardes, Outes); pero tamén *Palaciis de Celticis* e *Palacios* (posible *Vilar de Céltigos*, na parroquia de Grixoa, Santa Comba) e *Recaredo* (pode ser o actual *Recarei*, na freguesía de Vilamaior, no mesmo concello que o anterior).

Seguindo co *Tombo de Toxos Outos*, vinte anos máis tarde, atopamos outra doazón ao convento, neste caso a cargo de Maior Ordóñez, en que aparecen, entre outras, as propiedades de *Cerzom*, *Hesar* (Ézaro) e *Malou*. As mencións, de novo, do *Cerzón* outense e do Ézaro, fan pensar que o topónimo *Malou* aquí citado é o mesmo do documento anterior.

Onde parece haber menos lugar para a dúbida é no testamento de Martín Eanes, alcumado *Gato*, na mesma colección documental e non posterior a 1237:

Ego Martinus Iohannis cognominato Catus mando totam meam hereditate monasterio Sancti Justi ubicumque illam habeo uel habere debeo, videlicet in villa *Estario* et in *Carnota* et in villa *Mallou* et in *Serres*.

A mención de *Mallou* a carón de *Carnota* e dos veciños *Estario e Serres* (*Esteiro e Serres*, hoxe no concello de Muros), parécenos un apoio bastante firme para a identificación.

Máis clara aínda é a atestación deste nome de lugar na venda que María Pérez *Canavenia* e as súas fillas lle fixeron ao mesmo cenobio de Toxos Outos, datada en 1247:

de hereditate nostra propria quam habemus in terra *Carnota*, in villa que vocitant *Malou*, subtus *Monte Calu*, discurrente *ribulo Malou*, concurrentia *Sancte Columbe de Carnota*.

Aquí vemos, ademais, en *ribulo Malou*, a probable mención do que hoxe é coñecido como *rego de Mallou*. Por outra banda, no texto dise que *Mallou* está ao pé de *monte Calu*, orónimo que hoxe non se conserva e que debe facer referencia a algún dos cumios da liña montañosa, situados ao leste do núcleo de poboación, e que separa os concellos de Carnota e de Muros. De perdurar ata a actualidade, aparentemente correspondería a *Calo*, homónimo da parroquia de *Calo* (Teo, A Coruña), que, segundo propón Búa, tería a mesma raíz prelatina que o corónimo *Galicia* (< *Gallaecia* < *Callaecia*).

Xa no século XVI, un documento de 1568 conservado no AHUS fala de *Mallou* como unha das herdades incluídas nun foro. Pola súa parte, o Catastro de Ensenada dá fe do lugar e dun piñeiral alí situado, ademais dun *Campo de Mallou* e dun *Río de Monte Mallou*. Pola contra, o dicionario xeográfico de Madoz non o menciona, ao revés que os nomenclátors estatais de 1860 e 1880.

Como apelido, a CAG recolle só 206 ocorrencias de *Mallou*, case todas no concello de Santiago de Compostela, polo que non parece que o nome de lugar de Carnota chegase a ter este uso. A forma *Mallón* foi máis rendible e atópase espallada por varios concellos do oeste da provincia da Coruña, coa Baña, Zas, Val do Dubra e Santa Comba á cabeza das porcentaxes de portadores.

Miñarzo

Lugar da parroquia de Lira

Non é doado establecer a orixe deste nome de lugar, único na toponimia galega. Podería tratarse dunha forma construída a partir da mesma base prelatina que lle deu nome ao río *Miño*. Para Bascuas, ese hidrónimo presenta o lexema indoeuropeo **mei-*, de significado xenérico ‘ir’, ‘marchar’ (que é o que fan as augas dunha corrente fluvial). Sería a mesma raíz que formou os nomes de ríos como o alemán *Main* (chamado *Moenus*, no idioma dos antigos galos), o irlandés *An Mhaing* ou o polaco *Mień*, entre outros.

Partindo desta hipótese, que consideraría *Miñarzo* un hidrotopónimo, este nome de lugar constaría dun lexema *Miñ-* e un sufixo *-arzo*, moi raro. Só atopamos outro topónimo que semella presentalo tamén: *O Lagoarzo* (Reigada, Manzaneda,

Ourense), onde aparece igualmente unido a unha raíz hidronímica, neste caso de filiación romance. En todo caso, nada seguro semella poder afirmarse sobre el.

Na busca de atestacións medievais para este topónimo atopamos unha de 1247, conservada no *Tombo de Toxos Outos*. Trátase do testamento do cabaleiro Paio Delgado, quen cita nel as “meas hereditates de *Forniis* et de *Minarzo*” (onde *Forniis* probablemente sexa o actual *Fornís*, na parroquia de Coiro, no veciño concello de Mazaricos). Tras esta mención, encontramos no Arquivo do Reino de Galicia unha fe notarial de 1560 que cita un *Juan de Minarço*, veciño de Duio. A partir de aquí, non vimos nada sobre o lugar ata o século XVIII. Nesa altura, nin o Catastro de Ensenada nin as súas Comprobacións reparan nel, pero no ano 1792 atopamos un expediente da Real Audiencia de Galicia en que se mencionan os pagamentos dunhas rendas relativas aos lugares de Miñarzo e Sofán; nese documento cítase un Juan Antonio Caamaño, homónimo do rexistrado na Comprobación do *Catastro de Ensenada* como propietario de varias terras na freguesía de Lira, polo que talvez se trate da mesma persoa. Xa no século XIX, *Miñarzo* está recollido no dicionario de Madoz e tamén o rexistran os nomenclátore estatais de 1860 e 1880.

Como xa dixemos, *Miñarzo* é un *unicum* na nosa toponimia, e por iso o NG non reconece máis lugares maiores así chamados. Polo que se refire ao seu posible rendemento como apelido, a CAG non o detecta.

O lugar de *Miñarzo* foise constituíndo, ao longo do tempo, arredor dun castro, no cal nunca, que se saiba, se realizaron prospeccións arqueolóxicas (perdura a súa memoria, iso si, no microtopónimo *O Castro*). Malia que a vista aérea amosa dun xeito inequívoco o seu perfil, este antigo núcleo de poboación está hoxe desfigurado por completo: por unha banda, os terrapléns que cinguen a súa forma ovalada están ocupados, en todo o arredor, por construcións; pola outra, o interior do recinto foi empregado durante xeracións como zona de cultivo e como patio de curral dos animais

Zona que ocupaba o antigo castro, co perfil arredondado aínda apreciable



domésticos que posuían os propietarios das casas. Non é moi amplo (mide 60 m de norte a sur e 65 de leste a oeste), e, como é habitual nestes casos, o outeiro en que se atopa foi elixido polos seus antigos poboadores por facilitar a observación da contorna, tanto en dirección ao mar (cara ao norte, oeste e sur) como como ás montañas (orientación leste).

Para finalizar, denomínase *Os Miñarzos* un conxunto de rochas que se atopan no mar (cada unha co seu nome), fronte a este lugar. Ese mesmo nome escolleuse para unha Reserva Mariña de Interese Pesqueiro (RMIP), declarada no ano 2007, e que foi a primeira das súas características na costa atlántica da Península Ibérica. A súa creación debeuse á iniciativa da Confraría de Pescadores de Lira, cuxos membros participaron desde o primeiro momento no seu deseño e posta en marcha, co obxectivo de promover unha utilización sustentable do medio mariño e protexer o seu patrimonio natural e cultural.

Nóutigos

Lugar da parroquia de Santa Comba de Carnota

Unha vez máis, este concello de Carnota ofrécenos un *unicum*; e, de novo, iso apunta a que a dificultade á hora de interpretar este nome de lugar será elevada.

Na procura dunha pouca luz, cómpre seguir dúas vías de investigación: buscar posibles paralelos e consultar a documentación antiga. No primeiro caso, a toponimia galega ofrécenos un *Nóitegos*, na parroquia do Mosteiro do concello coruñés de Ortigueira, que consideramos xemelgo do noso *Nóutigos*. Os ditongos /ou/ e /oi/ deberon ter, en tempos pasados do galego, unha articulación moi próxima, o que explica, por exemplo, os pares toponímicos *Outeiro/Oiteiro* que atopamos por todo o país. No que hoxe é Portugal hai tamén casos: o actual *Terras de Bouro*, no distrito de Braga, na Idade Media era *Terras de Boiro*; e na época medieval *Paredes de Coura* está testemuñado como *Coyra*. Por outra banda, aínda hoxe, do substantivo *noite* existe a variante *noute*, así como a planta de nome científico *Cytinus hypocistis* é chamada *apóitiga* ou *apóutiga*; e pódese escoitar, por exemplo, nalgúns parroquias dos concellos de Muros e Outes, o adverbio *despois* articulado como *despous* ou *dispous*.

A cuestión é que eses dous ditongos galegos teñen orixes etimolóxicas distintas: /oi/ adoita ser a evolución dos grupos consonánticos latinos /kt/ e /lt/ en posición interior (como en *noite* < NŌCTE e en *moito* < MULTU); e /ou/ é o resultado frecuente do ditongo latino /au/ ou a secuencia /al/ en posición implosiva (como en *ouro* < AURU e en *outeiro* < *ALTARIU). Porén, foi moi común entre os escribáns medievais intentar latinizar palabras xa romances, de fonética allea ao latín en que debía formalizarse o documento que estaban a redactar. Iso aconteceu con frecuencia coas formas toponímicas: por iso atopamos nos arquivos medievais galegos testemuños como *Octario*, *Octeiro* —mesmo *Auctario*— (para o que hoxe é *Outeiro* ou *Oiteiro*), ou *Irocte* (para o actual *Iroite*, tamén recollido na Idade Media como *Iroute*).



| Cruceiro de Noutigos (s. XVI)

Pois ben, no *Tombo de Toxos Outos* consérvanse as mandas testamentarias dun home chamado Pedro Martínez (sen data, malia que deben ser do século XII ou XIII), nas cales lle doa ao convento varios bens, dous deles *in Noctabus*, forma que parece reflectir o que na fala da época era *Noutigos/Noutegos*, ou **Nóitigos/Nóitigos*, coa grafía <ct> dando conta do ditongo. Tocante á súa identificación co lugar carnotán, proposta xa por Martínez Lema, parece clara: ao seu carón cítanse varios lugares relativamente próximos, como *Santo Christofaro*, que se corresponde co actual *San Cristovo* (na parroquia de Santa María de Coiro, Mazaricos); ou *Sancte Taasie* (que fai referencia ao mosteiro de Santa Tasia, na freguesía de Santo Ourense de Entíns, no municipio de Outes). Volvemos atopar pegada documental deste topónimo nun inventario de bens recollido no TMILG con data de 1380, e no que se cita un *Iohan Coydado de Noctribus*.

Estes dous testemuños ofrecen formas que non acaban de casar ben, desde o punto de vista da evolución fonética, co *Noutigos* actual. En primeiro lugar, a atestación do *Tombo de Toxos Outos* presenta un <a> na segunda sílaba, difícil de interpretar etimoloxicamente, pero pensamos que debe tratarse dun erro do escribán. A atestación do século XIV ten un <i>, que cadra co que temos hoxe, pero xusto antes hai un <r>, tamén malo de conciliar coa forma que hoxe ten o topónimo; coidamos, de novo, que é un erro. Para rematar, aparece un na sílaba final, que, cremos, pode reflectir o que en realidade se articulaba como <g>. Sería este un fallo de percepción dos escribáns: ás veces un /g/ ante vocal labial pode escoitarse como /b/, e viceversa (pénsese en *gomitar*, variante popular de *vomitar*). É certo que temos dúas atestacións dese separadas polo menos un século, e a

nosa tese supón aceptar que os dous amanuenses cometeron o mesmo erro, cousa difícil, mais non imposible.

Unha explicación alternativa, polo menos para *Noctabus*, pasaría por supoñer unha relatinización forzada polo escribán ao interpretar un derivado da palabra latina *nox*, *noctis*. Esta pertence á terceira declinación e, precedida da preposición *in* con valor local rexe caso ablativo, expresado nesa declinación pola terminación *-bus* (de aí tamén a grafía <ct>, xa comentada). Mais esta suposición non se pode aplicar ao texto de 1380, redactado en galego (agás que o amanuense copiase dun texto anterior en latín ou existise na época a tradición de nomear o lugar carnotán con esa forma supostamente relatinizada).

En todo caso, a partir do século xv, como veremos máis abaixo, a sílaba final do topónimo presenta sempre <g>, e toca agora preguntarse cal pode ser a etimoloxía do par *Nóutigos/Nóitegos*, que son as formas coas que contamos na actualidade. Unha primeira ollada fai pensar nunha etimoloxía sinxela e foneticamente defendible: o latín NAUTĪCOS (derivado de *nauta*, ‘mariñeiro’). Así, o nome de lugar estaría relacionado cun colectivo de xentes de ocupacións relacionadas co mar (non é estraño atopar topónimos que fagan referencia a profesións ou dedicacións, como *Oleiros*, por exemplo). Nin *Nóutigos* nin *Nóitegos* están na costa, mais tampouco caen demasiado lonxe dela, polo que para a motivación habería que pensar nun grupo máis ou menos nutrido de persoas que, malia dedicarse aos labores do mar, se asentaron nunha zona máis interior. Por outra banda, *Nauticus* está recollido como antropónimo en inscricións latinas, mais non en Hispania. Polo tanto, semella improbable que *Nóutigos* proceda do nome dun antigo poseedor.

Outra opción que permiten as leis da evolución fonética é pensar nalgún derivado no latín NŌCTE. Esa extensión debería ter a forma *NŌCTĪCOS, cun significado de ‘pertencente ou relativo á noite’. Neste caso, a motivación para ambos os topónimos talvez podería ser a situación do lugar nunha zona especialmente sombriza: pensemos en nomes de lugar como *Casas da Noite*, *A Pena da Noite*, *O Regueiro da Noite*, *A Umbría*, *A Sombra* ou *A Sombrosa*, todos eles presentes en Galicia. Porén, a palabra *NŌCTĪCOS non está testemuñada, polo que esta teoría descansa sobre bases menos firmes que a anterior.

Como se ve, a orixe deste nome de lugar é ardua de desentrañar, e todo o que expuxemos ata aquí son meras hipóteses. Se tivéssemos que escoller, optaríamos por NAUTĪCOS, por ser o que ofrece unha evolución fonética máis plausible; mais nada podemos asegurar.

Deixando as teorías etimolóxicas a un lado, e centrándonos xa noutras atestacións do carnotán *Nóutigos*, atopamos dúas en senllos documentos conservados no AHUS, e ambas baixo a forma *Noutegos*: nunha cesión de varias herdades, datada en 1444, e nun arrendamento de 1595, formalizado por Diego Vidal e a súa esposa, María Fernández de Landeiras, a favor do labrador Juan de Abelleira (neste último caso, citamos a partir dun rexesto).

Xa no século XVIII, resulta curioso o testemuño do Catastro de Ensenada, onde está recollido baixo tres formas distintas: *Noticos*, *Nocticos* e *Noctegos*. Isto parece indicar, de novo, unha vacilación /oi/-/ou/ na pronuncia: se o funcionario escribiu o topónimo grafando <ct> no interior da palabra, talvez foi por querer castelanizalo ou realizar unha refección culta, o que nos indicaría que escoitou (ou lle pronunciaron) **Nóitigos*/*Nóitegos*. Con todo, na Comprobación dese catastro para a parroquia de Santa Comba de Carnota temos a forma *Nóutigos*, que cadra coa actual. Máis ou menos na mesma altura, o padre Martín Sarmiento refírese ao lugar como *Nóutegos*, e xa apunta a posibilidade de que proveña de NAUTÍCOS.

Este lugar non asoma no dicionario xeográfico de Madoz, aínda que os nomenclátors estatais das décadas próximas á súa si o rexistran. No de 1860 vémolo baixo a estrañísima forma *Noutiéjos*, que talvez sexa un erro de imprenta; no de 1880 o erro está corrixido.

A CAG non rexistra ningunha ocorrencia de *Nóutigos* (nin de *Nóitegos*) como apelido.

Outeiro, O

Lugar da parroquia de San Mamede de Carnota

A voz común *outeiro* designa unha pequena elevación de terreo, illada e sen moita extensión. A súa etimoloxía é, seguramente, o substantivo do latín popular hispánico **ALTARIU*, derivado do adxectivo clásico *altus*, de significado transparente. Porén, hai quen cre, como Álvarez Maurín, que *outeiro* debeu ser xa unha creación romance a partir de *outo*, unha das evolucións do adxectivo latino antes amentado. *Outeiro* é un nome de lugar moi cotián en Galicia, pois a configuración do terreo presenta abondos perfís orográficos deste tipo. De feito, no actual NG pódense atopar ata 563 topónimos maiores con *Outeiro* na súa denominación. No caso deste lugar da freguesía de San Mamede de Carnota, o nome está plenamente xustificado, pois sitúase nas alturas que dominan a parroquia contra o norte, lindando xa co concello de Mazaricos.

Na Idade Media (e en séculos posteriores), *O Outeiro* de San Mamede de Carnota pertenceu ao couto de Adraño. Así, a primeira traza que vemos deste nome de lugar está nun documento do 14 de outubro de 1433 conservado no AHUS: nel consta que Xan de Taxes, a súa muller, María Rodríguez, Xan Franco e outros moradores dos *Vilares* (lugar do que falaremos no seu momento), xunto co pescador Afonso Bornetado, a petición de Gómez Afonso, notario de Muros, e por virtude dun mandato de Xan Afonso de Giosa, cóengo de Santiago, apearon e delimitaron as herdades que lle correspondían nos lugares chamados *Os Vilares*, *O Outeiro* e *Adraño*, núcleos de poboación moi próximos entre eles.

Do século posterior (1541) data a concesión dun foro, gardada no ACS, feita polo bacharel Pedro de Vitoria, catedrático do Estudio de Santiago de Compostela (institución antecesora da Universidade) a *Rodrigo de Outeiro*, veciño da freguesía de San Mamede de Carnota, e á súa muller, Alberta García, de todas as herdades

pertencentes ao Estudo no lugar de *Adraño*. Consideramos moi posible que o apelido do aforado indique que procedía do núcleo homónimo de Carnota. E leva a data de 1556 un foro, igualmente conservado en AHUS, concedido a un matrimonio sobre dous terzos dun casal situado en *Outeiro*, o que supón unha atestación directa do lugar.

Polo que se refire ao Catastro de Ensenada, rexistra un muíño no sitio denominado *O Outeiro* (a Comprobación precisa que pertencía a un individuo chamado Pedro Cambeyro). O mesmo documento contén referencias a unhas pezas chamadas *Outeiro* e *Soouteiro* ('ao pé do outeiro') na *Bega do Outeiro*, polo que nos parece clara a referencia a este lugar. Hai tamén, na mencionada Comprobación, unha propiedade denominada *Outeiro*, cuxo dono era un tal Lorenzo Caamaño, pero coidamos que se refire ás terras hoxe coñecidas como *O Campo do Outeiro*, pois o documento detalla que se atopaba na *Bega de Parada* (actual *Parada*), a bastante distancia do *Outeiro* que analizamos aquí.

O lugar ten entrada (sen artigo) no dicionario de Madoz, como un dos pertencentes ao municipio de Carnota, e aparece tamén nos nomenclátors de España do século XIX.

En relación co seu rendemento como apelido, a CAG rexistra menos de 300 ocorrencias, case todas elas en concellos das áreas central e occidental da provincia da Coruña; porén, non se dá ningunha neste municipio nin nos lindeiros. Pola contra, a forma castelá, *Otero*, está documentada en nada menos que 260 concellos, o de Carnota entre eles (con 122 portadores). A maioría deses *Otero* deben ser castelanizacións e, dada a frecuencia do topónimo, é complicado saber cales teñen a súa orixe neste nome de lugar carnotán. O portal Galicia Nomeada rexistra para o concello de Carnota máis de cen microtopónimos en que aparece a voz *Outeiro*, e varios deles son accidentes costeiros.

Panchés

Lugar da parroquia de San Mamede de Carnota

En Galicia, *Panchés* só existe como nome de lugar neste concello. En principio, parece razoable relacionalo coa voz común *panchés*, recollida no dicionario de Eladio Rodríguez coa seguinte definición: 'home pequeno de estatura e ao mesmo tempo groso e barrigudo'. Á súa vez, *panchés* é un derivado de *pancho*, adxectivo para que o DRAG recolle a acepción de '(persoa, animal) que mostra tranquilidade e satisfacción'; pero, tamén, como substantivo, *pancho* serve para designar un ollomol pequeno ou o peixe de nome científico *Pagellus acarne*.

Estes significados poden parecer incompatibles, pero todo cobra sentido se caemos na conta de que *pancho* e *pancha* son derivados de *panza*, palabra que, como nos indica Corominas, ten orixe no latín *PANTĪCE*, que quería dicir 'tripa', 'barriga'. Este termo, que pertencía ao léxico popular, conservou nas linguas neolatinas a carga humorística, e mesmo vulgar, que xa posuía no idioma dos romanos. Iso

debeu motivar, segundo defende o mesmo Corominas, que *panza* desenvolvese un sufixo diminutivo-despectivo, cunha forma talvez influída polo éuscaro (*pantxa*), o catalán (*panxa*) ou o italiano (*pancia*), e de aí que hoxe teñamos *pancha* (que en galego, como substantivo, é unha inxestión importante de comida ou bebida) e o seu masculino *pancho*. Ademais, de *pancho* temos varios derivados expresivos, como *panchote*, *pachán*, *pachudo* e o xa citado *panchés*. As definicións actuais que o DRAG dá para *pancho* explícanse polo carácter tranquilo que a imaxinación popular lles atribuíu de vello ás persoas de ventre prominente (a primeira), e á forma arredondada de certos peixes (as segundas).

Da mesma familia léxica parece ser o nome da *illa Pancha*, que temos no concello de Ribadeo, e que puido recibir o seu nome por presentar unha orografía arredondada, ou talvez por pescarse panchos na súa contorna. Fóra de Galicia, na provincia de Córdoba, está a aldea de *Los Pánchez*, nome cuxa orixe parece estar nun propietario apelidado *Pancha*, documentado na zona no século XVI.

Algo semellante puido ocorrer co noso *Panchés*, pois coidamos que o topónimo provén do alcume dun propietario ou dunha familia, pero só atopamos unha atestación na documentación antiga: un inventario de bens datado en 1380 (TMILG) no que se le “heredad [...] que he en *San Mamede de Carnota* ally hu chaman *Panchas*”. Que aí teñamos *Panchas* e non *Panches* pode deberse a un erro do transcriptor (citamos por rexesto), pero a referencia ao lugar parece clara.

Porén, o topónimo non figura no Catastro de Ensenada nin na súa Comprobación. Pola contra, no dicionario de Madoz ten a súa entrada (sen acento), e tamén o rexistran os nomenclátors de 1860 e 1880. Máis adiante, atopamos no AHUS unha autorización e normas de funcionamento para unha escola privada que unha muller chamada Josefa Pérez Fernández tiña neste núcleo de poboación no ano 1922.

A CAG non rexistra ocorrencias de *Panchés*, e, para finalizar, preto deste lugar, xusto sobre a denominada *praia da Insuela*, pódense ver os restos dunha das varias salgaduras (neste caso, construída arredor de 1840) que funcionaron no municipio de Carnota en épocas pasadas.

Parada

Lugar da parroquia de San Mamede de Carnota

Parada e o seu diminutivo *Paradela* son bastante frecuentes na toponimia galega. Etimoloxicamente procede do latín PĀRĀTA, participio do verbo *pārāre*, que significa ‘dispoñer’, ‘preparar’ (voz esta que nos veu do seu derivado PRAEPĀRĀRE). Ese valor apréciase, por exemplo, no dito “Si vis pacem, para bellum” (‘se queres a paz, prepara a guerra’). Segundo explica Corominas, no decurso da evolución do latín ao romance desenvolvéronse, por asociación de ideas, os sentidos de ‘dispoñer algo nun determinado estado ou posición’, ‘colocar’ e, finalmente, os de ‘deterse’ e ‘deter’. Así, do participio antes mencionado xurdiu o substantivo *parada*, que é un sitio onde facemos un alto.

Na toponimia, *Parada* designa unha extensión de terreo chan situada entre dous niveis diferentes, apropiada para que un viaxeiro se deteña a descansar ou, polo menos, para que alivie o esforzo. Esa condición cumprea este lugar da freguesía de San Mamede de Carnota, pois está situado entre a depresión onde se atopa a marisma da Berberecheira e as pendentes que levan, cara ao norte, á contorna de Cornido e, cara ao noroeste, á mole do monte do Pindo.

A primeira atestación deste nome de lugar figura nun documento do *Tombo de Toxos Outos* datado o 14 de maio de 1136, polo que Froyla Afonso lle doa ao mosteiro “porcionem meam de ecclesia *Sancti Mametis* [...] et porcionem meam de *Parada*”. Contamos tamén con testemuños do lugar na Idade Moderna, como un foro concedido a unha muller chamada Sancha de Lobera sobre a metade da vila de *Parada* (1485) conservado no Arquivo do Reino de Galicia.

Máis adiante, o Catastro de Ensenada menciona un muíño no lugar e, na súa Comprobación, aparece o nome de *Parada* como unha das *Vegas* (contornas, de delimitación máis ou menos precisa) que forman parte da parroquia, na que se localizan varias propiedades; unha delas chamada, precisamente, *Parada*, a nome dun Antonio de Cambeiro. Máis tarde, no século XIX, Madoz dálle entrada no seu dicionario xeográfico e tamén o vemos nos nomenclátors estatais de 1860 e 1880.

O actual NG reconece 62 nomes de lugar maiores que inclúen a voz *Parada*, repartidos polas catro provincias. Neste concello, e na mesma freguesía, temos *Vilar de Parada*, do que falaremos máis adiante, así como algúns microtopónimos: *A Lomba de Parada* e o *Camiño do Monte de Parada* están directamente relacionados co lugar maior; pero algo máis lonxe, fronte á praia da Insuela, está a *illa de Parada*, que quizais deba o seu nome ao feito de que serve de parapeto contra a forza do mar.

Como apelido, *Parada* ten bastante rendemento, segundo a CAG. Nin o municipio de Carnota nin os limítrofes ofrecen un número relevante de ocorrencias, polo que non parece que este nome de lugar de San Mamede de Carnota chegase a ter ese uso. A meirande parte das ocorrencias dáse en concellos do sur da provincia de Lugo, así como da provincia de Ourense e o concello lugués da Pobra do Brollón, onde existe o topónimo maior *Parada dos Montes*, o que maior porcentaxe de casos presenta.

Paus

Lugar da parroquia de Lira

No NG de 2003, este topónimo aparecía como *Paos*, forma que foi substituída pola que presentamos aquí. Igual sucede no NG de 2025 con outros tres topónimos en que antes figuraba a forma *Pao(s)*: *O Pau do Raposo* (na parroquia de Barcala, no concello coruñés da Baña), *O Pau do Lobo* (Queixas, Cerceda, na mesma provincia) e *O Porto dos Paus* (na freguesía cabeceira do municipio lugués de Muras). En cambio, as formas *Pao* e *Paos* mantéñense nos nomes *O Pao* e *Paredes do Pao*

(concello ourensán de Gomesende), así como *O Curral dos Paos* (parroquia de Anafreita, en Friol, Lugo). A diferenza na escolla baséase, para cada caso, na existencia de tradición escrita e na pronuncia das xentes das respectivas zonas.

Parece claro que estamos ante o plural da voz *pau*, procedente do latín *pĀLU*, que non mudou de sentido no seu camiño ao romance. É un termo corrente nos nomes de lugar galegos, en singular e en plural, e aos exemplos antes citados podemos engadir microtopónimos como *O Pau*, *Paufito* ('pau chantado'), *Pau Groso*, *Tralos Paus*, *Os Tres Paus* ou *O Val dos Paus*. No caso do *Paus* de Lira, o lugar puido recibir este nome por atoparse alí unha ponte de estrutura rudimentaria, quizais sobre o chamado *río das Bohecas*. Porén, a motivación tamén podería deberse ao feito de acumulárense alí pólas de árbores, a que fose utilizado como depósito de ramas ou madeiros ou a que houbese nel algún recinto delimitado con ramas ou troncos.

Ata o século XVIII non atopamos ningunha atestación deste nome de lugar, que aparece na Comprobación do Catastro de Ensenada correspondente á freguesía de Lira. Nela figuran dúas propiedades denominadas *Paus*, a nome de dous homes chamados Ambrosio de Pazos e Nicolás García.

É probable que a consolidación como núcleo de poboación sexa bastante recente, pois o dicionario xeográfico de Pascual Madoz non nos di nada deste lugar nin tampouco o mencionan os nomenclátors estatais do mesmo século, o XIX, como tampouco o fan os do XX (na imaxe do Voo Americano só se ven dúas edificacións).

Segundo a CAG, *Paus* non se dá como apelido.

Pazo, O

Lugar da parroquia de Lira

Este topónimo, frecuente en Galicia, procede, moi probablemente, do latín *pĀLĀTĪU*. En Roma, a palabra foi empregada para nomear un dos sete outeiros que formaban parte da cidade, coñecido historicamente co nome de Palatino. Cando a urbe era xa a cabeza dun grande imperio, os gobernantes —emperadores incluídos— construíron as súas residencias nese outeiro, razón pola que, en latín clásico, o substantivo *pala-tium* acabou tomando o sentido que o seu descendente culto *palacio* conserva hoxe.

De *pĀLĀTĪU* temos tamén en galego *pazo*, a forma patrimonial: un edificio grande e luxoso que serve de residencia a unha persoa importante ou que antigamente foi vivenda dunha familia nobre. Do elevado número de *Pazo(s)* que, como xa dixemos, ofrece a toponimia galega, deberíase deducir que, en tempos antigos, o territorio contou cunha enorme cantidade deste tipo de construcións, cousa que semella bastante improbable. Este razoamento levou a Moralejo Álvarez a formular a hipótese de que algúns (ou bastantes) deses *Pazos* deben ter outra orixe, que podería ser unha raíz presente nas falas indoeuropeas prerromanas. Ese lexema sería **pel-*, que significa 'encher' ou tamén 'envasar', e que está tras palabras como a grega *pólis* ('cidade').

De todos os xeitos, parece máis sinxelo aceptar a tese, proposta por autores como Elixio Rivas e Jaime Varela Sieiro, de que o significado medieval de *pazo* debeu ser o de ‘casa principal’, ‘residencia dentro dun casal’. Porén, no caso do lugar maior de Lira denominado *O Pazo*, non parece haber memoria dunha edificación desas características, pero debeu existir en tempos pasados.

Non atopamos atestacións antigas deste nome de lugar, que si aparece referido na Comprobación do Catastro de Ensenada para esta parroquia, onde figura un Juan Antonio Caamaño como titular dunhas terras *do Pazo* (case de certo, a mesma persoa que citamos na entrada *Miñarzo*). Xa no século XIX, Madoz menciona o núcleo, igual que fan os nomenclátors de España de 1860 e 1880.

O termo *Pazo*, en singular ou plural, con artigo ou sen el, e só ou en sintagma, está en 298 macrotopónimos galegos, segundo o actual nomenclátor de Galicia. En moitos casos, eses nomes de lugar deron pé a apelido, mais non parece ser o caso do de Lira, onde non hai portadores: segundo a CAG, é o suroeste da provincia de Pontevedra a área en que máis ocorrencias se dan, cos concellos de Cangas e Pazos de Borbén á cabeza das porcentaxes.

Pedrafigueira

Lugar da parroquia de Santa Comba de Carnota

O máis probable é que este nome de lugar proceda dun antigo **Pedra da Figueira*, sintagma no cal se acabou perdendo a preposición. A motivación do topónimo debeu ser unha rocha de certo tamaño, a carón da cal medraba unha árbore da especie *Ficus carica*. Calquera das dúas voces son moi comúns entre os nomes de lugar galegos, e de etimoloxía claramente latina: *pedra* vén de PĒTRA e *figueira* de FĪCĀRĪA, palabras que no latín tiñan o mesmo significado que agora.

Na Idade Media non parece haber testemuños deste nome de lugar carnotán, que asoma no Catastro de Ensenada como *Pedra Figueira*, coa suposta preposición xa desaparecida, pero coas dúas palabras separadas. Na Comprobación do mesmo Catastro aparece tamén, e faino como punto en que se localizan abundantes propiedades: unhas veces cunha forma igual á que vemos no Interrogatorio Xeral e outras coa forma semicastelanizada *Piedra Figueira*.

O dicionario de Madoz non reconece este lugar, mais está rexistrado polos nomenclátors estatais de 1860, onde o vemos como *Piedrafigueira*, e no de 1880, onde xa figura como *Pedrafigueira*.

Este foi o primeiro lugar do concello de Carnota que coñeceu a fotógrafa estadounidense Ruth Matilda Anderson, xunto co seu pai. No curso da década de 1920, esta observadora muller realizou varias viaxes por España por conta da Hispanic Society of America, coa misión de describir paisaxes e poboadores e tirar fotografías. A Pedrafigueira chegou en novembro de 1924, acompañando unhas leiteiras que, logo de vender o seu xénero en Muros, volvían ás súas casas polo camiño de montaña que daquela era a conexión terrestre entre Carnota e Muros. A estadounidense

reparou nas moreas de esterco apoiadas contra as paredes exteriores das casas, así como os fragmentos de materia orgánica estrados polo camiño empedrado, case imposibles de sortear. O final da camiñada foi na capital da parroquia, onde se aloxou nunha fonda e reflexionou sobre o illadas que estaban aquelas terras, malia distar só uns poucos quilómetros de Muros.

O actual NG só recolle un *Pedrafigueira*, aínda que na microtoponimia podemos atopar, por exemplo, o mesmo nome de lugar na parroquia de Esteiro (Muros). Cos dous termos grafados por separado temos *A Pedra Figueira*, nome dun accidente costeiro na freguesía de Viladesuso (Oia, Pontevedra).

Finalmente, como apelido, *Pedrafigueira* non está rexistrado pola CAG.

Pedramarrada

Lugar da parroquia de Santa Comba de Carnota

A primeira vista, parece un topónimo cunha estrutura semellante á de *Pedrafigueira*: a unión do substantivo de orixe latina *pedra* con outra palabra, neste caso o adxectivo *marrada*. Para o significado desta última voz non deberíamos pensar no participio do verbo *marrar*, de filiación xermánica e que significa ‘faltar’, ‘errar’: ‘pedra faltada’ ou ‘pedra errada’ non teñen demasiado sentido como nome de lugar. Talvez máis plausible sería a relación con *marra*, termo procedente do latín que nomea un mazo grande de ferro que se utiliza para partir pedra ou traballar o ferro: unha *pedra marrada* sería, así, unha rocha rachada con marra.

Malia non haber constancia do nome do lugar na época medieval nin nos séculos inmediatamente posteriores, a Comprobación do Catastro de Ensenada para a parroquia de Santa Comba de Carnota rexistra varias propiedades chamadas *Pedra Embarrada*. Se o escribán recolleu correctamente o nome (e se o informante non se trabucou), a motivación do nome de lugar sería distinta, pois no actual *Pedramarrada* poderíamos ter unha amálgama entre *pedra* e o participio do verbo *embarrar*, á súa vez formado sobre o substantivo *barro*, considerado de orixe prerromana, mais de significado ben claro. Polo tanto, *Pedramarrada* podería designar unha rocha ou afloramento pétreo sobre o (ou arredor do) que adoitaba acumularse lama. Para chegar de *Pedra Embarrada* a *Pedramarrada*, ademais da aférese, habería que aceptar a perda da consoante labial /b/, asimilada á tamén labial /m/, fenómeno foneticamente factible.

Con esta posible etimoloxía, atopamos paralelos de *Pedramarrada* na microtoponimia galega: nas freguesías de Noal e Ribasieira (Porto do Son, A Coruña), temos *A Pedra Embarrada* e *Pedra Embarrada*, respectivamente; hai tamén *A Pedra Embarrada* na parroquia de Oleiros (Ribeira, A Coruña); e, só co participio, recóllense varios *A Embarrada*, un deles en Ferreira (Coristanco, A Coruña).

En Madoz está ausente este lugar, que non aparece nos nomenclátors de España ata 1920; ademais, é único no actual NG. Polo que toca aos rexistros da CAG, *Pedramarrada* non ten rendemento como apelido.

Peralbar

Lugar da parroquia de San Mamede de Carnota

Este nome de lugar é un *unicum* (aínda que ao seu carón existe o microtopónimo asociado *A Agra de Peralbar*). Nel, igual que en *Pedramarrada*, temos unha amálgama. Para comezar, no primeiro segmento vemos o elemento *Per-*, que pode proceder dunha evolución do substantivo latino PĚTRA ('pedra'). A perda do /d/ interior non se deu na palabra patrimonial (dicimos *pedra* e non **pera*), pero é frecuente que os topónimos non sigan as evolucións fonéticas regulares e recollan pronunciacións propias dunha área nunha época pasada. Así, nalgún momento houbo inclinación a pronunciar [péra] e non [pédra], malia que esa tendencia non se consolidou no substantivo común. En todo caso, esa variante deu lugar a moitas formas toponímicas: neste mesmo concello, por exemplo, temos *Pera Longa*, *A Perabouza* (< **A Pedra da Bouza*), *Pera Rubias* (< **Pedras Rubias*) ou *Pera Cavada*. Por certo, que nos territorios do catalán se deu o mesmo fenómeno: o substantivo común é *pedra*, pero danse nomes de lugar como *Peralta* (que atopamos tamén en Portugal).

Ora ben, debe concederse tamén a posibilidade de que a amálgama non tivese *pedra* no seu primeiro elemento, senón o antropónimo *Pero*, variante de *Pedro* (< latín PĚTRU, igualmente baseado en PĚTRA, e do que falaremos na entrada *Perecha*, A) amplamente testemuñada na época medieval na Península Ibérica. Nesta perspectiva, o lugar debería o seu nome a un antigo propietario chamado *Pero Albar*.

Polo que se refire a *-albar*, deriva do adxectivo latino ALBĀRE, que en última instancia se remonta ao tamén cualificativo latino *albus*, que significa 'branco'. Pola súa parte, ALBĀRE chegou a empregarse como substantivo, en alusión ao estuco, unha masa branca a base de xeso usada para revestir paredes. O seu continuador no galego, *albar*, posúe o senso 'de cor máis clara do que é común': por iso temos nomes de vexetais como *centeo albar*, *toxó albar* ou *piñeiro albar* (e a uva do *albariño* é clara tamén). Ademais, *albar* aplícase, en galego e en portugués, a pedras ou terras de cor clara.

Ata o século XVIII, época do Catastro de Ensenada, non atopamos testemuños de *Peralbar*: nas Comprobacións indícase que o presbítero Patricio Figueroa (o mesmo que mencionamos na entrada *Capelán*, A) tiña unha propiedade en *Peralbar*; e un home chamado Francisco Figueyra figura como titular dunhas terras en *Peralvar*.

O dicionario de Madoz posúe unha entrada *Peralbar*, en que se indica que pertence á freguesía de San Mamede de Carnota, e o mesmo fan os nomenclátors estatais de 1860 e 1880. Polo que se refire aos nomenclátors do século XX, aparece neles unhas veces como *Peralvar* e outras como *Peralbar*.

Finalmente, a CAG non rexistra ningunha ocorrencia de *Peralbar* como apelido.

Perecha, A

Lugar da parroquia de San Mamede de Carnota

Semella que este topónimo presenta o sufixo de creación romance *-echo*, *-a*, portador dun valor diminutivo-despectivo, que vemos en vocábulos como *rabecho*, *cornecho* ou *covecha* (que, por certo, tamén renden como nomes de lugar en Galicia). Se isto é así, ao separar a devandita extensión obtemos a raíz *Per-*, que neste caso nos remite a *Pero*, forma medieval do antropónimo *Pedro*, procedente do latín *Petrus*. A orixe deste nome está na tradición relixiosa cristiá. Segundo os evanxeos, Xesucristo dirixíase a Simón, un dos apóstolos, co apelativo *Kephas*, unha versión helenizada da voz común aramea “kefá” ou “kefah”, que significa ‘pedra’, ‘rocha’. Por iso, cando os textos cristiáns primitivos se traduciron ao latín, tomouse a voz *petra* para construír o nome do apóstolo.

Tocante á motivación deste nome de lugar carnotán, coidamos que fai referencia ao alcume dunha muller que en tempos pasados tivo relación familiar cun home chamado *Perecho*, forma documentada como hipocorístico de *Pedro*. Como paralelo podemos citar, na parroquia de Grixoa, dentro do concello ourensán de San Amaro, o microtopónimo *O Monte da Perecha*.

A consolidación do núcleo de poboación debe ser bastante recente, case de certo por estar vinculada ao trazado da estrada AC-550: o lugar ten moi poucas edificacións e está moi preto de Piñeiros. Estas deben ser as razóns de que non haxa ningunha atestación antiga do lugar: non o vemos nos arquivos medievais nin no Catastro de Ensenada (incluídas as súas Comprobacións), nin tampouco nos din nada del o dicionario xeográfico de Madoz nin os nomenclátors estatais dos séculos XIX e XX.

No actual NG só se rexistra baixo a forma *A Perecha* este lugar carnotán, que, segundo parece, non deu lugar a apelido, segundo os datos da CAG.

Pindo, O

Lugar da parroquia do Pindo

Pindo, O (San Clemente)

Parroquia


A orixe deste topónimo ten sido obxecto de moita controversia, influída, nun alto grao, pola mítica e a mística que envolve o monte ao pé do que se atopa o núcleo de poboación. Trátase dunha imponente mole de granito de ton agrisado, que pasa dos 600 m de altura no seu pico máis elevado (*A Moa*, así chamada polo seu perfil arredondado) e que leva innumerables xeracións estimulando a imaxinación dos moradores da contorna, así como a dos visitantes. Un dos que pasou pola bisbarra foi o padre Sarmiento, quen, na súa *Viaxe a Galicia* (1745) e a propósito dela, describe un perfil de picos encadeados e pensa que o nome *Pindo* lle vén pola

semellanza coas famosas montañas homónimas que se atopan no noroeste de Grecia (que el, con todo, non visitara). Porén, a orixe etimolóxica do nome desa cordilleira é distinta da deste monte, pois, segundo Pokorny, o orónimo grego procede da antiga raíz indoeuropea **k^wei-*, que significa ‘branco’ (presente tamén no nome desa cor no inglés *white* e no alemán *weiss*, por exemplo). Xa que logo, a identidade de son entre o nome da cordilleira grega e o do macizo galego produciuse por casualidades da evolución lingüística.

Xa dixemos que os seres humanos crearon mitos e lendas dabondo sobre esta imponente montaña, como adoita ocorrer en todo o mundo: as grandes masas pétreas sempre inspiraron un respecto que, en moitos casos, derivou en culto relixioso. Polo que toca ao monte do Pindo, cóntase que por el pasaron, ou nel viviron, bruxas, trasnos, xigantes e incluso criaturas con nome propio como a raíña Lupa, personaxe pertencente á tradición xacobeá e vinculada a outras montañas, á parte da que aquí nos ocupa: todas estas lendas deixaron a súa pegada na microtoponimia do monte, que é moi rica. A maiores, desta masa granítica tamén se di que foi obxecto de atención por parte de varios pobos históricos, entre eles romanos, mouros e celtas.

Neste último caso, a crenza popular quixo ver no monte do Pindo, desde época temperá, un centro relixioso de grande importancia para grupos de poboación céltica asentados na contorna, e así nacería boa parte das lendas que o teñen como escenario. Sen negar a existencia de continxentes máis ou menos grandes de xentes celtas (ou celtizadas) na bisbarra, coidamos que a condición de Olimpo Celta —etiqueta acuñada por Ramón Otero Pedrayo—, atribuída a esta montaña é unha esaxeración e nada hai polo momento, na toponimia nin na arqueoloxía, que confirme tal extremo. A idea de que o monte do Pindo foi un importante santuario celta é un dos moitos desenvolvementos das teorías de xentes da cultura galega que viviron entre mediados e finais do século XIX, como José Verea y Aguiar, Benito Vicetto, Manuel Murguía e outros. Estes estudosos adaptaron a Galicia unha

O monte do Pindo
desde Lira



idea nacida en Francia no século XVIII, que pretendía construír un feito diferencial francés apoiándose no que se coñecía (ou se cría coñecer) sobre os antigos galos. O mesmo quixo facerse aquí, esaxerando a importancia demográfica e cultural do elemento céltico para distinguir os galegos doutros pobos peninsulares, nomeadamente os da meseta (cando, en realidade, houbo celtas espallados por áreas do centro, norte e oeste do territorio que os romanos chamaron Hispania).

Como indicio ou proba do papel central que o monte do Pindo tivo para as comunidades celtas da zona, tense recorrido aos relatos sobre montañas gardadas por unha muller (como a amentada raíña Lupa) en toda a costa atlántica europea, habitada de vello por tribos celtas. É certo que desde tempos moi antigos os poboadores do noroeste ibérico tiveron relacións comerciais e culturais coas áreas do oeste da Galia; e tamén é verdade que en Galicia houbo celtas. Pois ben, os mitos citados poden proceder da propia antigüidade, mais é posible, igualmente, que fosen chegando pouco a pouco durante a Idade Media a través da ruta xacobeá, que para os galegos da época era o máis importante vínculo coa Europa de alén dos Pireneos. Algunhas desas fábulas, ademais, mesmo puideron alcanzar Galicia por outra vía: de feito, a raíña Lupa aparece na lenda da translación dos restos do apóstolo Santiago, relato que, para máis dun estudoso, chegou aquí desde o sur da Península Ibérica.

Se fixemos este excursus sobre a cuestión do celtismo, foi como prólogo para referirnos ás propostas sobre unha posible etimoloxía céltica para *O Pindo*. A nós parécenos que esas hipóteses non teñen moito apoio filolóxico, dado que non encaixan, nin por fonética nin por morfoloxía, cos nomes de lugar galegos dos que si se pode dicir, cun certo grao de seguridade, que teñen esa procedencia (exemplos clásicos son os rematados en *-bre*, como *Barallobre*, *Canzobre*, *Callobre*...). Entre as teorías que propugnan unha base céltica para *O Pindo* está a que se apoia nun fragmento do *Documento de Tructino*, no cal se enumeran as igrexas pertencentes á daquela diocese de Iria Flavia. Parte do texto recolle catro topónimos: “In *Carnota* ecclesia *Pintani* in *Sentes* et ecclesia *Gaudiosi*”. Do segundo deles, *Pintani*, un antropotopónimo, este si, de probable orixe céltica, deféndese que é o antecesor do *Pindo*: non o cremos posible, pois *Pintani* daría hoxe *Pintán*, talvez o que atopamos na freguesía de Santaia de Gorgullos, no concello coruñés de Tordoia. Se a identificación fose correcta, ese *Pintán* caería dentro do que no século VI era a parroquia sueva de *Celticos*, que, como vimos na Introducción, entre finais do século IX e principios do X quedou dividida nos *commissos* de *Celticos* e *Carnota*. Así, a mención de *Carnota* no canto de *Celticos* como a circunscrición á que pertencía *Pintani* pode indicar que na época do documento ambas as dúas denominacións coexistían para referirse a un mesmo territorio ou parte del. En todo caso, se o *Pintani* de Tructino non fose o *Pintán* de Tordoia, tería que corresponderse cun *Pintán* actualmente desaparecido ou aínda non recollido. Tocante aos demais topónimos citados no texto (*Sentes* e *Gaudiosi*), tampouco poden identificarse na contorna do monte do Pindo.

En resumo: que houbo celtas nesta área é indubidable, como o é que para eles o monte do Pindo debeu constituír unha presenza influente, igual que para os po-boadores anteriores e posteriores. Este feito pode hoxe, de maneira lexítima, resul-tar inspirador para aqueles galegos que queiran identificarse cos antigos celtas que viviron en diversas áreas do noso territorio. Mais partir destes presupostos para propoñer, sen alegar firmes indicios lingüísticos, que o topónimo *O Pindo* é de orixe céltica parécenos abondo aventurado. Ao noso parecer, é moito máis razo-able intentar explicar o nome de lugar dentro das pautas coñecidas de configuración da toponimia galega.

Chegados ata aquí, a máis acaída parécenos, sen dúbida, á hipótese de Martínez Lema, quen, tras descartar con sólidos argumentos fonéticos a procedencia dun tentador *PĪNNĒTŪ (derivado do latín *pinna*, ‘pena’, ‘rocha’), propón como étimo *PĪNĪTŪ, extensión abundancial do substantivo latino *pinus*, ‘piñeiro’. Como impor-tante apoio, o estudoso aduce o topónimo portugués *Pindo*, foneticamente idéntico ao noso, que está documentado no século XIII como *Pinido*, *Piido* e *Piindo*. Nesas formas vemos un fenómeno ben coñecido no dominio do galego: a perda inicial da nasal alveolar intervocálica, que deixa unha resonancia na vogal anterior e que, á súa vez, xera máis tarde unha nova consoante nasal. Polo tanto, *Pindo* e *O Pindo* son, ao noso parecer, a pegada toponímica da abundancia nas súas respectivas contornas dunha especie arbórea do xénero *Pinus*. Un testemuño de que a zona presentaba ese tipo de vexetación atopámolo no chamado *Atlas do Rei Planeta*, unha descrición das costas da Península Ibérica encargada en 1622 polo rei Filipe IV a unha comisión de cosmógrafos e historiadores, entre os cales se atopaba o portugués Pedro Teixeira. Tras concluír o seu percorrido marítimo, foi este home quen publicou a obra en 1634. A propósito da costa da zona que nos ocupa di o seguinte:

en el fin della se entra en el mar un río que dicen *Lezaro* [...]. De la parte del me-diodía de él se levanta una hermosa sierra toda poblada de pinos y tan espesos que por muchas partes es imposible andar por ella. Llámante *San Pedro del Pin*.

Tocante á cuestión de se foi o monte o que lle deu o nome ao núcleo ou ao revés, coidamos que foi a área próxima á montaña, poboada polas amentadas árbores, a que se chamou *O Pindo*, que logo se estendeu á montaña, e non ao revés, como parece indicar, por outra banda, o sintagma tradicional *monte do Pindo*: de feito, a xente da zona adoita denominar a montaña como *O Pedregal* ou *O Pedregal do Pindo* (del fala, por certo, Madoz, quen di que o concello de Carnota ten como límite norte “el famoso Pedregal del Pindo”).

En canto ás posibles atestacións, tras descartar o xa analizado *Pintani*, na Idade Media só atopamos referencias indirectas, e dúas delas vémolos en senllos docu-mentos do *Tombo de Celanova*. No primeiro, do ano 934, Rosendo, bispo desa diocese, divide cos seus irmáns a herdanza legada polos seus pais, e entre as pro-piedades figuran “In *Carnota Taviro* et *Entis* et *Ienigio* cum suo monte”. O segundo

recolle as herdades coas que o mesmo bispo dotou a súa propia fundación do mosteiro de Celanova, entre elas “In *Carinota Taviro et Curis et Geneceo* cum suo monte sacro”. Como se ve, dentro do antigo territorio de *Carnota* cítanse catro lugares: *Taviru* debe ser o actual *Tavilo* de San Cosme de Outeiro (Outes); *Entis* representa o que hoxe é *Entíns*, tamén en Outes; *Curis* correspóndese co presente *Cures* da parroquia de San Pedro de Outes; e, finalmente, *Ienigio* e *Geneceo* deben ser versións antigas do actual *Xinzo* da freguesía de Arcos, en Mazaricos. O relevante destes testemuños para *O Pindo* son as expresións “cum suo monte” e, especialmente, “cum suo monte sacro”: dado que o mazaricán *Xinzo* está na aba oriental do monte do Pindo, semella factible identificar ese “monte sacro” con el, cousa que encaixaría cos restos arqueolóxicos existentes dunha antiga ermida, en concreto na zona do lugar coñecido como *A Laxe da Moa*.


Outro testemuño indirecto deste lugar témolo nun documento do ano 1028 do Tombo A do Arquivo da Catedral de Santiago, que xa citamos ao falar de *Canedo*. Nel, lembramos, o rei Vermudo III doáballe ao bispo de Compostela, ademais do castelo de Canedo, o de San Xurxo: esta última fortaleza, que debía ser unha torre de vixilancia e da que hoxe quedan apenas restos, atopábase nun dos picos do monte do Pindo, o chamado *O Pedrullo*. Pénsase que a súa primeira construción pode datar do século IX ou X. En todo caso, contamos cunha atestación sobre ela no *Tombo de Toxos Outos* (1160), e sábese que estivo ocupada ata principios do século XIV.

Avanzando no tempo, na Idade Moderna atopamos xa tres testemuños directos no AHUS. O primeiro deles data de 1535 e trátase dun requirimento contra uns veciños da freguesía de San Cristovo de Mallón (Santa Comba, A Coruña), en relación cos dereitos sobre o pasto e os curros de varios montes, entre eles o do *Pindo*. O segundo, de 1582, é un arrendamento concedido polo señor da Serra de Outes que menciona unha *Cova do Rego do Pindo* (topónimo menor hoxe non rexistrado). O terceiro, de 1692, cita un individuo chamado Juan Riveiro, residente no lugar do *Pindo*, a quen o señor da Serra lle concede un foro sobre dous lugares: *A Laxe da Eiriña* (microtopónimo conservado hoxe) e *O Outeiro da Néboa* (desaparecido ou non recollido aínda).

Se imos ao Catastro de Ensenada, atoparemos, dentro da parroquia de San Mamede de Carnota, unha mención da montaña, aínda que co nome estendido por medio dun sufixo aumentativo: *Pindazo*, descrito como “monte que no produce por ser inútil de natureza”. Pola mesma época vemos no AHUS unha atestación (citamos por rexesto), datada o 25 de xaneiro de 1781: trátase dun foro estendido por parte de Andrés Varela Sarmiento, apoderado do marqués de Castelar e da Serra, a un individuo chamado Fernando Ribero, veciño do lugar.

Chama a atención que na Comprobación do Catastro de Ensenada non aparezan propiedades asignadas á aldea chamada *O Pindo* (daquela na freguesía de San Mamede de Carnota). Quizais iso teña que ver coa escaseza de terras de labor da zona na que se asenta o núcleo, o que debeu empurrar os moradores a buscar o seu principal medio de vida no mar. De feito, o devandito catastro dá conta de varios

Mapa do século XVIII
da área fisterrá
con San Pedro do Pindo



mariñeiros matriculados no lugar, e sabemos que a finais do século XVIII, antes da chegada dos emprendedores cataláns, existía un gremio de xentes do mar que se asociaron para levar a cabo traballos de maneira colectiva. O principal era a explotación do cerco real, unha enorme rede que requiría o emprego de case cen homes e varias embarcacións de apoio. Pola mesma época, hai tamén constancia de que o gremio solicitaba con frecuencia grandes cantidades de sal, daquela un produto controlado polo Estado. Esta actividade pesqueira motivou a instalación, ao longo do século XIX, de catro salgadasuras no núcleo ou arredores do Pindo.

Se acudimos ao dicionario de Madoz, vemos que *O Pindo* aparece citado entre os lugares da parroquia de San Mamede de Carnota. Polo que toca aos nomenclátors estatais, vemos neles que a poboación está rexistrada xa nos de 1860 e 1880.

Hai memoria de que no lugar existiu unha igrexa dedicada a san Pedro. Xa vimos que Pedro Teixeira, á altura de 1634, denominou o núcleo como *San Pedro del Pin*. Ademais, nun plano do porto de Corcubión e a súa contorna, que data da década de 1750 e se conserva na Biblioteca do Congreso dos Estados Unidos, figura o topónimo *Aldea de San Pedro de Pindo*; por outra banda, aínda hoxe, a praia do núcleo leva o nome deste santo. Porén, e como xa indicamos, *O Pindo* formou parte da parroquia de San Mamede de Carnota ata 1971, o mesmo que acontecía cos lugares maiores que hoxe están integrados na freguesía pindexa (á parte da cabeceira da mesma, son os de *Quilmas*, *O Porto de Quilmas* e *A Curra*). A propósito disto, un curioso microtopónimo parece dar fe da necesidade dos veciños deste núcleo de levar os seus defuntos ao cemiterio de San Mamede, para o que tiñan que atravesar polo monte do Pindo: nun punto do percorrido, a comitiva fúnebre detíñase para descansar e rezar, e de aí que o lugar se chame *Onde se Adora*. De todos os xeitos, desde 1771 existía no núcleo unha ermida, que mandou construír o veciño Clemente Riveiro Fernández (citada polo dicionario de Madoz): o templo funcionou como capela privada durante dous séculos, ata que adquiriu a condición de igrexa parroquial. O edificio ten a particularidade

de que a fachada principal está orientada ao nordeste, cando o habitual é que as igrexas teñan esa cara mirando ao oeste; esta circunstancia explícase por unha ampliación que se levou a cabo en 1906.

O actual NG non recolle outra entidade de poboación de nome igual a esta e tampouco hai ningún homónimo na microtoponimia, polo que *O Pindo* é un *unicum* entre os nomes de lugar galegos. Para rematar, a CAG non rexistra ningún *Pindo* como apelido.

Piñeiros

Lugar da parroquia de San Mamede de Carnota

Piñeiros é un fitotopónimo que indica a presenza abundosa dalgunha especie do xénero *Pinus*. A etimoloxía do substantivo común *piñeiro* é o latín *PĪNĀRĪU*, derivado de *pīnus*. Hai moitísimos exemplos desta voz, en singular e plural, na toponimia galega maior e menor: o NG reconece 203 entidades de poboación en que aparece esta palabra. Navaza nota que *Piñeiro* e *Piñeiros* son moito máis abundosos entre os nomes de lugar que o colectivo *Piñeiral*, e isto faille pensar que esas árbores non deberon ser, no pasado, moi numerosas no país: quizais por iso, ao apareceren en grupos pequenos e destacados respecto á vexetación das súas contornas, serviron como referentes na paisaxe, o que os converteu nunha base útil para formar topónimos.

Deste lugar temos varias atestacións no *Tombo de Toxos Outos*, a primeira con data de 1138. Nelas adoitan alternarse as formas *Pineyro*, *Pignario* e *Pinario*, as dúas últimas cunha típica refección culta; mais tamén temos un *Pineyros*, co plural que amosa hoxe en día. Na toponimia non é infrecuente que unha forma pase do singular ao plural, proceso favorecido pola idea de colectivo que dá o segundo fronte ao primeiro (así acontece con outros nomes de lugar, como *Muros*, *Burgos* ou *Atenas*).

Andando no tempo, o 13 de xaneiro de 1572, Cristóbal Mariño de Lobeira arrendoulle a Juan de Vigo unhas brañas do lugar de *Piñeiros* chamadas *do Acevedo* e *Pedrouso do Pino* (citamos polo rexesto dun documento do AHUS). Estes dous microtopónimos aínda existen: o primeiro é o actual *O Acivido* (ver a entrada *Carracedo*, *O*); respecto ao segundo, coidamos que pode corresponderse co hoxe dito *O Prouso Espiño*. Ademais, no mesmo século XVI hai varias atestacións máis noutras fes de arrendamentos.

Piñeiros non aparece no Interrogatorio Xeral do Catastro de Ensenada, pero si na súa Comprobación para esta parroquia, onde vemos propiedades denominadas *Piñeiro*, *Piñeiros*, *Piñeyro* e *Piñeyros*. Por outra banda, este núcleo de poboación vén recollido en Madoz, así como nos nomenclátors de España desde o século XIX.

A CAG non rexistra *Piñeiros* como apelido, pero si o singular *Piñeiro*. E, precisamente, é o concello de Carnota o que maior porcentaxe de ocorrencias presenta, polo que cremos moi probable que este topónimo sexa a súa orixe, que

debe remontarse aos tempos en que a súa forma era a singular (como vimos na documentación medieval). De feito, contamos cunha atestación do seu uso como apelido datada en 1451 e conservada no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela, en que figura un *Juan de Pineiro*.

Porto de Quilmas, O

Lugar da parroquia do Pindo

A voz común *porto* é a evolución ao galego do latín PŎRTU. No idioma dos romanos podía significar ‘paso’ (sobre todo de montaña; de aí que hoxe conservemos ese significado) ou ‘porta’. Esta última acepción foi recollida polo substantivo feminino PŎRTA, e a forma masculina desenvolveu o sentido de ‘(entrada a un) abrigoiro para os barcos’, o mesmo que adoitamos darlle hoxe. Os nosos adxectivos *oportuno* e *importuno* proceden de dúas palabras latinas construídas sobre esa base que se referían, en orixe, ao vento: se era *opportunus*, significaba que empurraba a nave cara ao porto; pero se era *importunus* dificultaba o abeiro do barco (*inoportuno* é un sinónimo de *importuno*, tamén creado no latín, mais nun tempo algo posterior).

Polo que se toca a *Quilmas*, véxase esa entrada.

O único posible testemuño documental de certa antigüidade que atopamos para *O Porto de Quilmas* figura na Comprobación do Catastro de Ensenada. Alí aparece unha propiedade chamada *de Fora*, situada na *Bega do Porto*. Porén, entre os microtopónimos recollidos na zona non aparece ningunha *Leira de Fóra*, *Agra de Fóra* ou similar, polo que non podemos dar por segura a referencia.

O dicionario xeográfico de Madoz non fai referencia a el, e, polo que toca aos nomenclátors de España, figura por primeira vez no de 1930.

Praia e antigas salgaduras



O *Porto de Quilmas* foi o lugar do concello de Carnota onde chegou a haber un maior número de industrias de salga: seis. A máis importante, no lugar e no municipio, foi a hoxe chamada *Almacén de Abaixo*, erixido antes de 1837. As outras son coñecidas como *Almacén do Medio* ou *Salgadura de Romo*, *Almacén do Agulleiro*, *Salgadura de Justo Formoso*, *Almacén de Casais* e *Salgadura de Pola*.

Portocubelo

Lugar da parroquia de Lira

Este nome de lugar é un composto de *Porto* e *Cubelo*. Para a etimoloxía da primeira voz, véxase a entrada a anterior; para a da segunda, pode verse a entrada *Cubelo*. En todo caso, o nome fai referencia a un porto para embarcacións caracterizado por un perfil cóncavo, que recordou o dunha cova.

Non nos constan referencias antigas a este lugar e tampouco aparece no Interrogatorio Xeral do Catastro de Ensenada nin na súa Comprobación para a freguesía de Lira. Con todo, nesta última recóllense dúas propiedades situadas no lugar denominado *Porto de Lira*, que debe corresponderse co actual *Portocubelo*.

No dicionario de Madoz o núcleo ten entrada independente como *Porto Cubelo*; porén, na lista de lugares da parroquia de Santa María de Lira figura con guión interposto: *Porto-Cubelo*. Polo que toca aos nomenclátors estatais do século XIX, non se ve neles, e aparece por primeira vez no de 1930. No actual NG é o único topónimo maior recoñecido con ese nome no territorio galego. E, polo que se refire ao seu rendemento como apelido, a CAG non rexistra ningunha ocorrencia.

Neste lugar de *Portocubelo* chegaron a funcionar catro salgaduras de peixe (de feito, é o único lugar da parroquia de Lira onde tivo actividade este tipo de industria). Trátase das coñecidas como *Almacén de Artaza*, *Fábrica de Daniel*, *Salgadura da Chanca* ou *Salgadura de Lamela*, e *Salgadura de Félix Batista*.

Areal e enseada de Portocubelo



Quilmas

Lugar da parroquia do Pindo

Quilmas é un *unicum* na toponimia galega e non parece haber ningún testemuño de inicios da Idade Media que nos axude a intuír a súa etimoloxía. A primeira atestación encontrámola no AHUS, con data do 21 de novembro de 1490: é a concesión do arrendamento do lugar de *Quilmas* (citamos por rexeito), por un período de quince anos, a un home chamado Pedro Froyán por parte de Ruy das Fontes, Afonso das Fontes e Gonzalo de Caldebarcos (xa falamos deles ao analizar *Carnota*). Mais este testemuño non nos é útil para desentrañar a orixe deste nome de lugar.

Buscando paralelos, atopamos outros dous topónimos moi semellantes. Un deles é *Quilma*, que aparece en varios sintagmas toponímicos na Illa de Arousa: *Punta de Quilma*, *A Insua de Quilma* ou, como diminutivo, *Quilmiña de Atrás*. O outro é o tamén diminutivo *Quilmelas*, presente na parroquia de Guillamil, no municipio ourensán de Rairiz de Veiga. Ningún dos dous ten presenza nos arquivos medievais e só o *Quilma* da Illa de Arousa aparece recollido na Comprobación do Catastro de Ensenada, xa coa grafía actual.

Como se ve, as atestacións antigas non axudan moito, pois non nos ofrecen unha forma diferente á de hoxe. Investigando nos dicionarios, vemos que existe en galego (e tamén en castelán) o substantivo común *quilma*, para o que se dá o significado de ‘feixe grande’ ou ‘saco para ir ao muiño’. Segundo Corominas, é de orixe escura, con paralelo no árabe *qirba*, ‘saco’. Este último termo semella ter orixe semítica e sábese que entrou nas linguas clásicas nunha época tardía: no latín como *girba* e no grego baixo a forma *kirba*. Así, a finais da antigüidade, antes da chegada dos musulmáns, puido alcanzar a Península Ibérica, onde se documenta en áreas do norte desde o século XI. Se tal fose a base do noso topónimo, a súa motivación podería ser —aínda que non o vemos moi factible— un lugar onde se apañasen ou se depositasen feixes ou sacos de gran.

Pola súa parte, Bascuas reconece que *Quilma* e *Quilmas* teñen unha orixe pouco clara, e apunta que poderían estar relacionados coa raíz prerromana indoeuropea **keu-*, ‘incharse’, a mesma que está tras o latín *cavus*, ‘cóncavo’, polo que eses nomes poderían facer referencia a unha depresión do terreo.

Fronte a esta última tese, vemos máis plausible que o nome faga referencia a un antigo posesor, pois *Quilmas*, segundo recolle Boullón, está documentado como alcume na Idade Media: no século XII, o *Tombo I* do mosteiro de Sobrado cita un *Gundisalvus Quilmas*. Puido, polo tanto, existir alguén do mesmo sobrenome nesta zona, pero non hai certeza ningunha. Polo que toca ao ourensán *Quilmelas* e ao arousán *Quilma*, esta hipótese podería aplicárselles tamén: no primeiro caso, a forma diminutiva xustificárase polo pequeno tamaño do lugar; no segundo, o feito de que os sintagmas sexan, por exemplo, *Punta de Quilma*, e non *Punta da Quilma* apuntaría ao nome dun antigo posesor e non ao uso dun nome común.

En todo caso, cremos que a prudencia obriga a considerar *Quilmas*, *Quilma* e *Quilmelas* como topónimos de orixe escura, e nin sequera hai garantías de que os tres teñan unha procedencia común.

O Catastro de Ensenada da parroquia de San Mamede non menciona o carnotán *Quilmas* e tampouco o fai a súa Comprobación. Xa no século XIX, Madoz inclúeo como un dos lugares do concello, pero baixo a forma *Quelmas*, indicando, ademais, que alí funcionaban tres salgadasuras: case con seguridade, trátase dos hoxe coñecidos como *Almacén de Abaixo* e *Almacén do Medio* (para máis detalles, véxase a entrada *Porto de Quilmas*, O). Os nomenclátors estatais de 1860 e 1880 tamén o rexistran.


Para rematar, a CAG non rexistra ningún apelido *Quilmas*.

Rateira, A

Lugar da parroquia de San Mamede de Carnota

No actual NG aparecen, entre outras da parroquia, dúas entidades chamadas *A Rateira* e *A Igrexa* (< latín *ECCLĒSĪA*). En realidade trátase do mesmo lugar, ao que os veciños se refiren, maioritariamente, como *A Rateira*. Por iso, nas vindeiras edicións, *A Igrexa* (que figura nos nomenclátors de España desde 1981) desaparecerá do NG e quedará só o topónimo que estudamos nesta entrada.

Polo que toca á súa orixe e significado, *A Rateira*, nome que tamén se lle aplica ao río que pasa por alí, puido ser coñecido en tempos pola abundancia de ratos; igualmente, cabe a posibilidade de que a estreitura da madre do río fixese pensar



| Río da Rateira

nos furados polos que adoitan meterse eses animais. De feito, na microtoponimia galega, esta voz (non moi abundosa) adoita aparecer asociada a ríos e fontes ou a lugares próximos: así sucede, por exemplo, con casos como *A Fonte Rateira* (O Ézaro, Dumbria, A Coruña) ou *A Rateira* (topónimo maior na freguesía muradá de Abelleira, que é tamén o da corrente fluvial que por ela pasa) e o *río da Rateira*.

Se falamos da etimoloxía de *rato* entramos no territorio da incerteza, malia ser unha palabra presente nas linguas romances, xermánicas e célticas. Para Corominas, é a forma masculina de *rata* e esta última palabra podería proceder, propón o estudioso, da onomatopea do ruído que fai ese animal ao roer.

A atestación máis antiga que atopamos para este lugar de Carnota está nun documento foral do 7 de xuño de 1570 que se conserva no AHUS. Tamén o vemos, case dous séculos máis tarde, no Catastro de Ensenada, que recolle un *molino da Rateira*. Á súa vez, a Comprobación dese mesmo catastro rexístrao coas formas *Rateira* e *Rateyra*, nunha vacilación gráfica moi típica da época.

O dicionario de Madoz dálle entrada a este nome de lugar como *Rateira*, e o mesmo fan os nomenclátors de España desde o século XIX.

No NG só se recoñece outro lugar maior coincidente co que nos ocupa: o da parroquia de Abelleira, no veciño concello de Muros. Polo que se refire ao seu posible rendemento como apelido, a CAG non o rexistra, aínda que si recolle trece ocorrencias da variante *Ratoeira* (que tamén se atopa na toponimia).

Rates

Lugar da parroquia de Lira

É este un topónimo cuxa orixe é difícil de desentrañar. Pódese pensar no plural de *rata*, coa común alteración da vogal átona final, polo que o lugar tomaría o seu nome da abundante presenza dese animal. Porén, crémoslo pouco probable, pois non cadra coas atestacións medievais de dous topónimos que, por ser foneticamente idénticos, é razoable poñer en relación con el. Eses outros *Rates* están no concello de Outes, na parroquia de San Cosme de Outeiro, e no municipio portugués da Póvoa de Varzim. Ambos están documentados na Idade Media como *Ratis* (o de Outes nun documento do *Tombo de Toxos Outos* do ano 1232).

Non parece haber unha palabra latina coa que poder relacionalo e, como non semella tampouco haber ningunha raíz xermánica que nos leve a un nome de posesor, quedanos explorar o campo da etimoloxía prerromana. A este respecto, o *Itinerario de Antonino*, unha compilación de rutas do Imperio Romano redactada, supostamente, no século III, recolle un lugar chamado *Ratas* (ou, en caso locativo, *Ratis*). Na súa versión completa, o lugar chamábase *Ratae Corieltauvorum* e correspóndese co actual Leicester, en Inglaterra. Pola semellanza fónica, pódese relacionar ese *Ratas* con outros topónimos propios de áreas en que, como na antiga Britania, houbo poboación céltica: un deles é *Ratisbona* (actual Regensburg, en Alemaña); outro é o antigo nome *Sancta Maria de Ratis*, documentado no século VI para a

que hoxe é a vila francesa de Saintes-Maries-de-la-Mer; e, finalmente, no século VII, contamos cunha referencia á tamén francesa *Île de Ré* como *Ratis*. Todos estes nomes de probable arraigamento céltico parecen basearse na palabra *ráth* ou *ráith*, presente no antigo irlandés co significado de ‘muro’, ‘valado de protección’. Se o noso *Rates* compartise orixe con eles, aludiría a algún tipo de fortificación. Porén, temos aquí un atranco fonético: a xorda intervocálica /t/ debería sonorizar para dar un **Rades*.

Outra posibilidade sería pensar que na palabra orixe do topónimo se producise a perda dunha vogal inicial. Se tal fose o caso, unha boa candidata sería a raíz hidronímica **er-/ *or-* (‘moverse’; xa falamos dela ao tratar sobre *Adraño*), que, segundo Bascuas, se podería atopar tras nomes como o do río francés *Arrats* ou vasco *Arratia*. Con todo, non o cremos factible, pois as atestacións medievais que antes mencionamos para os *Rates* outense e portugués non presentan ningunha vogal inicial que documente a aférese proposta.

En resumo, *Rates* é un enigma toponímico de difícil solución. Todas as teorías expostas presentan o problema da falta da sonorización da dental xorda intervocálica: o étimo debería conter unha consoante xeminada /t/, e non atopamos un candidato con esa configuración. Con todo, na nosa opinión, a hipótese da primeira etimoloxía prelatina que expuxemos antes é a mellor fundada.

Nada nos din sobre este nome de lugar o Catastro de Ensenada nin as súas Comprobacións, como tampouco o dicionario xeográfico de Madoz nin os nomenclátors estatais dos séculos XIX e XX. A individualización do núcleo debe ser, xa que logo, bastante recente: de feito, por proximidade, é practicamente un anexo da capital da parroquia.

Rego da Leña, O

Lugar da parroquia de San Mamede de Carnota

A pesar de ser un *unicum* na toponimia galega, este sintagma non ofrece ningunha dificultade de interpretación, pois está composto por palabras comúns hoxe no idioma.

Existen opinións, como a de Bascuas, que lle atribúen a *regó* unha orixe prerromana (**re-ko*, baseado na raíz **er-/ *or-*, ‘moverse’). Porén, tamén é posible que ese substantivo, base doutras palabras de significado semellante, como *regato*, *regueiro* e *regacho*, se remonte á raíz do verbo latino *RĪGĀRE*. Moi presente na documentación medieval galega como voz común e como topónimo, o seu significado é ben coñecido: alude a un suco, natural ou artificial, por onde corre a auga.

Polo que se refire a *leña*, o seu étimo é o latín *LIGNA*, plural de *lignum*, ‘madeiro’. Como *lignum* é un substantivo neutro, *LIGNA* fai alusión a un conxunto de madeira cortada, e a desaparición do xénero neutro na evolución do latín ao romance fixo que eses plurais rematados en *-a* tomasen o feminino. Esa é a explicación de que moitos neutros plurais latinos acabasen como voces femininas con

sentido colectivo ou abstracto: MĪRĀBĪĻĪA ('cousas admirables') deunos *marabilla*, COLLECTA ('cousas recollidas') derivou en *colleita*, o latín tardío FRUCTA ('froitos') legounos *froita* etc.

Se a etimoloxía é clara, non o é tanto a motivación: podería facer referencia a un curso de auga a carón do que se depositaban pólas ou troncos, un lugar ao que se ía buscar leña e polo que pasaba o río ou incluso un punto da corrente sobre o que se botaban ramas para cruzalo (isto último crémolo menos posible).

Deste topónimo non existen atestacións antigas: nada nos din del os arquivos medievais nin os de época posterior, e igualmente resultado negativo deu a busca no Catastro de Ensenada e nas súas Comprobacións. Tampouco Madoz nin os nomenclatores dos séculos XIX e XX dan fe del. Trátase dun lugar moi pouco poboado e con escasas edificacións, polo que a súa consolidación como núcleo de poboación debe ser moi recente.

Para finalizar, achegamos que, segundo a CAG, *Rego* ten bastante rendemento como apelido contra o norte de Galicia, cos concellos de Mañón (A Coruña) e Barreiros (Lugo) nos primeiros postos en canto a porcentaxes de portadores.

Rego do Apio, O

Rego da parroquia de San Clemente do Pindo

Leva este nome unha pequena corrente fluvial do monte do Pindo. Tras nacer na Cova da Foxa, percorre case un quilómetro, ao longo do que recibe as augas da Fonte da Capela, e desemboca na praia de San Pedro. Nos seus 200 m finais vai entubado e, en tempos pasados, movía dous muíños.

Falaremos agora da etimoloxía de *Apio*, pois sobre *Rego* xa nos explicamos na entrada anterior. Así, á hora de enfrontar o segundo elemento deste sintagma topónimo, é doado pensar no vexetal de nome científico *Levisticum officinale*. Porén, Navaza, no seu estudo específico sobre a fitotoponimia galega, non rexistra ningún nome de lugar que faga referencia a el. De feito, no portal Galicia Nomeada só atopamos outros dous topónimos (que en realidade son un só) de aparencia semellante a este: a *punta do Apio* e a *praia do Apio*, na freguesía de Oia (Vigo, Pontevedra). En ningún dos tres parece factible que nalgún momento puidese darse ou cultivarse esa planta.

Así, parécenos que se pode propoñer, seguindo a Bascuas e con moita cautela, unha procedencia indoeuropea prerromana para *Apio*. Dentro desta filiación, procedería da raíz hidronímica **ap-* ('río'), que parece ser a responsable de nomes de ríos como o grego *Apídano* ou o italiano *Salapia* (aquí como segundo elemento do topónimo). Ademais, Bascuas relaciona con este lexema o nome do lugar leonés *Babia*, testemuñado na Idade Media como *Vadapia*. Xa que logo, se a hipótese é correcta, *O Rego do Apio* significaría 'o rego do río', unha redundancia non infrecuente nos hidrónimos cando na súa formación se xuntan voces cuxa sinonimia hai tempo que pasou desapercibida para os falantes, como consecuencia da

desaparición dunha lingua máis antiga. Un famoso exemplo é o caso de *Guadiana*, composto do árabe *wadī* ('río') e o hidrónimo prerromano *anas*, de idéntico significado. De todos os xeitos, para dar por certa esta etimoloxía volvemos topar aquí, como nos acontecía en *Rates*, co problema da falta de sonorización da xorda intervocálica: temos *Apio* e non o esperable **Abio*.

Este lugar aparece recollido no Catastro de Ensenada como *río do Apio*, dentro da freguesía de San Mamede de Carnota.

Riazón

Lugar da parroquia de San Mamede de Carnota

Para comprender a orixe deste topónimo, articulado co seseo propio da área dialectal en que estamos, parece que debemos relacionalo con outros semellantes, como *Riazor* ou *Riazoas*. A súa aparencia formal lévanos a pensar na voz común *río*, e por el poderíamos chegar a unha palabra reconstruída como **RIVACEOLU* (hai mención medieval dun *Riazolo*), forma derivada de *RĪVU*, 'regato'. Esta última voz servía en latín para nomear un curso de auga de pouco caudal e foi a forma preferida pola lingua popular e a que os romances ibéricos xeneralizaron. A carón dela estaban outras voces, como *flumen*, *fluvius* (de onde o cultismo 'fluvial') ou *amnis* (máis poética), que servían, ademais, para referirse a unha corrente xa de certa entidade.

Volvendo ao posible étimo **RIVACEOLU*, nel vemos a acumulación de dous sufixos: o derivativo adxectivo -ACĒU e o diminutivo -ŎLU. Na evolución fonética, o /l/ intervocálico perdeuse, como é norma en galego-portugués (*VĒLU* > *veo*, por exemplo), e como se ve en documentos medievais nos que se le *Riazoo*. O son /n/ final pode ser unha recuperación antietimolóxica, ao ser percibida a palabra como un aumentativo.

Foneticamente, con todo, *Riazón* podería proceder do latín *RĪGĀTĪŌNE*, 'acción e efecto de regar', para o que cumpriría supoñer a perda do /g/ intervocálico (como aconteceu en *LĒGĀLE*, que nos deu *leal*, á parte do cultismo *legal*). Non obstante, a nós parécenos preferible, por máis directa, a relación con *RĪVU*. Ademais, xunto a este *Riazón* de San Mamede de Carnota baixan unhas augas coñecidas como *Río da Agra da Pita*, que no seu momento moveu varios muíños, e que xustificaría a hipótese etimolóxica que propoñemos (aínda que, polo sentido, unha orixe en *RĪGĀTĪŌNE* non é de todo descartable).

Non atopamos atestacións medievais para *Riazón*. Xa en 1583, temos un documento do AHUS en que se lles arrenda *A Cova da Fisga* (microtopónimo conservado hoxe) a varios veciños da parroquia de San Mamede de Carnota, entre eles un *Juan de Caamaño de Riaso* (citamos por rexesto), onde *Riaso* (con acentuación aguda) ben podería ser o noso *Riazón*. Máis tarde, na Comprobación do Catastro de Ensenada da parroquia vemos que un home chamado Manuel Crespo era dono dunhas terras na *Bega de Riason*.

Madoz non o menciona nin de maneira independente nin como un dos lugares da freguesía de San Mamede de Carnota. Tampouco é obxecto de atención por parte dos nomenclátorese estatais do século XIX, aínda que xa figura no de 1920.

O actual NG recolle outros cinco *Riazón* como topónimos maiores, repartidos entre as provincias da Coruña e Lugo. Hai tamén dous *Riazó*: un na parroquia de Santa María de Dozón (Pontevedra) e outro na de Carballido (Vilalba, Lugo). No eido da microtoponimia, o portal Galicia Nomeada rexistra varias decenas de *Riazón* e *Riazó*, espallados por todo o país. Como remate, diremos que, segundo a CAG, este nome de lugar non ten rendemento como apelido.

Rieiro, O

Lugar da parroquia de San Mamede de Carnota

Este lugar está na ribeira do río da Rateira, que é o que o motiva, pois *rieiro* está rexistrado en varios dicionarios de galego coas acepcións de ‘lugar onde nacen as augas dun río’ e ‘sitio polo que pasa un regato, terreo ribeirego’. A súa etimoloxía pode ser unha forma reconstruída *RIVARIU, derivada cun sufixo relacional do latín popular RĪVU, substantivo do que xa falamos na entrada anterior. Porén, é posible que *rieiro* sexa unha voz creada xa directamente desde o romance *río*.

Esta voz está testemuñada en cadeas onomásticas na Idade Media, mais non atopamos ningunha atestación deste topónimo carnotán nesa época. Alcanzando o século XVIII, vémolo no Catastro de Ensenada, que menciona o río do *Reeiro*. Ademais, a súa Comprobación fala de propiedades chamadas *Rieyro* ou situadas na *Vega do Rieyro*. Algo máis tarde, Madoz cita o lugar baixo a entrada *Rieiro*, e tamén está presente nos nomenclátorese de España desde o século XIX.

Pola súa parte, o NG recolle nove lugares chamados *Rieiro* ou *O Rieiro*, todos nas provincias da Coruña e Lugo. *O Rieiro* de San Mamede de Carnota, ademais, produciu varios microtopónimos: *A Agra do Rieiro*, *Ponte do Rieiro*, *O Cruceiro do Rieiro* e *Vaderrieiro* (neste caso, pode que un antigo *Vadorrieiro* vise alterada a vogal /o/ átona).

Tocante ao seu rendemento como apelido, a CAG indica que existe, aínda que non se dá neste municipio nin nos limítrofes. A maioría das ocorrencias détectanse en concellos interiores do oeste da provincia da Coruña: o de Santa Comba, que posúe un lugar maior chamado *Rieiro*, é o que ocupa o primeiro lugar en porcentaxe de ocorrencias.

Rimao

Terras e río da parroquia de San Mamede de Carnota

Monte na parroquia de Lira

Aquí vemos unha variante dos diversos *Riomao* ou *río Mao* que nos ofrece a toponimia galega, moitos deles testemuñados na Idade Media como *Rio Malo* ou *Rivo Malo*. Esas formas proveñen da expresión latina *RĪVU MĀLU, ‘río malo’.

É sabido que as correntes fluviais poden recibir varios nomes ao longo do seu curso, segundo van pasando por zonas con características singulares ou mudando de caudal. Neste mesmo concello, por exemplo, na contorna do monte do Pindo temos o *rego de Amil*, que no seu tramo final é coñecido como *rego de Voutireiro*. Así, a denominación de ‘río malo’ adoita designar unha sección da corrente en que a auga é escasa; porén, a denominación pode permanecer circunscrita a ese tramo ou estenderse xa para todo o río. Nestes dous topónimos do concello de Carnota temos un caso moi típico: un fluxo de auga que lle deu nome aos terreos (nun caso) e ao monte (no outro) polos que pasa.

Porén, cómpre ter en conta que, como ben notou Bascuas, non todos os *río Mao* galegos proceden da expresión latina citada no parágrafo anterior: a documentación medieval amosa que algúns *Riomao* ou *río Mao* actuais eran *Omano* ou *Humano*. Para o amentado estudoso, esas formas son relatinizacións de hidrónimos que conteñen a raíz *um-, procedente do lexema indoeuropeo prerromano *weg-, de significado ‘húmido’; dela descenderían nomes doutros ríos, como *Umia* ou *Eume*.

Non atopamos atestacións medievais para estes dous *Rimao*, polo que non é posible saber con cal das dúas etimoloxías expostas se podería vincular. Con todo, si que aparecen no Catastro de Ensenada: no Interrogatorio Xeral dáse fe dun muíño de *Rio Mao* (en San Mamede de Carnota) e dunhas terras de cultivo en Lira chamadas *Rimaio*. Nesta última forma vemos unha epéntese: a introdución dun son vocálico entre outras dúas vogais, como en *caio* (1.^a persoa de singular do presente do verbo *caer*), que antes foi *cao*, a partir dun CĀDO latino (coidamos que é a mesma epéntese que, segundo explicamos no libro *Toponimia de Muros*, publicado nesta mesma colección, puido darse no topónimo esteirán *O Maio*). Na Comprobación do mesmo catastro xa só se recolle o *Rimao* de San Mamede de Carnota, baixo a forma *Rimau*.

Ao tratarse de dous topónimos que non se refiren a entidades de poboación, era de esperar que nin Madoz nin os nomenclatores estatais dos séculos XIX e XX os recollesen, como así sucede. Hoxe, o NG reconece cinco *Riomao* e un *O Riomao*, lugares habitados.

A CAG rexistra 107 ocorrencias dunha forma *Riomao*, case todas nos concellos coruñeses de Muros e Outes: é moi probable que a orixe do seu uso como apelido estea no lugar homónimo da parroquia muradá de Torea, rexistrado en Madoz como *Rimao*.

San Cibrán

Lugar da parroquia de San Mamede de Carnota

Estamos ante un haxiotopónimo: é bastante frecuente que un lugar reciba o nome do santo cristián ao que está dedicado. Pode ser unha parroquia ou un sitio onde existe (ou existiu) unha igrexa ou capela. No caso que nos ocupa, non consta ningún edificio relixioso no lugar, polo que a motivación do topónimo tería que ver cunhas terras arrendadas polas autoridades relixiosas para obter beneficios dedicados ao culto do santo. Neste caso trátase de Cibrán de Cartago (c. 200 - 258), bispo desa cidade norteafricana, mártir e considerado un dos pais da Igrexa occidental. A súa influencia sobre os seguidores de Cristo foi grande mentres viviu, e tamén máis tarde, pois os seus correligionarios tiverono por un home moi coherente, que mediou en diversas polémicas e se erixiu en firme defensor da fe, da autoridade dos bispos e da necesidade de socorrer os necesitados. En Galicia foi, de vello, un santo moi venerado, como proban os múltiples lugares que levan o seu nome. O étimo do antropónimo é o tamén nome persoal latino CYPRIĀNU, baseado no xentilicio *cypriānus*, ‘natural da illa de Chipre’.

Ata o século XVIII non atopamos pegada deste topónimo *San Cibrán* en Carnota: nesa época, o Catastro de Ensenada fala dun río de *San Cibrán* e dun muíño de *Salcibrán*. Case un século máis tarde, o dicionario xeográfico de Pascual Madoz dálle entrada baixo a forma fusionada *Sancibrán*. Pouco posteriores son as referencias que atopamos no nomenclátor estatal de 1860 (que o recolle como *San Cibrán*) e 1880 (onde asoma, estrañamente, como *San Cibrau*). En 1980, o núcleo quedou sen poboadores (así o indica xa o nomenclátor de España de 1981) e hoxe ten uso como complexo de turismo rural.

No actual NG aparecen oito lugares chamados *San Cibrán* (repartidos entre as provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra), un *San Cibrá* (na parroquia de Foxado,



Casa e cruceiro |

no concello coruñés de Curtis) e dezasete *San Cibrao* (repartidos polas provincias da Coruña, Lugo e Ourense).

Como apelido, este haxiotopónimo non parece que chegase a ter rendemento, segundo os datos da CAG.

San Mamede de Carnota (San Mamede)

Parroquia

A etimoloxía de *Carnota* xa foi tratada na entrada homónima, razón pola que aquí nos imos centrar no haxiotopónimo.

O *San Mamede* baixo cuxa advocación está esta parroquia (articulado polos falantes da zona moitas veces como *Samamé*) é Mamede de Capadocia (259 - 275). Este home, nado na cidade de Cesarea, na mencionada provincia romana, morreu aos dezaseis anos dando testemuño da súa fe, e por iso está considerado un mártir pola Igrexa católica. En Galicia é venerado baixo os nomes de *san Mamede*, *Sanamede*, *Samede*, *santo Amedio*, *san Nomedio*, *Sandomedio* e *Sanomedio*, e é patrón de máis de 80 parroquias. Por outra banda, o NG reconece 41 entidades maiores de poboación con calquera desas variantes no nome, que teñen tamén abundosa presenza na microtoponimia. É probable que a extensión do seu culto se debese á substitución dalgunha tradición relixiosa prerromana referida a unha ou varias deidades masculinas adolescentes, paralelo, por exemplo, do grego Adonis. Este tipo de divindades representaban o ciclo de vida, morte e renovación da natureza.

Por etimoloxía, *Mamede* e as súas variantes proveñen de MAMMĒTE, antropolónimo que talvez sexa unha derivación de romanos tipo *Mammeus*, *Mammeanus* ou *Mammatus*, todos eles extensións da voz latina *mamma* ‘nai, ama de leite, mamá’. Porén, non se pode desbotar que o nome parta do nome de varón semítico *Mohamed* (o mesmo que o do profeta Mahoma, pero moi anterior a el), proveniente da raíz *H-M-D* ‘loar’.

Tocante ás atestacións medievais de *San Mamede de Carnota*, hai abundas. A primeira delas figura no mesmo documento do *Tombo de Toxos Outos*, datado en 1136, que citamos ao falar de *Parada*. Nos séculos XIII, XIV e XV hai varios testemuños máis da freguesía, tanto na compilación antes aludida coma en actas notariais, no Arquivo Histórico da Diocese de Santiago de Compostela e no *Libro do Subsidio* da catedral de Santiago. Algo máis tarde, no século XVII, as *Memorias* de Jerónimo del Hoyo dinnos que a parroquia contaba con 105 fregueses. Desde logo, debía dispoñer xa dunha igrexa, pero a actual data de 1755 e do mesmo século XVIII son os retablos que adornan o interior.

O Catastro de Ensenada recolle este topónimo castelanizado como *San Mamed de Carnota* (*San Mamet* na Comprobación da freguesía). Rexístrase tamén no dicionario xeográfico de Madoz, así como nos nomenclátors de 1860 e 1880: ambos os dous indican que na freguesía había vinte e tres núcleos de poboación, entre eles tres que hoxe pertencen ao Pindo (A Curra, O Pindo e Quilmas).

A CAG rexistra 175 ocorrencias do apelido *Sanmamed*, a inmensa maioría en concellos da área sur da provincia de Ourense, co municipio de Cualedro á cabeza das porcentaxes. A variante *Samamed* ofrece aínda menos resultados: vinte e dous, dos cales dezaseis están na cidade de Ourense e seis na de Vigo.

Santa Comba de Carnota (Santa Comba)

Parroquia

Igual que na entrada anterior, para a etimoloxía de *Carnota* remitimos á entrada homónima.

Hai en Galicia dezaseis parroquias baixo a advocación de santa Comba, e o NG reconece catorce lugares maiores co nome da mesma santa. Este é unha evolución de *Columba*, antrotopónimo feminino tomado do substantivo CŎLUMBA ('pomba'), e cuxa forma masculina (CŎLUMBU) está na orixe dun apelido ben coñecido, en distintas versións, na Europa romance: *Colom*, *Colomo*, *Colombo* e *Colón*, por exemplo. A variante popular PALUMBA legounos *pomba*, que está, tamén, na base dos apelidos *Pombo*, *Pombar* e *Pombal*.

O culto a santa Comba ten en Galicia raizame medieval, e na súa figura mestúranse tres mulleres cristiás: Comba de Sens (257-273), nada na provincia romana de Gallaecia; Comba de Cornualla (século VI) e Comba de Córdoba (século IX). As súas lendas son moi semellantes, polo que probablemente se trate dunha única tradición popular, quizais de orixe pagá, que se foi estendendo pola cristiandade ao longo do tempo. As tres historias seguen un patrón común: unha rapaza nova que foxe de homes que desexan casar con ela (ou que queren violala), e é perseguida, apreixada e asasinada. Trátase da mesma sucesión de feitos que atopamos, por exemplo, no mito grego da náíade Aretusa; sabemos doutras culturas indoeuropeas que contaban con fábulas semellantes sobre figuras femininas.

Hórreo, pombal
e campanario da igrexa



O primeiro documento en que vemos recollida a denominación desta freguesía é no testamento de Pedro Seco, datado en 1158 e conservado no *Tombo de Toxos Outos* (xa o mencionamos na entrada *Carnota*): alí aparece como *Santa Columba*, e debe tratarse desta pola mención conxunta cun home chamado *Pelagius das Fontes* (véxase a entrada *Carnota* para máis detalles sobre *Fontes* usado como apelido). A forma sen evolucionar asoma como *Columbe* tamén na venda que María Pérez e as súas fillas lle fixeron ao cenobio de Toxos Outos en 1247. Porén, non se pode descartar que, no segundo caso, teñamos unha refección culta, xa que o texto está en romance (de calquera xeito, é máis que probable que, pola época dos dous documentos, xa se dixese *Comba*). En todo caso, a primeira vez que vemos a forma evolucionada, coa caída do /l/ intervocálico, é no *Santa Conba [...]* de *Carnota* nun documento conservado no AHUS datado en 1339-1340.

Máis tarde, a comezos do século XVII, as *Memorias* de Jerónimo del Hoyo indican que esta parroquia contaba con 60 fregueses e que nela se atopaba unha ermida dedicada a san Sebastián (damos máis detalles sobre ela nas entradas *Canedo* e *Carnota*). Arredor dun século máis tarde, o Catastro de Ensenada refírese a esta parroquia e á súa capital cos nomes de *Santa Columba*, *Santa Columba de Carnota* e *Santa Columba de la Yglesia*.

O dicionario de Madoz explica que esta parroquia se atopa nunha chaira bastante ampla e que o seu clima é temperado. Cóntalle unhas 190 casas agrupadas en pequenos núcleos, un dos cales “es la ald. de *Vilar*, que pertence en parte a esta felig. y á la de *San Mamed de Carnota*”. Coidamos que este último dato é erróneo, pois nin o *Vilar* de Santa Comba (recollido no portal Galicia Nomeada como topónimo menor) nin *Vilar de Parada* (San Mamede) se atopan preto do límite entre ambas as parroquias; pola contra, Freán de Santa Comba e Freán de San Mamede si encaixan coa indicación de Madoz. Aínda neste dicionario, dise que a freguesía está bañada por tres pequenos ríos: *Iglesia*, *Piedra-Figueira* e *Mazeiras* (este, en realidade, serve de límite entre esta parroquia e a de Lira).

Os nomenclátors de 1860 e 1880 recollen para a freguesía dez núcleos de poboación, a mesma cifra que dá hoxe o NG. Con todo, as entidades non coinciden por completo: no século XIX estaban *Fuentes* e *Vilar* (este último, o topónimo menor citado no parágrafo anterior), mentres na actualidade temos, como novidade fronte a eses repertorios, *A Agra das Breas* e *Pedramarrada*.

Como apelido, *Comba* presenta na CAG 168 ocorrencias, a meirande parte das cales se atopa nos concellos lugueses de Guitiriz, Xermade e Vilalba. Neste último hai un topónimo maior *Santa Comba*, que talvez sexa o punto de partida do apelido.

Sestelos

Lugar da parroquia de Lira

Este nome de lugar contén o plural do sufixo diminutivo *-elo* (evolución da extensión latina ĒLLU, de igual valor semántico). A base, polo tanto, é *Sesto*, topónimo que adoita considerarse unha variante de *Sisto*, moi abondoso en Galicia, e que é un verdadeiro enigma para os estudosos (tamén con diminutivo: *Sistelo*).

Se lle buscamos unha filiación romance, cabería atribuírlle dúas procedencias. Unha é o antropolónimo SIXTUS, de orixe complexa: podería ser un cruce entre o *Sextus* latino, nome propio xurdido a partir dun numeral ordinal, e o grego *Xistós* (nacido dun adxectivo que significa ‘calvo’); para a outra, acódese, precisamente, ao numeral SEXTU. Nun caso, o nome de lugar aludiría a un antigo posesor e, no outro, á sexta parte en que se dividiría unha herdade (como hai *Quintas*, *Quintana* e *Quintela*, por exemplo). Con todo, non hai documentación antiga en que basear esta hipótese e, ademais está o problema de que a vogal /e/ da primeira sílaba de *Sesto(s)* e *Sestelo(s)* se articula como pechada, mentres a do ordinal *sexto* é aberta (malia que podería aducirse unha influencia da vogal /o/ final).

Porén, dado que nesta área dialectal se dá o seseo explosivo, podería buscarse outra orixe para *Sestelos*: o substantivo latino CISTA, que nos dá *cesta*. Malia non seren moi frecuentes, entre os nomes de lugar galegos atopamos formas procedentes desa base, como *Cesto*, *Cesteiros* ou *Cestaños* (xa falamos delas ao tratar do topónimo *As Estañeiras*). Delas pénsase que poderían estar motivadas por unha depresión do terreo (como na que se asenta *Sestelos*), que lembrase a forma dunha cesta, nunha asociación de ideas semellante á que se deu en topónimos como *A Cunca*, *A Cazola* ou *O Caldeirón*. De todos os xeitos, non contamos con atestacións medievais que nos permitan confirmar esta teoría; e, por outra banda, existen os topónimos *Sesto(s)* e *Sestelo(s)* en zonas dialectais onde non se verifica o seseo.

Hai tamén quen defende que *Sesto(s)* e *Sisto(s)* proveñen dun hipotético substantivo romance baseado no verbo latino SISTĒRE, ‘poñer’, ‘establecer’, que tería o sentido de ‘establecemento para o gando’. Con todo, non hai trazas na documentación, nin antiga nin moderna, de tal nome común.

Non atopamos atestacións medievais para este *Sestelos* carnotán, e non hai pegadas del ata o século XVIII, en que o detectamos na Comprobación do Catastro de Ensenada para a freguesía de Lira: nela recóllese que un home chamado Andrés do Sil posuía unha propiedade agrícola chamada *Leira de Cestelo*, onde a grafía <c> pode (ou non) ser unha hipercorrección.

En Madoz este lugar figura como *Cestellos* e, polo que toca aos nomenclátors de España do século XIX, aparece como *Cestelos* no de 1860 e no de 1880. A forma *Sestelos* entra nos nomenclátors estatais a partir de 1930.

No actual NG rexístrase outro *Sestelos* na parroquia do Río, en Vilamarín (Ourense). A forma singular dálles nome a outras quince entidades maiores, dúas delas con artigo. En canto ao seu uso como apelido, o singular *Sestelo* lévano 326 persoas,

segundo a CAG, case todas elas nos concellos do sur da provincia de Pontevedra, co de Salceda de Caselas en primeiro lugar nas porcentaxes (de feito, no municipio hai un topónimo maior *Sestelo*, moi probable orixe do apelido).

Simil

Terras da parroquia de Santa Comba de Carnota

Este microtopónimo debe ser a orixe das 44 ocorrencias como apelido (dun total de 161) que a CAG rexistra para os concellos de Muros e Carnota. Máis da metade (83) localízanse nos municipios da Pobra do Caramiñal e Boiro, onde a súa motivación debe ser tamén toponímica, aínda que, a día de hoxe, non está recollido o nome de lugar, polo menos no portal Galicia Nomeada.

Coidamos que *Simil* é a evolución dun nome de posesor de etimoloxía xermánica, quizais de SALAMIRI/SILIMIRI, documentado en Galicia, un xenitivo de *Salamirus* (ou *Silimirus*), nome composto dos lexemas góticos **sal(a)* (‘sala’, ‘patio’) e *mêreis* (‘famoso’). Outra posibilidade ofrécenola **SEMILDI*, que sería o xenitivo dun *Semildus*, nome ao que Ana Boullón lle atribúe unha posible etimoloxía xermánica e que figura no tombo do mosteiro de Sobrado. Máis remota, por non estar documentada, é a opción dun **SEGIMIRI*/**SIGIMIRI* (formado sobre as bases *sigis*, ‘vitoria’ e a citada *mêreis*).

Nun documento de 1568 conservado no AHUS, do que xa falamos ao tratar sobre *Maceiras*, dáse conta dunha serie de herdades incluídas nun foro en Santa Comba e San Mamede de Carnota, entre as cales se atopa unha chamada *Semil* (citamos por rexesto).

O Interrogatorio Xeral do Catastro de Ensenada non nos fala deste nome de lugar, pero na Comprobación da parroquia de Santa Comba de Carnota advertimos un *Alonso Semil*, propietario de varios terreos.

Como é presumible, ao tratarse do nome dunhas terras, e non dun núcleo de poboación, nin Madoz nin os nomenclátors estatais do século XIX fan mención del. Polo que se refire ao actual NG, non recolle ningunha entidade maior con este nome. Tocante á microtoponimia, o portal Galicia Nomeada non ten rexistrado ningún outro *Simil*, aínda que si un *Semil*, na parroquia de Viceso (Brión, A Coruña).

Sofán

Lugar da parroquia de Lira

Na toponimia galega só temos rexistrados dous lugares con tal nome: este de Lira e a parroquia de *San Salvador de Sofán* (Carballo, A Coruña). O portal Galicia Nomeada rexistra tamén o microtopónimo *Río de Sofán* na freguesía de Montemaior, que se atopa no concello da Laracha (A Coruña); non obstante, está relacionado co *Sofán* de Carballo, pois a devandita parroquia larachesa estrema coa carballesa. Na súa análise da toponimia maior do municipio de Carballo, Fernando Cabeza Quiles

nota que nun documento do ano 934 do *Tombo de Celanova* aparece a forma *Soffāni*, un nome persoal en caso xenitivo latino que é unha probable etimoloxía destes *Sofán*: virían dunha expresión como *VILLA SOFFANI*, en referencia a un antigo propietario. Porén, como tamén indica o estudoso, ese *SOFFANI* pediría un antropónimo **Soffanus* que non está documentado. Cómpre, pois, caracterizar *Sofán* como un topónimo de etimoloxía probablemente xermánica, pero sen ir, polo de agora, máis alá.

O primeiro testemuño do *Sofán* de Lira atopámolo no *Tombo de Toxos Outos*, nas mandas testamentarias dun home chamado Martiño Páez, que datan do 30 de xullo de 1159. Alí o lugar aparece como *Sofan*, *Soffān* e *Sufan*. Ademais, de 1399 é un documento do AHUS en que Lourenzo Afonso, testamenteiro de Pedro Eanes, de Muros, pregoa a venda dos bens que o segundo tiña en varios lugares, entre eles *Sofán*. Máis adiante, ao século XVI pertencen varios documentos conservados no AHUS que se refiren a individuos que levan o topónimo como segundo nome, como *Juan Pérez de Sofán*, que andaba en litixios cun comerciante da vila de Muros.

Nin o Catastro de Ensenada nin as súas Comprobacións dan conta deste lugar, que si ten entrada no dicionario de Madoz e tamén está rexistrado polos nomenclátors de 1860 e 1880.

Segundo os datos da CAG, *Sofán* hoxe non ten uso como apelido.

Teixoeira, A

Lugar da parroquia de Lira

No NG 2003 este topónimo aparecía sen o artigo feminino que lle corresponde, pois a xente refírese sempre ao lugar con el.

(A) *Teixoeira*, abondoso entre os nomes de lugar galegos, deriva dun latín tardío *TAXONARIA*, derivado en *-ĀRĪU/A* da voz latina *taxo*, coa que os romanos se referían ao animal de nome científico *Meles meles* e que en Galicia chamamos hoxe de varios xeitos: *teixo*, *teixugo*, *porco teixo*... Polo tanto, *A Teixoeira* é un zootopónimo paralelo a outros como *A(s) Teixugueira(s)* ou *A(s) Tanxugueira(s)*, e fálanos da antiga presenza nunha zona do animal antes amentado.

En canto ás referencias documentais ao lugar, a primeira que localizamos está no AHUS, nun foro concedido en 1663 polo señor da Serra de Outes aos labradores Francisco de Lamela e Sebastián da Rama, veciños da parroquia de Santa María de Lira, en relación cunha estivada que se atopaba na agra da *Teixeira*. Cómpre advertir aquí que citamos por rexesto e que, se a lectura fose correcta, esta forma parece máis ben un fitotopónimo, derivado do nome da árbore chamada *teixo* (< latín *TAXU*), polo que talvez a atestación comentada non faga referencia a este núcleo, senón a outro, de cuxa existencia non temos constancia.

Onde xa non hai dúbida da referencia a este lugar carnotán é na Comprobación do Catastro de Ensenada, que recolle varias propiedades situadas na *Vega da Teixueira/Teijoeira*. Máis ou menos unha centuria máis tarde, nada din Madoz nin

os nomenclátoreos do século XIX sobre este núcleo de poboación, aínda que figura xa no de 1920, onde entra, como nos posteriores de España, como *Teixueira*.

No actual NG hai ata vinte e dous topónimos maiores que inclúen esta palabra, todos nas provincias da Coruña e Lugo. Outros seis levan a variante *Teixugueira*, repartidos por Ourense e Pontevedra. Na microtoponimia do concello de Carnota atopamos, ademais, *Os Teixóns* (un en Lira e outro en Lariño) e *As Teixoeiras* (en Santa Comba de Carnota). Neste último lugar hai unha estación rupestre con varios petróglifos, que presentan diversos motivos circulares e un de tipo zoomorfo.

A CAG non presenta ningunha ocorrencia de *Teixoeira* como apelido. Hai, iso si, bastantes *Teixeira*, forma tamén toponímica, pero que, como xa comentamos, non nos fala da abundancia de teixugos, senón da planta do teixo (*Taxus baccata*).

Vadebois

Lugar da parroquia de San Mamede de Carnota

Este topónimo é un *unicum*, mais, a diferenza doutros, non resulta arduo dar coa súa orixe. O que hoxe aparece como un só termo é, en realidade un sintagma: *Va de Bois*. Os tres elementos existen na fala actual, e son de procedencia latina: *Va* (apócope de *vao*), a preposición *de* e o substantivo *bois*, plural da evolución galega de BŎVE, que na lingua latina tanto valía para referirse ao boi como á vaca.

O primeiro membro do sintagma, *Va*, procede do latín VĀDU, e é, como dicíamos, apócope de *vao*: un lugar por onde se pode atravesar un río a pé (aínda que en latín tamén podía significar, por metonimia, ‘augas’). Esas abreviacións son frecuentes na toponimia, onde atopamos, por exemplo, *Monforte* (onde *Mon-* está por *Monte*) ou *Fonfria* (con *Fon-* por *Fonte*). O citado elemento *Va* témolo en abundancia na microtoponimia do concello, onde se rexistran *Vadefoxo*, *Vadeconchido*, *Vademaceira*, *Vadocarro*, *Vadeféal* e mesmo outro *Vadebois*, na parroquia de Lira, sobre o río do Valado.



Marisma de Boca do Río,
alimentada polos ríos
Vadebois e Larada

Así, o topónimo aquí analizado designa un *vao de bois*, lugar de paso para o gando que aproveita o pouco caudal dun río. Neste caso, trátase dunha corrente de auga que nace na Fonte da Moa, no monte do Pindo, e no pasado movía trece muiños. Tras ver acrecentadas as súas augas co rego de Amil (que aproveitaban outros sete muiños) desemboca nunha marisma, en unión co río Larada, formando ao entrar no mar a paraxe natural coñecida como *Boca do Río*.

Antes do século XVIII non atopamos testemuños deste lugar carnotán, que está rexistrado polo Catastro de Ensenada e pola súa Comprobación. O primeiro fálanos dun *molino de Ba de Boys de Arriva*, mentres a segunda recolle varias propiedades no lugar, grafadas de diferentes formas: *Ba de Bois*, *Ba de Boys*, *Badebois*, *Badeboys* e *Vadeboys*.

Vadebois non aparece no dicionario de Madoz nin nos nomenclátorees estatais do século XIX, e figura por primeira vez no de 1930; tampouco ten rendemento como apelido, segundo a CAG.

Vilar de Parada

Lugar da parroquia de San Mamede de Carnota

Para *Parada*, remitimos á entrada homónima. Polo que se refire a *Vilar*, esta voz común é a evolución do latín VILLĀRE, adxectivo relativo derivado do substantivo VĪLLA, que nos deu o noso *vila*. Tanto *vilar* coma *vila* son moi abondosos na toponimia galega e na portuguesa (e tamén na catalá), igual que o son os correspondentes *villa* e *villar* no territorio do castelán.

Igual que adoita acontecer na evolución lingüística, o tempo obrou un cambio semántico, que se comprende con facilidade. Como xa explicamos nunha entrada anterior, en latín unha *villa* era un predio rural de mediano ou gran tamaño, propiedade dun terratenente, que constaba dunha vivenda principal e varias anexas. Co tempo, esas casas convertéronse en xermolos de poboacións de menor ou maior extensión. Por un proceso moi semellante, o *vilar* que naceu como adxectivo chegou a designar un grupo de edificacións que forman, polo común, un conxunto separado dentro dunha aldea.

Sen presenza coñecida na documentación medieval, encontramos *Vilar de Parada* testemuñado por primeira vez nun documento do AHUS do ano 1582: trátase do acordo de arrendamento por 31 anos dun casal, asinado por Teresa de Montenegro, viúva do señor da Serra de Outes, a favor de Pedro de Santiago e do seu fillo, veciños de San Mamede de Carnota.

No Interrogatorio Xeral do Catastro de Ensenada non se rexistra o lugar. Con todo, na Comprobación da freguesía fálanse de varias propiedades chamadas *Bilar/Vilar/Villar*, situadas na *Bega do Bilar*, e coidamos que se refire ao lugar que tratamos aquí.

Madoz recolle un *Vilar* dentro da parroquia de San Mamede de Carnota, polo que debe referirse a este núcleo, que aparece tamén nos nomenclátos decimonónicos, xa como *Vilar de Parada*.

Vilares, Os

Lugar da parroquia de San Mamede de Carnota

No NG 2003 este topónimo aparecía sen o artigo. Porén, os falantes da contorna sempre o empregan ao nomear o lugar, polo que a forma oficial pasará a ser, no novo NG, a que indicamos aquí.

Os Vilares é un plural do substantivo *vilar*, cuxa procedencia e significado acabamos de explicar na entrada anterior. O cambio de número pode xustificarse polo sentido colectivo que o plural lle dá ao topónimo, como xa vimos ao falar de *Piñeiros*.

A primeira atestación que atopamos está nun documento de 1402 do AHUS, en que unha muller chamada *Mariña de Carnota* lle vendeu a Lourenzo Afonso unhas herdades que tiña no lugar coñecido como *Os Vilares de Adraño* (os dous lugares están moi próximos). Máis tarde, no mesmo século xv, e tamén no xvi, hai varios testemuños dentro da colección citada: neles o topónimo aparece de diferentes maneiras, como *Os Vilares*, *Os Vilares de Adraño* e *Os Vilares do couto de Adraño*.

Con todo, nin o Catastro de Ensenada nin a súa Comprobación citan *Os Vilares*. Xa no século xix, o dicionario xeográfico de Madoz, ao enumerar os lugares que compoñen a freguesía de San Mamede de Carnota, rexistra un *Vilaris* (moi probable gralla). Pola súa parte, os nomenclátos estatais falan de *Vilares* desde 1860.

A microtoponimia do concello de Carnota ofrécenos outro *Os Vilares* na parroquia de Lariño, así como un *Vilar* na freguesía de Santa Comba de Carnota (co que están asociados *Os Chans de Vilar* e *A Costa de Vilar*). Este último *Vilar* tivo no pasado a consideración de núcleo maior de poboación, pois aparece no Catastro de Ensenada e na súa Comprobación, así como nos nomenclátos de 1860 (con 101 edificacións) e 1880 (con 108 construcións e 230 habitantes). Madoz, pola súa parte, tamén o menciona, aínda que de maneira errada (véxase a entrada *Santa Comba de Carnota* para máis detalles).

O actual NG reconece 34 (*Os*) *Vilares*, como topónimos maiores. Tocante ao seu uso como apelido, a CAG indica 288 ocorrencias, a maioría das cales se concentran en municipios do centro da provincia da Coruña, aínda que o concello con máis casos é o lugar de Becerreá. Con todo, hai máis rexistros de *Villares* (moitos dos cales serán consecuencia dunha castelanización): 1179, case todos contra o norte da provincia de Lugo, cos municipios de Baralla, Xermade e Vilalba á cabeza das porcentaxes. En Carnota non hai ocorrencias de *Vilares* nin de *Villares*, polo que, segundo parece, o topónimo non foi foco de apelido.

Viso, O

Lugar da parroquia de San Mamede de Carnota

Este nome de lugar, abondoso en Galicia (32 entidades maiores, segundo o NG, e moitísimos exemplos na microtoponimia) procede directamente da voz latina *vīsu*, participio do verbo *vīdere*, polo que significa ‘cousa vista’. Na toponimia adoita aparecer designando lugares elevados, que ofrecen unha panorámica clara da contorna, como é o caso deste de San Mamede de Carnota.

Na documentación medieval galega a forma *Viso* como nome de lugar está ben testemuñada, aínda que non parece haber traza do que aquí nos ocupa. Temos que agardar ata 1562, ano en que atopamos un documento do AHUS que contén un foro estendido por Cristóbal Mariño de Lobeira, señor da Serra de Outes, a nome de Pedro de Taxes, veciño de *Louredo*, tamén na freguesía de San Mamede. Este foro concedía dereitos sobre un anaco das brañas situadas nos lugares denominados *A Pera Longa* (microtopónimo conservado ata hoxe) e *O Viso*.

Do lugar non hai pegada no Catastro de Ensenada nin na súa Comprobación, e tampouco se detecta en Madoz nin nos nomenclátors do século XIX. Figura por primeira vez no nomenclátor de España de 1930, onde está como *Viso (El)*.

Xestoso

Lugar da parroquia de San Mamede de Carnota

A forma *Xestoso* está ben testemuñada na Idade Media como *Genestoso*. Polo tanto, aínda que non temos atestacións desa época para este nome de lugar carnotán, podemos estar certos de que se trata dun fitotopónimo, construído ao aplicar o sufixo abundancial latino-romance *-oso* ao substantivo do latín popular **GENESTA* (clásico *GĒNISTA*). En Galicia, a voz evolucionada *xesta* serviu para denominar diversas especies de plantas leguminosas do xénero *Sarothamnus* e outros aíns. Como estes vexetais son moi comúns no país, hai un gran número de nomes de lugar maiores e menores baseados nesa voz: *Xesta*, *Xesteira* ou *Xestedo* serven de exemplo. De feito, neste mesmo municipio contamos con dezasete microtopónimos que amosan esa base, como *A Xesteira*, *As Xesteiriñas* (San Mamede de Carnota) ou *A Cova da Xesta* (O Pindo).

Xestoso está, en realidade, dividido entre esta freguesía de San Mamede de Carnota e a de Coiro, no lindeiro concello de Mazaricos. Visto o Interrogatorio Xeral do Catastro de Ensenada destas parroquias e mais as súas Comprobacións, o lugar non aparece en ningún dos catro documentos. Con todo, si que vemos un *Jestoso* no dicionario de Madoz, que, nunha confusión debida a que o límite entre os dous municipios citados pasa polo medio do lugar, indica que o núcleo está na parroquia de *Santa María de Carnota*, nunha curiosa mestura entre Santa Comba de Carnota e a mazaricá Santa María de Coiro.

Se pasamos aos nomenclátors estatais do século XIX, hai un *Jestoso* asignado á freguesía carnotá nos de 1860 e 1880. Pero, ademais, o primeiro dos repertorios

citados recolle un *Gestoso* para a parroquia de Coiro, que no segundo figura grafado como *Jestoso*.

Xestoso aparece catorce veces no NG, nalgún caso como membro de composto ou de sintagma toponímico. Como apelido, a CAG só rexistra a forma castelaniizada *Gestoso*, cuxas 688 ocorrencias se concentran en municipios do sur da provincia da Coruña e do norte da de Pontevedra, con Vilanova de Arousa e A Estrada nos primeiros postos en canto a porcentaxes. Nin o concello de Carnota nin o de Mazaricos presentan casos, polo que o topónimo non debeu dar lugar a apelido.

Bibliografía

- Anderson, Ruth Matilda (1939). *Gallegan Provinces of Spain. Pontevedra and La Coruña*. Nova York: Hispanic Society of America.
- Bascuas, Edelmiro (1998). *Adrados y otros topónimos gallegos, derivados de lat. hedera. Veleia*. 15, 401-405. Disponible en <https://ojs.ehu.eus/index.php/Veleia/article/view/24468/21728>
- Bascuas, Edelmiro (2002). *Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega*. Verba. Anexo 51. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Bascuas, Edelmiro (2006). *Hidronimia y léxico de origen paleoeuropeo en Galicia*. Sada: Ediciós do Castro.
- Bascuas, Edelmiro (2014). *Novos estudos de hidronimia paleoeuropea galega*. Vigo: Universidade de Vigo.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (1999). *Antroponimia medieval gallega (ss. VIII-XII)*. Tübingen: Max Niemeyer.
- Búa, Carlos (2018). *Toponimia prelatina de Galicia*. Verba. Anexo 78. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Cornide, José (1991). *Descripción circunstanciada de la costa de Galicia y raya por donde confina con el inmediato reino de Portugal. Hecha en el año de 1764*. Sada: Ediciós do Castro. Edición de Xosé Luís Axeitos.
- Corominas, Joan e José Antonio Pascual (1980-1991). *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Gredos.
- García de Diego, Vicente (1970). *Gramática histórica española*. 3.^a ed. Madrid: Gredos.
- García Quintáns, Modesto e García Centeno, Nieves (2022). *O monte do Pindo ao descuberto. Rutas e lendas*. Noia: Toxosoutos.
- Iglesia Alvariño, Aquilino (2021). «*Da fonte máis fonda*». Historia do vocabulario e outros escritos sobre o idioma galego. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Edición de Rosario Álvarez e Aquilino Iglesia Ferreirós.
- López Alsina, Fernando (2013). *La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media*. 2.^a ed. Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago / Universidade de Santiago de Compostela.

- Madoz, Pascual (1986 [1864]). *Diccionario geográfico estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar: Galicia*. Santiago de Compostela: Libros Galicia. Edición facsimilar.
- Martínez Lema, Paulo (2008). *Inventario toponímico do Tombo de Toxos Outos*. Noia: Toxosoutos.
- Martínez Lema, Paulo (2010). *A toponimia das comarcas de Bergantiños, Fisterra, Soneira e Xallas na documentación do Tombo de Toxos Outos (séculos XII-XIV)*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela.
- Martínez Lema, Paulo (2018). *Toponimia de Begonte e Rábade*. A Coruña: Real Academia Galega. Dor: 10.32766/RAG.333
- Monteagudo García, Luis (1984). Etimologías de topónimos coruñeses (II). *Anuario Brigantino*. 7, 33-46.
- Moralejo Álvarez, Juan José (2007). *Callaica Nomina. Estudios de Onomástica Gallega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Moralejo Álvarez, Juan José (2010). Topónimos célticos en Galicia. *Paleohispanica*. 10 [Serta Paleohispanica in honorem Javier de Hoz], 99-112. Dor: 10.36707/palaeohispanica.v0i10.95
- Moralejo Álvarez, Juan José (2014). Onomástica gallega prerromana con base LAR-. En: Ángel Martínez Fernández, Begoña Ortega Villaro, María del Henar Velasco López e María del Henar Zamora Salamanca, eds. *Ágalma: Ofrenda desde la Filología Clásica a Manuel García Teijeiro*. Valladolid: Universidad de Valladolid, 377-383.
- Navaza, Gonzalo (2006). *Fitotoponimia galega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Palacio, Anton (1981). *Toponimia del ayuntamiento de Pantón (Lugo)*. Tese de doutoramento [inédita]. Universidade de Santiago de Compostela.
- Pereda, Felipe e Marías Franco, Fernando, eds. (2009). *El atlas del Rey Planeta. La 'descripción de España y de las costas y puertos de sus reinos' de Pedro Texeira (1634)*. 4.^a ed. San Sebastián: Nerea.
- Piel, Joseph Maria (1947). Nomes de 'possessores' latino-cristãos na toponímia asturo-galega-portuguesa. *Biblos*. 23 (1), 143-202; 23 (2), 283-407.
- Piel, Joseph (1979). Considerações gerais sobre toponímia e antroponímia galegas. *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*. 6, 5-11. <http://hdl.handle.net/10347/3556>
- Piel, Joseph (1982). Respiga de antro-toponímia galega de origem latina. *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*. 9, 125-151. <http://hdl.handle.net/10347/4964>
- Piel, Joseph (1984). Novíssimas achegas á historia da tradición antro-toponomástica mais antiga latina no noroeste galaico. *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*. 11, 5-24.
- Piel, Joseph Maria e Dieter Kremer (1976). *Hispano-gotisches Namenbuch*. Heidelberg: Carl Winter.

- Pokorny, Julius (2005). *Indogermanisches etymologisches Wörterbuch*. Berna: A. Francke.
- Rivas Quintas, Elixio (2018). *Toponimia de Marín*. Verba. Anexo 18. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Santamarina Fernández, Antón (2009). *Covelo, covela, cubelo, cubela*. Un problema gráfico e etimolóxico. En: Esther Corral Díaz, Lydia Fontoira Suris e Eduardo Moscoso Mato, eds. *A mi dizen quantos amigos ey. Homenaxe ao profesor Xosé Luís Couceiro*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, [609]-629.
- Sarmiento, Martín (1975). *Viaje a Galicia (1745)*. Pontevedra: Museo de Pontevedra. Edición e estudo de José Luis Pensado.
- Varela Sieiro, Jaime (2007). Terminoloxía toponímica relativa á arquitectura civil na documentación altomedieval de Galicia. En: Luz Méndez e Gonzalo Navaza, eds. *Actas do I Congreso de Onomástica Galega 'Frei Martín Sarmiento'*. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica, 497-512

Recursos electrónicos

- ACS = *Arquivo da Catedral de Santiago*. Santiago de Compostela: Catedral de Santiago de Compostela. Dispoñible en <https://a3w-catedralsantiago.odilo.es/portalArchivo/controladorconopac?usr=null>
- AGON = *Asociación galega de Onomástica*. Santiago de Compostela: AGON. Dispoñible en <http://ilg.usc.es/agon/>
- AHUS= *Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Dispoñible en <http://www.usc.es/gl/servizos/arquivo/index.html>
- ARG = Arquivo do Reino de Galicia. A Coruña: Xunta de Galicia. [Consulta a través de Galiciana]. Dispoñible en <https://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/gl/archives/archive-card.do?id=4>
- BDH = Biblioteca Digital Hispánica. Biblioteca Nacional de España (Ministerio de Cultura – España). <https://hispana.mcu.es/es/comunidades/registro.do?id=70>
- CAG = Boullón Agrelo, Ana I. e Sousa Fernández, Xulio, dirs. (2006-). *Cartografía dos apelidos de Galicia*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Dispoñible en <http://ilg.usc.es/cag>
- CODOLGA = López Pereira, Eduardo, dir. (2006-). *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Dispoñible en <http://corpus.cirp.es/codolga/>

- GMH = Villares, Ramón, dir. (2015 -). *Gallaecia Monumenta Histórica*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Disponible en <http://gmh.consellodacultura.gal/nc/>
- ITGM = Varela Barreiro, Xavier, dir. (2008-2018). *Inventario Toponímico da Galicia Medieval*. Santiago de Compostela: Instituto da lingua galega. Disponible en <http://ilg.usc.es/itgm/>
- NG = Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia (2003-): *Nomenclátor de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Disponible en <https://www.xunta.gal/nomenclator>
- PARES = Ministerio de Cultura y Deporte (2008-). *Portal de Archivos Españoles*. Madrid: Ministerio de Cultura y Deportes. Disponible en <http://pares.mcu.es/>
- TMILGa = Varela, Xavier, dir. (2007-). *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Disponible en <http://ilg.usc.es/tmilg/tes>

Nomenclátore

- 1864 = *Nomenclátor que comprende las poblaciones, grupos, viviendas, albergues etc. de las cuarenta y nueve provincias de España. Tomo II. Nomenclátor de la provincia de La Coruña*. Madrid: Imprenta de José M^a Ortiz.
- 1888 = *Nomenclátor de las ciudades, villas, lugares, aldeas y demás entidades de población de España en 1º de Enero de 1888 formado por la Dirección General del Instituto Geográfico y Estadístico. Cuaderno diez y seis. Provincia de La Coruña*. Madrid: Imprenta General del Instituto Geográfico y Estadístico.
- 1920 = *Nomenclátor de las ciudades, villas, lugares, aldeas y demás entidades de población de España formado por la Dirección General del Instituto Geográfico Catastral y de Estadística con referencia al 31 de diciembre de 1920*. Madrid: Talleres del Instituto Geográfico y Catastral. [1924?].
- 1930 = *Nomenclátor de las ciudades, villas, lugares, aldeas y demás entidades de población de España formado por la Dirección General del Instituto Geográfico Catastral y de Estadística con referencia al 31 de diciembre de 1930*. Madrid: Talleres del Instituto Geográfico y Catastral, 1933.
- 1940 = *Nomenclátor de las ciudades, villas, lugares, aldeas y demás entidades de población de España formado por la Dirección General del Instituto Geográfico Catastral y de Estadística con referencia al 31 de diciembre de 1940*. Madrid: Talleres del Instituto Geográfico y Catastral, [1941?].
- 1970 = *Censo de la población de España de 1970. Nomenclator de las ciudades, villas, aldeas y demás entidades de población: provincia de La Coruña*. Madrid: Instituto Nacional de Estadística (INE), 1973.

Índice xeral


Toponimia de Carnota

Introdución	3
Explicación dalgúns termos	15
Parroquias e lugares do concello de Carnota	17
Estudo dos topónimos	19
Adraño	19
Agra das Breas, A	21
Agrovello	22
Ardeleiro	23
Caldebarcos	25
Canedo	27
Capelán, A	28
Carafunchales, Os	30
Carballal, O	31
Carnota	32
Carracedo, O	35
Carreiroa	36
Castelo	37
Cornido	38
Cruces, As	39
Cubelo	40
Curra, A	42
Durán	43
Estañeiras, As	44
Fetós	45
Francelle	46
Freán de San Mamede	47
Freán de Santa Comba	47
Gándara, A	50
Gándara de Caldebarcos, A	51

Igrexa, A	52
Insua, A	52
Lagareiros	53
Lariño	54
Lariño (San Martiño)	54
Lira	56
Lira (Santa María)	56
Louredo	59
Maceiras	60
Mallou	61
Miñarzo	63
Nóutigos	65
Outeiro, O	68
Panchés	69
Parada	70
Paus	71
Pazo, O	72
Pedrafigueira	73
Pedramarrada	74
Peralbar	75
Perecha, A	76
Pindo, O	76
Pindo, O (San Clemente)	76
Piñeiros	82
Porto de Quilmas, O	83
Portocubelo	84
Quilmas	85
Rateira, A	86
Rates	87
Rego da Leña, O	88
Rego do Apio, O	89
Riazón	90
Rieiro, O	91
Rimao	92
San Cibrán	93
San Mamede de Carnota (San Mamede)	94
Santa Comba de Carnota (Santa Comba)	95
Sestelos	97

Simil	98
Sofán	98
Teixoeira, A	99
Vadebois	100
Vilar de Parada	101
Vilares, Os	102
Viso, O	103
Xestoso	103
Bibliografía	107
Recursos electrónicos	109
Nomenclátorees	110

CONCELLO DE CARNOTA



REAL
ACADEMIA
GALEGA





Sección de Lingua / Seminario de Onomástica

Caldebarcos, Lariño, Miñarzo, Noutigos, Panchés, O Pindo... a *Toponimia de Carnota* está inzada de topónimos únicos. Vinte dos 59 nomes de lugar da toponimia maior e oito da toponimia menor analizados no presente volume poden ser considerados como tal.

Alfonso Blanco Quintela, autor tamén de *Toponimia de Muros* (2023), acomete nesta nova entrega o obxectivo de ofrecer unha mostra representativa dos nomes de lugar do municipio carnotán, dos que o portal colaborativo Galicia Nomeada recolle xa máis de 3 500.



Asociación Galega de Onomástica



REAL
ACADEMIA
GALEGA



Asociación Galega
de Onomástica



Deputación
DA CORUÑA